



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 128

VIII lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 13 de marzo de 2012

Presidencia da Excma. Sra. D.^a Pilar Rojo Noguera

ORDE DO DÍA

Punto único:

Debate anual de política xeral: Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia, para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia 08/DEBA-0003 (78346)

Publicación, BOPG núm. 646, do 23.02.2012

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

Debate anual de política xeral: Comparecencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia. (Punto único da orde do día.)

Intervención do presidente da Xunta: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 3.)

Suspéndese a sesión ás once e corenta e seis minutos da mañá e retómase a sesión ás catro da tarde.

Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 22.), Sr. Vázquez Fernández (S) (Páx. 31.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 39.)

Suspéndese a sesión ás seis e vinte e dous minutos e retómase ás seis e corenta e tres minutos da tarde.

Resposta do presidente da Xunta: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 48.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios: Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 60.), Sr. Vázquez Fernández (S) (Páx. 64.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 67.)

Contrarréplica do presidente da Xunta: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 70.)

A señora presidenta comunica o prazo de presentación para as propostas de resolución, que será ata mañá, día 14, antes das nove e trinta minutos da mañá. (Páx. 77.)

Suspéndese a sesión ás nove e trece minutos da noite.

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

A señora PRESIDENTA: Bos días.

Señorías, por favor, vaian ocupando os seus escanos.

Moitas grazas aos medios.

Moitas grazas.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non se procederá á súa lectura.

Non se xustificaron inasistencias.

Entramos pois, señorías, na orde do día.

Punto único: Debate anual de política xeral

Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra para a súa intervención o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
Señora presidenta.

Señoras e señores deputados.

Autoridades presentes.

Galegas e galegos.

Comparezo neste Parlamento para abrir o debate sobre o estado da Autonomía en cumprimento da Lei reguladora da Xunta e da súa presidencia e, sobre todo, convencido, como estou, de que en días como este a Galicia democrática se fai máis forte.

Quizais alguén se pregunte se acaso é necesario robustecer un logro alcanzado hai xa máis de trinta anos. Na miña opinión é que si. A nosa autonomía é unha obra inacabada, sem-

pre incompleta. Necesita ser alimentada todos os días e o seu éxito depende de que cada xeración de galegos cumpramos coa misión do noso tempo.

O tempo deste debate sitúanos tres exercicios despois das últimas eleccións autonómicas e a un ano de prazo máximo de duración da lexislatura. Nun contexto de dificultades económicas e sociais sen precedentes para todos os que o vivimos. E no ámbito político, no inicio dunha nova etapa en España porque así o determinaron os cidadáns.

Non aspiro, señorías, a que ao longo dos días de hoxe e mañá exista plena coincidencia nas nosas reflexións. Precisamente como representantes dos galegos é normal que aquí se reflectan pensamentos diferentes, concepcións distintas do noso país e mesmo soños contrapostos. Pero si lles digo que nesta misión común que nos ten encomendado a cidadanía, este debate é unha grande oportunidade para responder a algo no que todos si concordamos: a excepcionalidade do tempo que nos tocou vivir; ao pobo galego ao que nos debemos e a toda a nación española no seu conxunto.

O “como estamos”, e eu diría que mesmo “o por que estamos como estamos”, non suscita debate entre os cidadáns. Por iso tamén aquí debería servirnosa como punto de partida para deixar de pasalo todo polo filtro partidista e entendernos e complementarnos. En definitiva, poder, todos xuntos, estar á altura das complexas circunstancias nas que debemos seguir avanzando no fortalecemento da nosa autoestima. Porque tamén hai que facelo, señorías, ás duras.

Como a inmensa maioría dos cidadáns saben, porque o sofren, España vive o maior empeoramento económico da súa historia democrática e Galicia non é allea a esta dura situación. En menos de oito anos o paro duplicouse do 10,9 a case o 23 %, e alcanzou a dramática cifra de 5 millóns de españois sen traballo. Pasamos dun práctico superávit a un déficit superior ao 8,5 que acendeu todas as alarmas da Unión. Dentro da nación, temos perdido confianza en nós mesmos; fóra somos un Estado ao que se lle mira con desasosego. E o camiño máis inmediato para percorrer antóllase certamente difícil, tendo en conta que a mesma España que medraba a un ritmo superior ao 3 % no ano 2004 afronta a perspectiva dunha nova recesión, polo menos durante todo o ano 2012.

Ante este contexto, a inmensa maioría dos españois consideraron que era preciso un cambio de políticas e de políticos en España. E así o reflectiron primeiro en Galicia en 2009, nas eleccións municipais e autonómicas en maio de 2011, e o pasado 20 de novembro, sinalando un novo Goberno en España. Manifestaron nas urnas un cambio en España sen precedentes; en todo o Estado, Comunidade por Comunidade, e case concello por concello. Un cambio político das mesmas dimensións que as reformas políticas que entenden que son precisas levar a cabo. Os cidadáns son plenamente conscientes de que este momento económico histórico require dunha histórica reacción política; e están plenamente convencidos de que hai unha saída, pero que se requirirá de esforzos e persistencia para alcanzala, sen poder permitírnos máis demora.

Tanto é así que en só dous meses, e xa desde o seu primeiro Consejo de Ministros, o novo Goberno de España –por darlles os exemplos máis significativos– tivo que abordar: unha reforma urxente de 15.000 millóns de euros para despexar o risco de intervención da economía española por parte da Unión Europea; unha reforma laboral para abrílles oportunidades aos desempregados, sen ningunha perspectiva coas políticas de emprego que estaban vixentes, que destruíron máis de 3 millóns de postos de traballo, ou unha reforma financeira que estableza un marco estable para poder devolver o créditos ás canles da economía.

O actual Goberno central tivo que renunciar ao habitual período de adaptación do que gozan os novos executivos e actuar desde o primeiro momento porque, lamentablemente, a España que iniciou este 2012 xa non conta nin con cen días de graza; esgotou os períodos de proba e esgotou as segundas oportunidades. Pero precisamente na determinación está a clave de que poidamos manter a esperanza de acabar no grupo dos que resistiron, e non no grupo dos derrotados polas dificultades. Nada ten que ver co destino, senón que depende da capacidade de iniciativa dos pobos e dos seus dirixentes. España, Galicia, nós, debemos e podemos figurar entre os territorios capaces de adaptarnos a un mundo que xa non é como o de antes. Se o fixemos noutras encrucilladas históricas, tamén temos capacidade para facelo agora.

Señorías, o país que hoxe vivimos forxouse na adversidade. Nun momento de extraordinarias dificultades como o da transición, rexurdiu dende as brumas da súa propia historia

para converterse nunha democracia moderna e eficaz. Agora que os pobos, máis que nunca, precisamos de referentes, cómpre preguntarnos como foi posible. Na miña opinión soamente pode explicarse co factor humano.

Os proxectos que se puxeron en marcha, as normas de convivencia que se ditaron, as institucións que se crearon non foron froito da casualidade. Aloumiñáronas mulleres e homes sabedores da súa responsabilidade histórica. Mulleres e homes de carne e óso, mulleres e homes do seu tempo, tamén galegas e galegos coma nós. Permítanme que recorde a unha das persoas que tivo daquela un papel protagonista. Recordarase en España sempre polas súas achegas durante unha época complexa; pola redacción da que hoxe é a nosa principal carta de convivencia, a Constitución; por garantir a alternancia política coa fundación dun dos grandes partidos estatais. Pero ademais para Galicia foi, é e será sempre un referente como galego. Falo dun deputado desta Cámara, falo do presidente Fraga. (Aplausos.)

Señorías, a grandeza do presidente Fraga faise aínda máis evidente imaxinando o que tería sido Galicia sen a súa decisiva contribución a este pobo, sen o seu alento a todo tipo de propostas, sen a súa presenza en innumerables proxectos, sen a enorme forza que atesouraba. ¿Como sería esa Galicia? Unha Galicia inxustamente menos completa e moito menos transcendente. Poderíase dicir que o presidente Fraga, como o sabio que pedía un punto de apoio para mover o mundo, atopouno para mover Galicia. Encontrou nos galegos a enerxía precisa para superar as inercias e iniciar camiños novos que hoxe seguen abertos. En cada un deles está presente o fondo humanismo que nace da apaixonada identificación que tiña coa súa xente. Porque o presidente Fraga escoita o seu pobo, enténdeo, e o pobo fala. Fala a través dos avances e dun progreso evidente. Fala a través do levantamento dunha Autonomía do benestar sen precedentes. Fala a través da súa contribución ao proxecto común español. Por iso, o seu recordo está presente en todos os recunchos de Galicia, pero tamén vive nos sentimentos de tantas galegas e galegos, de varias xeracións, que gañamos con el grandes doses de autoestima. Porque a través do presidente Fraga Galicia falou e Galicia sempre foi escoitada. (Aplausos.)

Pois ben, señorías, Galicia volve falar e Galicia volve ser escoitada. A nosa Comunidade ten saído do anecdotario da política nacional e, tres anos despois, está recuperando o seu

lugar e a súa transcendencia en España. Galicia está volven-
do ser un referente de sentido común, de sentido común na
xestión do estado das autonomías, e de sentido común parti-
cipando activamente na construción do proxecto que com-
partimos co resto dos españois. Galicia volve ser escoitada
en España e é escoitada polo que di e tamén é escoitada polo
que fai.

Porque, señorías, cando a maior parte da nación non o con-
cibía, Galicia considerou necesario adoptar un patrón de
conduta ética e económica chamado austeridade. O mesmo
ocorreu co déficit público; mentres en España, empezando
polo Goberno central, se disparaba o gasto sen control, Gali-
cia xa se preocupaba de equilibrar as súas contas e alertaba
da necesidade de facelo. Galicia estivo comprometida coa
disciplina orzamentaria. Aplicámola dende o primeiro día e
hai un ano, neste mesmo debate, plantexamos regulala por
lei; o que máis tarde foi motivo dunha reforma constitu-
cional pactada entre os grandes partidos do arco español.
Defendemos que era preciso non gastar máis do que se tiña
e, primeiro, pagar o que se debía. Entendemos que os
emprendedores non podían ter na administración un proble-
ma engadido e, por iso, priorizamos o pago aos nosos pro-
vedores en forma e prazo. Ou Galicia, señorías, foi tamén
precursora da necesidade de revisar procedementos consoli-
dados de xestión para acadar maiores eficiencias.

Galicia falou a través das súas políticas e a mostra de que foi
escoitada é que agora todas as administracións, como tamén
indica Europa, as consideran imprescindibles para a súa
recuperación económica. (Aplausos.)

Señorías, co mesmo sentido común, con responsabilidade, o
Goberno galego ten falado e ten dito ao longo destes tres
anos; pero noutras ocasións non se nos quixo nin sequera
escoitar.

Dixemos, antes que ninguén, que era preciso aprazar a dez
anos a débeda derivada das malas previsións económicas do
ano 2008 –o ano de eleccións xerais– e do ano 2009 –ano de
eleccións autonómicas– porque condicionaban en exceso a
capacidade financeira das autonomías.

Dixemos, a través dun catálogo de fármacos, que era preci-
so unha nova política farmacéutica, que no caso de Galicia
consome arredor de 1.000 millóns de euros e supón máis do

10 % dos orzamentos autonómicos, e avanzar na eficiencia
sen que se resistira a prestación farmacéutica.

Dixemos, a través dunha lei, que era precisa unha maior pro-
fesionalización nas entidades de aforro e solicitamos ao
órgano competente unha revisión das retribucións que perci-
bían os seus directivos.

Dixemos que, en lugar de promesas incumpridas e avances
deixados a deber, era preciso contar cun AVE real e correc-
tamente financiado, con prazos temporais e económicos cer-
tos.

Dixemos que era preciso non deixar agrandar, con inacción,
o problema de que na ría de Ferrol os estaleiros públicos
leven seis anos sen recibir novos pedidos.

Dixemos que era preciso arbitrar un novo sistema fiscal que
compensara a difícil situación na que quedou o sector naval
tras a suspensión do tax lease por parte de Bruxelas hai case
xa un ano.

Dixemos que era preciso profundar no autogoberno de Gali-
cia e crear un marco estable que nos permita non soamente
acordar o traspaso de novas competencias, senón tamén
avanzar na mellora das competencias que xa temos adqui-
rido.

Dixemos, pero houbo un Goberno de España que non quixo
escoitar e incluso contestou –como dixen– con recursos e
con paralizacións. Non era consciente este Goberno central
de que Galicia estaba a falar con lealdade a través do seu
lexítimo goberno; e Galicia volveu falar, esta vez a través
das urnas. E agora si, en todo isto, estamos avanzando para
obter as respostas que precisamos e que merecemos. (Aplau-
sos.)

Señorías, hai un compromiso explícito e reiterado publica-
mente do ministro de Hacienda de aprazar a dez anos o pago
de débeda autonómica, tal e como pedía Galicia.

O Ministerio de Sanidad tenme comunicado que o Goberno
ten previsto retirar o recurso que antepuxeron os seus ante-
cesores contra o catálogo priorizado de fármacos da Xunta,
posto que non había ningunha razón, nin económica nin
sanitaria, para que se mantivera tal recurso.

Tense desbloqueado a paralización do autogoberno, e o Ministerio de Interior xa me comunicou oficialmente que reforzará a Policía Autonómica con máis de 150 novos axentes. Por primeira vez nos últimos anos podemos completar a Policía Autonómica e reforzar as súas tarefas, por exemplo, contra os incendiarios ou contra o furtivismo.

Os ministerios de Industria e Hacienda teñen presentado en Bruxelas unha alternativa á retirada do tax lease, de acordo coa Xunta e de acordo co sector naval galego.

No meu recente encontro coa vicepresidenta do Goberno puidemos traballar no ámbito das infraestruturas e, por suposto, no ámbito do sector naval, do sector eólico, do sector financeiro; aos que me referirei polo miúdo nesta intervención.

E xa lles anuncio que este mesmo xoves me reunirei co presidente do Goberno de España, Mariano Rajoy, para continuar avanzando nas prioridades de Galicia que, agora si, son tamén as prioridades do Goberno de España e que agardamos que poidan ser abordadas como tal. (Aplausos.)

Urxe abrir unha nova etapa na relación entre o Goberno central e as autonomías. Unha nova etapa na que se pase da tensión sistemática á cooperación ordinaria. As autonomías temos o dereito e o deber de participar na definición das políticas do Estado e as medidas debemos adoptalas a través dun amplo e maioritario consenso. A nosa disposición por retomar e avanzar nunha España cooperativa é completa. Recoñezo que este é un xeneroso ofrecemento. Seguramente algúns de vostedes pensarán ou dirán que xorde porque agora comparto partido político cos membros do novo Executivo central. Trabúcanse. É exactamente, e coas mesmas verbas, a proposta que fixen no debate do estado da Autonomía hai un ano nesta Cámara, cando en España gobernaba o Partido Socialista.

Señorías, Galicia está recuperando o seu prestixio, o seu protagonismo, a súa transcendencia e o lugar que lle corresponde en España; e isto sitúanos nunha posición de vantaxe. Este Parlamento é testemuña de como dende a oposición se advertía de que a opción do Partido Popular nas eleccións xerais supoñía avalar e incluso estender a España a xestión da Xunta de Galicia. O resultado en Galicia e en España foi claro: os cidadáns apoian as nosas políticas de responsabili-

dade. ¿Pero significa que con esta vantaxe e o apoio popular no Goberno galego nos conformamos ou nos damos por satisfeitos? En absoluto.

Eu non estou aquí para dicir que en Galicia non hai problemas, nin moito menos. Hainos; demasiados. Hainos porque os hai en toda España e asegúrolles que conforman todas as miñas preocupacións e ocupan toda a miña atención e toda a miña disposición. Négame con rotundidade a reproducir na nosa terra a cegueira política que nos trouxo ata aquí. Hai problemas. Pero o que si podo dicir é que, dende hai tres anos, a Xunta de Galicia só está centrada nas solucións. (Aplausos.)

Estar centrado nas solucións é o mínimo que se pode esperar dun Goberno, alegaría calquera cidadán; e con toda razón. Pero a maioría dos galegos saben que ese mínimo esixible aos seus dirixentes non sempre estivo garantido; agora si. Agora si hai un Goberno unido e non en división e disputa; agora si hai un Goberno austero e non protagonista dunha mala administración; agora hai un goberno que planifica en lugar de caer en improvisacións e contradicións; agora hai un Goberno que xestiona con eficiencia os recursos públicos, e non que substitúe a ausencia do deber de administración polo gasto pouco controlado. Agora si, agora si hai un Goberno sumamente centrado nos problemas da xente, e non despistado polos seus propios problemas.

En definitiva, señorías, Galicia ten agora un Goberno responsable e con plenas garantías de responsabilidade; un Goberno responsable coa garantía de que di a verdade en lugar de tratar de ocultala; un Goberno responsable coa garantía de que xestiona a realidade en lugar de tentar disimularla, e un Goberno responsable coa garantía de que no centro da súa acción política están as persoas e non o Goberno en si mesmo.

A verdade é a primeira obriga dun Goberno, é o primeiro dereito dun cidadán. Coa verdade por diante estou convencido de que a situación do noso país sería hoxe radicalmente distinta e teríamos empregado todos os nosos recursos e instrumentos en contra dos efectos da crise; coa verdade por diante teríamos controlado o déficit público sen chegar ás cifras alarmantes dos nosos días; coa verdade por diante, en lugar de deixar que a economía se resentira tanto, teríamos acometido de forma gradual as reformas necesarias. E

mesmo en Galicia, coa verdade por diante, no seu momento, teríamos aprobado uns orzamentos certos, sen falsos incrementos en crise, que non terían lastrado as contas dos exercicios posteriores.

Por iso, señorías, en lugar de seguir facéndolle ese fraco favor á nosa terra, a Xunta actual ten ido dende o primeiro momento coa verdade por diante. A verdade de que vivimos unha situación moi difícil, na que o principal problema que temos que afrontar é o que sofren os 274.675 galegos e galegas que están no paro; a verdade de que Galicia se ve afectada por unha dependencia en exceso dun mercado nacional en recesión, no que os nosos principais compradores, o resto de España, teñen diminuído a súa capacidade adquisitiva; a verdade de que hai sectores produtivos que están a enfrontarse a dificultades como ás que nunca antes tiveron que facer fronte; a verdade de que non partimos de cero, senón de negativos; posto que arrastramos buratos económicos derivados da irrealidade contable, e a verdade de que España vai sufrir este ano 2012 unha recaída económica que nos vai situar nunha nova recesión; lonxe do crecemento positivo do 2,3 % que nos transmitiu a todos os españois, hai apenas uns meses, o Goberno anterior.

Iso, señorías, iso é xustamente non dicir a verdade. A verdade complexa, difícil, dura; pero a verdade imprescindible no camiño de restablecer a confianza que precisamos para transformar, precisamente, esa verdade nunha maior esperanza para os cidadáns. (Aplausos.)

Señorías, recoñecer a situación verdadeira leva implícita a necesidade de abordar a xestión pública dende o pleno realismo. E somos conscientes de que o actual Goberno ten que enfrontarse a máis problemas que nunca e a menos recursos que nunca. Estamos nun escenario no que os presupostos autonómicos de Galicia para o ano 2012 nos retrotraen aos niveis de ingresos do ano 2005, cos que debemos, sen embargo, pagar a máis empregados públicos que entón, arredor de 500 millóns de euros cada ano en nóminas –incrementamos o gasto dende o ano 2005 ao ano 2009–; prestar máis servizos públicos, por suposto, que daquela, ou rematar e manter as infraestruturas que se foron sumando ao patrimonio público nos últimos sete anos.

Unha marxe de manobra –como vostedes poden comprobar– estreita, que ademais se ve empeorada dende tres pun-

tos de vista: o primeiro, cun lastre arrastrado do pasado. Refírome á débeda de máis de 2.300 millóns de euros que temos que devolver como consecuencia das malas previsións económicas do Goberno central e do bipartito nos anos 2008 e 2009. En segundo lugar, cunha ameaza de futuro. A relativa ao novo escenario orzamentario que se abrirá na Unión Europea a partir do ano 2013, cando Galicia deixará de ser obxectivo de converxencia. E a terceira dificultade é un obstáculo no presente. Falo do modelo de financiamento que xa era malo para Galicia na súa concepción, pero que aínda foi peor na súa aplicación, posto que nos privou de 805 millóns de euros que nos correspondían no ano 2011.

Ante isto, señorías, tiñamos dúas posibilidades: a primeira era imitar o comportamento doutras administracións e seguir movéndonos na irrealidade. Pero preferimos apostar pola segunda, que é a de tentar racionalizar, dende o sentido común e a responsabilidade, esa dura realidade.

Como xa teño dito, temos acadado o aprazamento a dez anos no pagamento da débeda herdada.

A nosa persistencia ante as institucións comunitarias e a axuda do Goberno central ten contribuído a que a Comisión Europea sexa receptiva á proposta dunha aterraxe suave de fondos comunitarios para as comunidades que deixamos de ser obxectivo 1 na Unión.

E no referente ao financiamento autonómico quero transmitirles que: en primeiro lugar, manteremos o recurso de inconstitucionalidade, polo que entendemos que foi por parte do anterior Goberno de España un incumprimento flagrante dos seus compromisos co estado das autonomías. E, en segundo lugar, que ao igual que obtivemos un aprazamento no pago da débeda autonómica, ao igual que encamiñamos que Galicia poida seguir a percibir fondos da Unión a partir do ano 2013, non imos descansar ata acadar un novo modelo de financiamento autonómico axeitado, xusto e certo. (Aplausos.)

Señorías, axeitado para afrontar o pago das prestacións públicas esenciais; xusto con todos os cidadáns de todos os territorios, tendo en conta na xusta medida factores obxectivos como a dispersión e o envellecemento da poboación, e certo, é dicir, que se cumpra.

Señorías, son plenamente consciente de que a verdade e a realidade poden supoñer un motivo de abatemento para moitos galegos e galegas. Tampouco é sinxelo para un Goberno ter que dicila con toda a súa crueza e moito menos xestionala co acerto que se precisa. Pero dende esa mesma fidelidade á verdade e á realidade –que é a lealdade que lles debo aos cidadáns–, tamén lles podo dicir que, no custoso camiño cara á recuperación, Galicia ten logrado situarse nunha posición máis avantaxada que o conxunto de España.

E esta é unha verdade e unha realidade constatable dende dúas perspectivas: a primeira, a que nos sitúa na maior parte dos indicadores económicos, non nunha boa situación –por suposto–, pero si nunha mellor posición que o Estado e que a maioría das comunidades autónomas. E a segunda perspectiva, a posición á que chegamos a través da anticipación política de Galicia durante estes tres últimos anos.

Respecto aos indicadores económicos, Galicia mantén a súa taxa de paro en parámetros inferiores ao resto de España. Segue estando en 4,6 puntos por debaixo do nivel de desemprego en España –Galicia o 18,3 %, fronte a case o 23 % en España–; e sitúase, por suposto, moi lonxe do máis do 30 % de paro de comunidades autónomas como Andalucía ou Canarias, do 25 % de paro como Extremadura ou Murcia, do 24 % de paro como Valencia ou mesmo por debaixo da rica Cataluña.

O mesmo ocorre coa taxa de paro xuvenil, onde Galicia mantén un diferencial de 10 puntos por debaixo da media de España; ou coa taxa do paro feminino que ten un diferencial de 4,2 puntos –19 fronte ao 23,3 %–, aínda que segue sendo preciso avanzar, por suposto, na igualdade, na igualdade real, na igualdade efectiva como faremos co Plan de igualdade que anunciei a semana pasada no Parlamento. (Aplausos.)

Esta situación tamén se repite no caso do emprego industrial, o número de postos de traballo que se crearon é un 2,3 % máis que no ano 2010. En España, polo contrario, a tendencia no ano 2011 foi negativa, xa que o emprego industrial caeu máis de 2 puntos e destruíronse no sector industrial máis de 55.000 empregos.

E o mesmo ocorre coas exportacións, que alcanzaron en 2011 o seu máximo histórico, o crecemento –do 17,6 %–

tamén é superior ao de España. Ademais, o saldo comercial –3.500 millóns de euros positivos– tamén é o mellor saldo comercial e dobra o saldo comercial de 2010. España, porén, mantén un déficit comercial negativo de máis de 46.338 millóns de euros no ano 2011. (Aplausos.) Somos a segunda comunidade autónoma con mellor saldo de exportacións.

Pero dicíalles que Galicia está nunha mellor posición tamén por un segundo motivo: porque se adiantou ao que hoxe é unha esixencia para todos e que xa é asumido, tamén por todos, como esixencias imprescindibles. Señorías, dixen en varias ocasións que unha parte importante do que nos pasa está directamente relacionada con non ter tomado decisións a tempo. Dende que os galegos me concederon a honra de ser presidente da Xunta, tratei de confinar a inercia que simplemente acepta os cambios e apostar pola planificación, que consiste en provocalos. Creo que, neste sentido, Galicia ten dado nos últimos anos varios exemplos, iniciados con acerto na nosa terra, son xa asumidos como directrices de recuperación nacional. (Aplausos.)

Señorías, Galicia anticipouse en austeridade e puxo en práctica que as administracións gastamos o mínimo posible en nós mesmas e o máximo posible nos cidadáns. E hoxe, cando no resto de España aínda se está comezando este proceso, Galicia xa o ten consolidado. Por poñerlles algúns exemplos: temos o Goberno máis reducido de todas as nacionalidades históricas e un 40 % máis reducido que o goberno bipartito; reducimos a metade de altos cargos na administración; reducimos nun 90 % a estrutura periférica –recordarán que pasamos de 52 delegados a 5–; reducimos un 30 % o custo en asesores; un terzo menos en gastos de publicidade, ou un parque móbil máis racional, que ao final da lexislatura terá sido 6 millóns de euros menos custoso porque estará conformado por un 90 % menos de coches oficiais que na lexislatura pasada.

Galicia anticipouse tamén na racionalización da administración paralela. Negámonos a que o paso do tempo levara consigo a inercia de que se fora incrementando de xeito exponencial como sucedera ata o ano 2009. E hoxe, cando o novo Goberno de España está comezando a estudar as posibilidades de aforro neste ámbito, a Xunta xa ten practicamente completado o seu Plan de redución de entes públicos. A primeira fase, que permitiu extinguir ou reformular 48 entes de 64 analizados. E a segunda fase, en marcha, que permitirá

eliminar ou reformar 25 dos restantes 55 entes. En total, teremos reducido un 50 % da administración paralela, acaando un aforro de 25 millóns de euros cada ano, é dicir, 100 millóns de euros nunha lexislatura, cantidade esta, a dos 100 millóns de euros, equivalente ao presuposto de 60 concellos galegos cunha poboación de 2.000 habitantes.

Galicia anticipouse no ámbito da disciplina presupostaria. E hoxe, mentres outras autonomías e o propio Goberno central vense obrigados a tomar drásticas medidas para controlar un déficit absolutamente disparado, Galicia volveu ser en 2011 —como o foi no ano 2009 e no ano 2010— a única comunidade, xunto con Madrid, con solvencia acreditada.

Solvencia acreditada polos datos: Galicia ten case a metade do déficit público que todas as autonomías. Galicia ten cinco veces menos déficit público que o Reino de España. E, Galicia ten a metade do déficit público que os países da zona euro.

Solvencia acreditada por unha conduta que transformamos en norma para que ningún Goberno galego volva gastar por riba das súas posibilidades. Somos a primeira e única autonomía, polo momento, cunha lei de disciplina orzamentaria probada e en vigor.

E solvencia non só acreditada polos datos e polas normas, senón tamén polos provedores; posto que non hai Administración autonómica que pague actualmente as súas facturas nun período máis reducido que o que emprega a Xunta de Galicia. Fixémolo ata agora, elevando ao 92,9 % a porcentaxe de pagamentos das obrigas recoñecidas, case 6 puntos máis que a media das comunidades autónomas de España. E seguímolo facendo neste 2012, abonando máis de 1.500 millóns de euros nos meses de xaneiro e febreiro, e inxectando máis de 250 millóns de euros neste mes de marzo para cumprir a finais deste mes que o tempo medio de pagamento volva a ser 45 días, tal e como comprometemos. Pagar en prazo é unha prioridade que establecemos dende o primeiro día, e é unha prioridade que manteremos ata o último día.

Galicia anticipouse. Galicia tamén se anticipou na maior eficiencia na xestión. E hoxe, cando o resto de España comeza a decatarse de que hai unha enorme marxe de mellora na xestión diaria das administracións, en Galicia podemos dicir que xa profundamos nela en gran medida. Fixémolo ao eli-

minar a edición en papel do *Diario Oficial de Galicia*, cun aforro superior a un millón de euros; fixémolo ao integrar nun único número os servizos telefónicos da Xunta de Galicia, cun aforro superior a 1,5 millóns de euros; fixémolo ao poñer en marcha un Plan de aforro enerxético da Xunta, cun aforro anual de 10 millóns de euros.

Fixémolo en todos os ámbitos da xestión, pero quizais un dos exemplos máis ilustrativos é o aforro farmacéutico. Mentres que na anterior lexislatura se rexistraba un crecemento anual acumulado entre un 6 e un 7 %, en 2010 reducimos esta porcentaxe a medio punto e en 2011, xa co catálogo en vigor, fomos a Comunidade que máis aforro farmacéutico rexistrou cunha porcentaxe de baixada dun 11 %, é dicir, un aforro superior a 100 millóns de euros anuais; o que é o mesmo: un aforro igual a 300.000 euros diarios. (Aplausos.)

Señorías, compartirán comigo que todas estas medidas de austeridade, de racionalización, de disciplina orzamentaria e de eficiencia son decisións nas que aqueles gobernos que nos veñan suceder, tentarán seguir profundando; pero xa ninguén volverá atreverse a desandar este camiño, nin os cidadáns llo permitirían. Probablemente, e con razón, o que fagan os cidadáns é preguntarse que, por máis que Galicia se teña anticipado, porque non o fixo antes. Como político cústame responder a esta pregunta. Como presidente si podo dicir que estamos a tomar medidas de sentido común dende o primeiro día e que imos seguir facéndoo día a día, cada un dos días que nos restan de lexislatura.

Empezamos hai tres anos e xa lles anuncio que seguiremos. Seguiremos situando a Galicia por diante para poder contribuír dende a mellor posición posible, á solución dos graves problemas que sofren os cidadáns do noso país. Sen ningunha clase de triunfalismo —porque non está a situación para ningún tipo de celebración— pero con todo o realismo, Galicia está nunha posición máis avantaxada porque tomou antes e gradualmente medidas para adaptarse ás novas circunstancias. E seguirá. Seguirá presentando mellores indicadores e perspectivas e seguirá anticipándose e aplicando medidas baseadas no sentido común e na responsabilidade. Así, neste ano 2012, a taxa de paro en Galicia manterase por debaixo da media nacional, por máis que as perspectivas estatais non sexan boas e a marxe de potencial empeoramento sexa máis ampla nas comunidades que bordean a saturación dos niveis de desemprego.

Galicia seguirá, neste ano 2012, sendo unha das comunidades autónomas máis solventes e seguirá tendo un dos déficits máis baixos do Estado, cumprindo por cuarto ano consecutivo os obxectivos pactados. Galicia volve ter para este 2012 unhas previsións de evolución do PIB menos negativas que as do resto de España, aínda que loxicamente a recesión da economía nacional afectará sen dúbida ás nosas posibilidades de crecemento económico. E Galicia non terá que facer novos axustes no ano 2012 porque será a Comunidade de toda España na que menor impacto terá sobre as súas contas a corrección de 26.500 millóns de euros que o Goberno ha de facer nos presupostos do Estado, polo déficit oculto herdado do Goberno anterior. (Aplausos.)

Previsións que son froito da responsabilidade. A mesma responsabilidade que nos levou a adoptar decisións como a modificación temporal das condicións laborais de empregados públicos establecidas noutros momentos económicos diferentes aos de agora, porque a Facenda pública precisaba do esforzo daqueles que teñen certezas laborais; pero tamén a mesma responsabilidade pola que esas medidas temporais teñan sido en Galicia dunha intensidade nunca maior e tamén máis leve que no resto das comunidades autónomas e que na propia Administración central do Estado.

Porque a Xunta de Galicia, xa lles digo, hai cousas que non fixo nin vai facer: non limitou a baixa dos traballadores aos niveis que a reduciu o Goberno de Euskadi; non tivo que facer unha auditoría para comprobar se é necesario un ERE na administración como está facendo Extremadura; non reduciu o salario dos empregados públicos como si ten ocorrido en Castela-A Mancha e Valencia, e onte mesmo outra vez anunciada a segunda rebaixa dos empregados públicos nas súas retribucións en Cataluña; nin vai volver reducir o seu salario como si fixo o anterior Goberno socialista, en máis dun 5 %, a todos os empregados e para sempre. A Xunta non reducirá os soldos dos seus 90.000 empregados públicos. Non o fixemos nós e non o faremos. (Aplausos.)

O que si temos feito e non o ten feito ningunha comunidade –agás Extremadura– nin o Estado é suspender a percepción do complemento de destino dos ex altos cargos. É certo que se ten dito moito sobre a xustiza ou non deste complemento que dende hai lustros se vén percibindo na Administración central e na inmensa maioría das comunidades autónomas. É certo que os tres grupos desta Cámara apoiamos a súa

implantación no seu momento. É certo que despois de aprobarse os tres grupos manifestamos que non debíamos mantelo. Pero tamén é certo, e é unha realidade constatable, que o plus de altos cargos se implantou co anterior Goberno e con este Goberno se suspendeu.

Señorías, Galicia é unha comunidade cunhas contas estables e cunhas contas controladas. Galicia ten unha taxa de paro de 4,6 puntos por debaixo da media nacional, presenta mellores perspectivas na evolución da súa economía e paga aos seus provedores no menor prazo de todo o Estado. Ese é o resultado da anticipación e a responsabilidade, pero non nos confundamos. Nin aceptamos a situación que viven as galegas e os galegos nin, por moito que a situación de Galicia sexa mellor que a do conxunto de España, nin nos consola nin nos conforma; por iso seguiremos.

Seguirémonos anticipando e seguiremos polo camiño do sentido común; o camiño da austeridade, a racionalidade, da disciplina contable e da eficiencia. Así xa lles avanzo: no ámbito municipal xa acordamos coa Fegamp presentar neste semestre unha táboa racional e proporcional de retribucións e custos de corporacións locais, en función de criterios obxectivos. E no ámbito autonómico, neste mesmo mes, iniciaremos os trámites para rebaixar o soldo dos directivos do sector público, homologándoo ao que perciban os cargos directivos das consellerías da Xunta. Tamén se establecerá que os membros dos consellos de administración non inclúan maiores remuneracións que as dun director xeral.

E continuaremos. E, por iso, nas vindeiras semanas iniciaremos os contactos cos grupos parlamentarios, cos axentes sociais e cos axentes empresariais para facerlles unha tripla proposta: A supresión de todos os vicevaledores da institución autonómica do Valedor do Pobo; a supresión do Consello Económico e Social e a súa fusión co Consello de Relacións Laborais e a fusión do Tribunal de Defensa da Competencia co Instituto Galego de Consumo. En definitiva, seguir avanzando no camiño da maior racionalización posible. (Aplausos.)

Señorías, dado que estas propostas requiren o consenso da Cámara, solicitaréi formalmente a esta Cámara o consenso para a supresión do Tribunal de Defensa da Competencia e a súa fusión co Instituto Galgo de Consumo; solicitaréi o respaldo desta Cámara para a fusión do Consello Económico e

Social e o Consello de Relacións Laborais e solicitaréi, tamén, a autorización desta Cámara para a supresión de todos os vicevaldores da figura estatutaria Valedor do Pobo.

Estes tempos precisan dun esforzo conxuntural, pero tamén dun esforzo estrutural, porque hai configuracións que non podemos nin debemos, nin durante nin despois, manter tal e como estaban antes desta crise.

¿Significa isto que temos que renunciar aos nosos logros colectivos? En absoluto. Vexo compatible manter e mesmo mellorar as nosas principais conquistas sociais con introducir cambios en todos os ámbitos da xestión. Non é unha reflexión lanzada ao aire, senón baseada na experiencia destes tres anos, nos que, pese as dificultades, seguimos dando resposta ao centro das nosas políticas, que non son máis que as galegas e os galegos. Non en van, nunha lexislatura como esta na que temos menos recursos que nunca e máis problemas que nunca, Galicia ten acadado incrementar as prestacións sociais que reciben os seus cidadáns.

Ante a situación de tal complexidade como a que vivimos, xorde unha pregunta ¿é posible con menos orzamentos ser equilibrado e rigoroso no gasto e manter as prestacións sociais esenciais? Rotundamente si; non é sinxelo, pero rotundamente si. (Aplausos.)

Señorías, remítome aos datos: máis maiores que teñen agora acceso a unha praza pública de residencia, máis de 2.700; máis cidadáns con discapacidade que teñen agora acceso a unha praza pública, máis de 600; máis rapaces que teñen acceso agora a novas prazas públicas de escola infantil, máis de 2.100. En definitiva, máis de 5.500 novas prazas dos servizos sociais, un 25 % máis que as creadas no Goberno anterior en toda a lexislatura. (Aplausos.) Señorías, máis dependentes atendidos, tres veces máis, grazas a un incremento do orzamento dun 99 % con fondos da Xunta de Galicia; máis alumnos con ordenador no ensino público, máis de 31.500 nas escolas públicas; máis alumnos con inglés no ensino público, máis de 41.000 que agora reciben formación plurilingüe en inglés, na lingua propia e en español; máis estabilidade financeira para as universidades, a través dun Plan de financiamento universitario que no ano 2011 lle garantiu un peso nas contas públicas superior ao 11 % dos presupostos da Universidade nas contas do ano 2008; máis matriculados en formación profesional, case 10.000 máis, cun novo decreto que mellora a coordinación

entre os estudos de FP e as necesidades do mercado laboral; máis cidadáns con acceso a novos centros de saúde público, 29 ambulatorios de nova construción ou en reforma; máis axudas a mulleres maltratadas por violencia de xénero, un 13% máis que no ano 2011; máis inclusión social, como demostra o incremento da Risga nun 11 %; máis dereitos para os nosos emigrantes, hoxe os residentes do exterior poden obter unha tarxeta sanitaria e máis pensionistas, e máis pensións non contributivas, xa que 46.000 pensionistas perciben hoxe un complemento autonómico que é un 3 % superior ao que percibían no ano 2009. Todo isto demostra que con menos orzamento, xestionando mellor é posible manter e incrementar as prestacións sociais esenciais. (Aplausos.)

E por iso, señorías, insisto, rotundamente si, Galicia pode testemuñalo: equilibrio e rigor nas contas e máis cidadáns con accións a prestacións públicas esenciais. Señorías, máis sanidade pública, máis educación pública e máis servizos sociais públicos non é posible acadalo se nos despreocupamos do custo que supoñen; non é posible acadalo si sumamos novos compromisos de gasto sen pararse a pensar primeiro como pagar os que xa temos adquirido; non é posible acadalo se nos desentendemos da súa viabilidade futura e de se a herdanza que deixamos aos que nos han de suceder é asumible.

Pero si é posible, rotundamente si é posible, se entendemos que o que non é posible é unha boa política social sen unha boa política económica; se entendemos que as prestacións sociais non se poden fundamentar unicamente sobre boas intencións, senón que é preciso tamén facelo sobre bos cadros económicos; se entendemos que gobernar esixe a obriga de establecer prioridades, antepoñendo sempre o esencial e antepoñendo sempre tamén as persoas que máis precisan o apoio das institucións; se entendemos que unhas contas públicas saneadas permiten soportar mellor os compromisos de gasto que unhas contas públicas irreais e viciadas; se entendemos que a nosa obriga é asegurarnos da viabilidade futura do que comprometemos e para iso son precisas reformas responsables ou si entendemos que se chegamos a esta situación de tanta dificultade é tamén porque dentro das propias administracións había marxe de mellora e de eficiencia na xestión dos seus recursos.

Basta, señorías, con botar unha rápida ollada ao balance de cada departamento para darnos conta de que esta marxe de

eficiencia na Administración autonómica era posible. Un dos exemplos máis claros explícanse repasando o abano de fusións internas que se teñen abordado no seu da propia Administración autonómica: unificamos nun único ente os tres departamentos que se encargan de xestionar as infraestruturas viarias; unificamos en dous departamentos a auga; unificamos en tres os tres departamentos de asesoramento en urbanismo e protección da paisaxe; unificamos os catro departamentos de turismo; unificamos os dous departamentos de igualdade; unificamos os oitenta e seis departamentos tecnolóxicos da Xunta e estamos unificando nunha única empresa pública as catro empresas públicas Xestures que existían ata o de agora.

Gustárame neste punto facer unha énfase especial na idea de que ningún ámbito é alleo a necesidade dunha xestión máis eficiente; tampouco o das prestacións públicas. Permítame algúns exemplos só relativos a sanidade pública: se acadamos un aforro de case 3 millóns de euros só por substituír as radiografías sanitarias pola imaxe dixital; se reducimos un 30 % o absentismo laboral para contar cada ano con 2,4 millóns de xornadas de traballo máis no ámbito sanitario; se puxemos en marcha un Plan de aforro enerxético de ata 135 millóns de euros en oito anos; se revisamos a dobre cobertura, de forma que non se cargue o custo dun mutualista ao Servizo Galego de Saúde, cun aforro de case 5 millóns de euros ao ano; se estamos no camiño de aforrar máis de 23 millóns de euros coas compras centralizadas de distintos servizos sanitarios; se incrementarmos o rendemento cirúrxico ata o 74 %, facendo 19.000 intervencións cirúrxicas máis en xornada de mañá e non pagalas para que se fagan pola tarde, e sobre todo, se conseguimos un aforro de máis de 100 millóns de euros co catálogo priorizado de medicamentos... Se o fixemos é porque existe marxe para ser máis eficientes sen afectar as prestacións sociais. Ao contrario, reforzámolas. Reforzámolas porque aseguramos a sostibilidade da sanidade pública galega. (Aplausos.)

Aínda recordo señorías, que hai un ano, neste mesmo debate, houbo quen tratou trasladar aos cidadáns –incluso atemorizándoos– que a aposta da Xunta de elixir entre os dous fármacos igual, o de menor prezo, ía supoñerlles as peores consecuencias. Esas consecuencias un ano despois foron: 100 millóns de euros de aforro para pagar os 29 centros de saúde que temos construído ou ampliado; para ampliar o hospital público da Coruña, ou nin un só cidadán en toda Galicia que

deixara de ter o tratamento farmacéutico máis axeitado por parte da sanidade pública galega. Para iso valeron esas medidas, señorías.

O mellor servizo público que neste momento pode prestar un xestor público, é asegurar a viabilidade das prestacións esenciais que perciben os cidadáns; e, por tanto, imos seguir afondando nesta marxe de eficiencia e de mellora aínda pendentes. Permítanme que lles adiante dúas medidas: máis eficiencia no gasto farmacéutico, o noso obxectivo é seguir reducindo a factura un 7 % máis do ano 2012 sobre o 11 % xa reducido no ano 2011, o que suporá un aforro novo de 60 millóns de euros, ou o impulso á plataforma loxística, trala súa adxudicación imos proceder a centralizar nun único punto de distribución do material funxible sanitario e non sanitario, con 20 millóns de euros de aforro. É dicir, con estas dúas medidas para garantir a viabilidade do Sergas somos capaces de obter 80 millóns de euros. Señorías, unha mellor xestión dos recursos públicos tamén é política social.

Profundar na eficiencia é o que nós vai a permitir seguir contestando á pregunta de si se van a manter as prestacións sociais esenciais cun rotundo si. E esa resposta pode cifrarse en compromisos concretos en forma de política social para este ano 2012: Máis escolas infantís, Galicia contará este ano con 19 novas escolas infantís, é dicir, con 1.005 novas prazas públicas máis. Ademais imos iniciar a construción de 21 novas escolas infantís, o que suporá a creación adicional doutras 1.037 novas prazas públicas máis que estarán funcionando no ano 2013. Obxectivo: máis de 2.000 novas prazas públicas en escolas infantís antes de que remate o 2013. Máis centros de atención a maiores, durante este ano imos poñer en funcionamento 15 centros de atención a maiores e iniciárase a construción doutros seis. Obxectivo: case 1.000 novas prazas públicas ata o 2013. Máis apoio aos colectivos con dificultades como faremos coa nova Lei de inclusión, que incluírá unha modificación para facer máis útil a Risga ás persoas que a perciben de acordo co diálogo social. Máis tecnoloxía nas escolas, co obxectivo de que máis de 40.000 alumnos estean nunha aula dixital o próximo curso. Máis alumnos que poidan estudar en galego, en castelán e en inglés cun total de 160 novos centros escolares incorporados á rede de plurilingüismo o próximo curso. Máis compromiso coas universidades, que xa comezaron a cooperar e eliminar duplicidades e crernos, entre todos, que formamos parte dun único siste-

ma universitario galego no que afondaremos coa aprobación da Lei de universidades. Máis compromiso coa conciliación laboral e familia a través, por exemplo, dun novo decreto de escolarización que evite a varios irmáns ir a colexios distintos.

Ou, señorías, máis sanidade pública. Durante esta lexislatura de crise temos equipado cun investimento superior a 30 millóns de euros un edificio convertendo nun hospital público o Hospital Lucus Augusti de Lugo. Xa están en proceso de expropiación os terreos para construír o novo Hospital Público de Pontevedra. Xa están avanzadas e en plena execución as obras de ampliación do hospital público da Coruña, cunha superficie equivalente a dous hospitais comarcais. Tamén está en plena execución o Hospital Público Metropolitano de Vigo, a maior infraestrutura sanitaria que se está construíndo en España. Era un acto de xustiza con Vigo; dixemos que non habería máis demora e estamos cumprindo. (Aplausos.) Estamos traballando, señorías, para impulsar a ampliación do Hospital Público do Salnés e do Hospital Público da Costa da Mariña Lucense antes de que remate esta lexislatura. E queremos anunciarlle que tamén neste mandato se licitará a ampliación do Hospital Público de Ourense, no que se centralizarán os investimentos do hospital 2050. De tal xeito que Ourense non só superará as carencias actuais, senón cunha innovación sanitaria sen precedentes representará, dende o punto de vista tecnolóxico, un dos hospitais máis vangardistas de Europa. Tamén temos reducido, señorías, as listas de espera a 16 días nos casos máis graves e a menos de 60 días nos casos graves, e tamén no cómputo xeral. E nesta liña queremos seguir.

Por iso, quero anunciarlles que imos dar resposta a un compromiso electoral e a un compromiso coa calidade da sanidade pública galega, un compromiso inédito no Servizo Galego de Saúde nos vinte anos da súa historia. A xestión responsable e eficiente dos recursos públicos permítenos que neste ano 2012, Galicia aprobe unha lei de espera máxima na sanidade pública, unha lei que garanta os pacientes de que sexan atendidos nun prazo máximo en función da gravidade, é dicir, unha lei que cree para todos, e por primeira vez, un seguro de espera na sanidade pública galega. (Aplausos.)

Señorías, o actual marco competencial sinala que é función primordial do autogoberno a de prestar os servizos públicos. E Galicia está respondendo –non sen dificultade– creo que

con acerto e con responsabilidade, acadando o seu mantemento e, como quedou claro, incrementándose e asegurando a súa viabilidade no tempo. Pese ás eficiencias acadadas, este obxectivo require tamén un esforzo orzamentario sen precedentes, tanto é así que actualmente tres de cada catro euros dos presupostos públicos máis que nunca son destinados as políticas sociais. Non lles oculto que isto condiciona a facenda pública de cara a abordar o segundo gran pilar da xestión, que é a economía, e loxicamente o feito de que haxa máis limitacións que nunca obríganos a priorizar o destino duns recursos cada vez máis escasos. Galicia faino, e Galicia pode facelo en base a unha estratexia, porque, señorías, Galicia ten unha estratexia. España e Galicia entraron na crise sen ter definida a liña que pretendían seguir e fiando a súa sorte á improvisación. En cambio, hoxe Galicia conta xa e ten en marcha, aprobado e en execución, un Plan estratégico da súa economía congruente coa vía que traza a Estratexia europea 2020.

Esta planificación é a que nós permite: en primeiro lugar, blindar os servizos públicos e, en segundo lugar, no ámbito económico, fixar unha folla de ruta de respaldo, fortalecemento e desenvolvemento económico.

Esta folla de ruta pasa: en primeiro lugar, polo apoio aos nosos sectores produtivos; en segundo lugar, pola apertura da nosa economía á innovación e á internacionalización, e, en terceiro lugar, por ter un modelo de país para unha Galicia máis competitiva. E, en todos os casos, no obxectivo de manter e xerar o máximo das posibilidades ao emprego da Comunidade dentro dunha nación que hoxe é o foco do paro de Europa.

A primeira das dificultades á que nos enfrontamos é a falta de liquidez dos nosos sectores produtivos; na que estamos a poñer á disposición dos emprendedores todas as capacidades da facenda autonómica. Sumado a que somos a Comunidade autónoma –insisto– que lle paga aos seus provedores nun menor prazo. Esta é tamén a lexislatura na que máis incentivos en forma de avais e préstamos se están a dar os emprendedores en Galicia. Dende o 2009 o Goberno autonómico aprobou case 11.000 operacións de financiamento, incluíndo operacións de avais por importe de 258 millóns de euros que mobilizaron préstamos por valor de 1.230 millóns de euros. Estamos a falar de máis incentivos aos sectores económicos que en toda a historia da Xunta, tanto para paliar a ausencia

de liquidez das empresas como para fomentar o apoio e a actividade empresarial. (Aplausos.)

Señorías, Galicia ten avanzado ao longo da súa historia porque contou con emprendedores que tiveron ideas, decisión e audacia; e, sobre todo, que souberon aliarse cos traballadores. Os mesmos que agora, con esforzo e sacrificio, manteñen Galicia cun nivel de paro inferior ao resto de España. Neles está a chave da recuperación e por iso a Xunta respalda a todos os nosos sectores produtivos co seu propio apoio directo e cunha estratexia propia de mobilización de recursos, actividade e desenvolvemento en cada ámbito: no ámbito primario, no ámbito industrial e no ámbito dos servizos.

Temos sido capaces de artellar unha estratexia no ámbito primario. Unha estratexia para o sector da pesca: cun marco normativo consensuado, cunha nova Lei de pesca, novos decretos que regulan o Consello Galego da Pesca, o Comité Científico Galego da Pesca ou as artes e aparellos. Traballamos xuntos fronte á adversidade cun plan efectivo contra o furtivismo, buscando fórmulas para tratar de recuperar a produtividade das coñecidas como zonas C; ou co Plan de adaptación á frota, buscando como obter o mellor resultado a través da comercialización dos produtos do mar. Así, despois do verán imos presentar o Plan estratéxico de pesca que prestará especial atención ao eido transformador e comercializador ao que irán axustándose as liñas da futura política común de pesca. (Aplausos.)

Hai xa, señorías, unha estratexia para a acuicultura. Superamos a inseguridade xurídica cunha regulación definitiva; e este sector punteiro é agora tamén pioneiro ao ser Galicia a primeira rexión de Europa cun Plan estratéxico de desenvolvemento da acuicultura e cun Plan director que xa está presentado e que estará completamente operativo este ano. Galicia non pode perder unha lexislatura máis nun sector estratéxico da nosa economía e por iso creamos as condicións de atraer investimentos neste sector en Galicia.

Unha estratexia para o sector agrogandeiro, cun apoio fundamental a un dos seus piares máis importantes, que non é outro que o sector lácteo. Para mellorar a súa competitividade mobilizamos máis de 800 millóns de euros; para blindar o seu prestixio xa está a funcionar a reclamada marca que identifica a calidade do leite galego, e para promover a cooperación do sector temos aprobado un decreto que fomenta

a constitución de organizacións de produtores lácteos. Medidas todas elas para garantir o presente do sector lácteo pero que deben ser complementadas con instrumentos de futuro. Neste senso, o próximo xoves transmitireille ao presidente do Goberno a necesidade de conseguir dunha vez o contrato homologado, ademais de continuar coas negociacións en Bruxelas sobre a política agraria común.

Hai unha estratexia, señorías, para o sector forestal, a aspiración compartida de que Galicia debía superar o minifundismo e facer rendible o monte están reflectidos dende o punto de vista práctico e normativo. Ten este reflexo no impulso á concentración mediante as sociedades SOFOR, tamén coa aprobación da Lei de mobilidade de terras, e co impulso necesario para que neste período de sesións Galicia conte, por primeira vez na súa historia, cunha Lei de montes que nos permita sacarlle verdadeiro partido á enorme riqueza forestal que temos.

Contar cunha estratexia forestal será tamén un instrumento útil para seguir avanzando na loita contra a lacra dos incendios. Temos que facer rendible o monte, pero tamén seguir sendo implacables cos incendiarios. E neste senso quero anunciarlles que lle daremos traslado ao Goberno central do acordo alcanzado neste Parlamento para lograr un endurecemento das penas, de tal xeito que se amplíen os supostos de agravamento na actitude dos incendiarios.

Señorías, temos sido capaces tamén de artellar unha estratexia única e común no sector industrial. Para iso cubrimos un dos baleiros máis importantes que existían e que era precisamente non saber cal queríamos que fora o noso modelo industrial de futuro. Agora está fixado na futura Lei de política industrial, en tramitación na Cámara. Ao longo deste ano elaboraremos o Plan director de actividades industriais que desenvolverá esta normativa e que proporcionará facilidades para a implantación e consolidación de proxectos estratéxicos de especial relevancia en Galicia. (Aplausos.) Co mesmo obxectivo de facer da nosa terra atractiva para os emprendedores tamén temos en marcha o Plan sectorial de áreas empresariais e que nos vai permitir multiplicar por tres a actual superficie de solo industrial, pasando de 19 a 62 millóns de metros cadrados.

Galicia ten, señorías, un marco industrial definido e nel queremos que sigan mantendo o seu lugar os principais sectores

da industria. Por iso definimos unha estratexia para o sector naval, sen dúbida é un dos que peor o está pasando nesta crise económica. No caso dos estaleiros privados pola caída de pedidos que arrastraban nos últimos anos, á que se lle sumou hai case un ano a anulación por parte da Unión Europea do sistema fiscal co que viña funcionando o sector ata o de agora na ría de Vigo e tamén nas rías de Pontevedra e da Coruña. E no eido dos estaleiros públicos debido á incapacidade do anterior Goberno central para buscar unha saída que faga posible reactivar con carga de traballo a ría de Ferrol. O naval é, señorías, un dos sectores que máis está sufrindo e por iso tamén é un dos sectores cos que a Xunta máis está comprometido. (Aplausos.) Comprometémonos con decisións no sector naval como unha inxección económica de case 100 millóns de euros a través de avais cos que están funcionando practicamente todos os estaleiros privados en Galicia. Ou a creación dunha credencial e dun selo de calidade que avalen o prestixio do naval galego. Pero tamén nos comprometemos tratando de negociar co Goberno central para que cumpra as súas obrigas. Fixémolo na anterior lexislatura nacional, lamentablemente atopámonos coa pechazón do anterior Executivo. E estámolo facendo tamén, por suposto, nesta lexislatura.

É certo que aínda non logramos os obxectivos, pero pódolle dicir que nestes primeiros meses do novo Goberno logramos avanzar máis que nos catro anos anteriores. Logramos a adhesión de Pymar ao convenio de Vulcano, que permitiu a posibilidade de salvar 1.000 empregos directos e indirectos do estaleiro vigués. Foi remitida unha proposta fiscal oficial de tax lease a Bruxelas, eu mesmo tiven a oportunidade de abordar a situación do naval coa vicepresidenta do Goberno a pasada semana e, en varias ocasións, cos ministros de Industria e de Hacienda. E o próximo xoves teño intención de incidir co presidente do Goberno tanto as negociacións con Bruxelas para pactar un novo modelo de tax lease que faga viable o naval galego, como propostas concretas que lle aporten carga de traballo aos estaleiros públicos da ría de Ferrol. (Aplausos.)

Señorías, temos unha estratexia para o sector da automoción, consensuamos un Plan re-móvete integral, dotado con 120 millóns de euros e que fixo posible involucrar a todos os ámbitos do sector: fabricantes, industria auxiliar e concesionarios. Estamos apoiando o desenvolvemento e promoción do vehículo eléctrico, tanto apoiando a PSA Citroën neste

obxectivo, como adoptando os trámites necesarios para crear unha rede de estacións de recarga e desbloqueando o primeiro Decreto de electromobidade de España.

Temos unha estratexia para o sector da enerxía, tanto para os cidadáns e emprendedores que a consomen, promovendo un modelo único de factura eléctrica, que sexa máis transparente e exacta co consumo real dos fogares; como para a enerxía co sector industrial, para que siga sendo unha fonte de riqueza e emprego. En primeiro lugar, nos liderados enerxéticos que Galicia ten dende hai tempo, como é o caso do sector eólico; dotándoa dunha lei que blindo a seguridade xurídica e que creou un canon que, por primeira, permitiu compensar a afectación ambiental dos muíños de vento, co que xa conseguimos recadar máis de 70 millóns de euros. E cumprimos o noso compromiso de facer un concurso eólico obxectivo e transparente que fixo posible a asignación de 2.325 megavatios, cunha mobilización de 6.000 millóns de euros.

Gustárame dicir, neste punto, que son consciente de que os cambios normativos anunciados no panorama nacional, e que eliminan o sistema de primas como consecuencia da multimillonaria débeda do Goberno anterior coas empresas eléctricas e co exceso de enerxía producida –dada a caída industrial de España–, supoñen unha nova realidade á que, por suposto, se adaptará o sector eólico. A Xunta está a traballar en coordinación co sector para facer posible esta adaptación. E asegúrolles que os plans industriais continuarán e o concurso eólico continuará. (Aplausos.)

Pero no eido enerxético non só traballamos para consolidar liderados históricos, senón tamén para recuperar lugares que perderamos. Vinculado a este obxectivo está o acordo con Gas Natural para que Fenosa volva a Galicia. Unha decisión que foi importante para a nosa autoestima: cando se fale de Fenosa, volverá a pensarse en Galicia porque Fenosa existirá como unha compañía con sede na Coruña.

Pero tamén unha decisión importante para a nosa economía xa que implica un investimento de 1.000 millóns de euros ata o ano 2016 e a creación de 2.000 empregos. A creación tamén en Galicia dun centro que asumirá a xestión de todas as operacións hidráulicas e mariñas que ten Fenosa en todo o mundo. E ademais –segundo lles podo avanzar– a instalación dun centro de excelencia que se ubicará en Vigo e que

permitirá o desenvolvemento de novas tecnoloxías na enerxía mariña. (Aplausos.)

Señorías, unha estratexia para o sector da industria cultural, cun apoio directo aos creadores galegos que tantas alegrías nos teñen dado, sobre todo no ámbito da animación. Como complementando a rede de infraestruturas culturais, construíndo en plena crise o esperado auditorio de Lugo e colaborando para equipar o auditorio de Ferrol.

Señorías, temos unha cultura ancestral e a nosa obriga é conservala e aproveitala como fixemos coa celebración do 800 aniversario da catedral, ou coa apertura do Centro de Arte Rupestre en Campo Lameiro. E como xa lles anuncio que imos facer apoiando e respaldando a iniciativa do Consello da Cultura Galega de dignificar o Panteón de Galicia a través dunha lei xurdida do consenso entre os grupos desta Cámara. (Aplausos.)

Señorías, tamén quero destacar o impulso á racionalización da Cidade da Cultura de Galicia. Non só poñendo a funcionar os edificios construídos para que os primeiros visitantes –case 350.000 só no primeiro ano– comecen a facelo posible e rendible, senón tamén orientándoa cara ao futuro a través do Plan estratéxico para o Gaiás, que ten como obxectivo, primeiro, abaratar os custos de mantemento e, despois, abrir a Cidade da Cultura a distintos usos e ao mundo.

E temos sido capaces de artellar unha estratexia única e común no sector dos servizos. Unha estratexia no turismo despois de dedicar a primeira parte da lexislatura a preparar o mellor Xacobeo da nosa historia, era preciso trazar un camiño turístico para unha década sen ano santo á vista. As decisións turísticas que temos materializado, como a Lei de turismo, a creación da marca turística única de Galicia ou a elaboración dun mapa de xeodestinos, profundan no dobre obxectivo de cooperación e de diversificación. Somos un único destino que pode ofrecer unha gama de posibilidades moi diversa. Non podemos desaproveitar a nosa maior fortaleza. E neste sentido, quero anunciarlles que a Xunta está pechando con operadores profesionais e coa mobilización de investimento privado un plan para reactivar Manzaneda e poñela a funcionar como verdadeira estación de montaña.

Unha estratexia no comercio que conta cunha normativa actualizada máis de dúas décadas despois, a Lei de comercio

interior, con máis recursos grazas ao Plan ágora e unha maior cooperación a través das mesas locais de comercio nos concellos galegos. E quero anunciarlles que nas próximas semanas imos poñer en marcha un mecanismo para simplificar os trámites e eliminar as trabas de calquera persoa que teña en mente poñer en marcha un comercio. Así, en lugar de que un emprendedor teña que adecuarse aos tempos administrativos e agardar ata catro licenzas distintas, o obxectivo é instaurar o modelo de “licenza express”. De tal xeito que será suficiente cunha comunicación previa e unha declaración responsable para poder abrir un comercio, sen prexuízo, por suposto, da súa posterior comprobación polo concello. (Aplausos.)

E unha estratexia, señorías, para o sector financeiro. Un sector especial porque nel teñen moitas das súas expectativas os aforradores galegos, as familias galegas e os sectores económicos estratéxicos de Galicia. Pero dende logo que tamén é un sector especialmente difícil nestes últimos tempos porque, se fixar unha estratexia xa é unha tarefa difícil de por si, máis aínda cando as regras de xogo viran da forma máis abrupta que se recorda; e máis aínda cando a improvisación normativa e a falla de tutela e supervisión produciron situacións como o conflito das preferentes que ten atrapado a miles de familias galegas. Neste sentido, quero dicirlles que eu mesmo remitín ao ministro de Economía propoñéndolle unha solución a negociar coa Unión Europea e que debe pasar porque as persoas afectadas poidan dispoñer dos seus aforros.

Malia os bandazos normativos do anterior Goberno, señorías, os galegos podemos dicir hoxe que resistimos a primeira reestruturación financeira: tan só dúas comunidades contan cunha caixa fusionada no seu territorio. Unha delas é Galicia. Que seguimos en pé na segunda reestruturación financeira –aínda que lle pese a moitos– e témola en marcha. E que, se os profesionais actuais conseguen a capitalización suficiente, poderemos volver resistir e poderemos manter unha entidade financeira con centros de decisión en Galicia. Se cumpren ese dobre obxectivo, que é capitalizarse, e se cumpren tamén o obxectivo fundamental e principal, que é prestar con carácter prioritario ás familias galegas e aos emprendedores galegos o crédito, a Xunta estará con eles. (Aplausos.)

Señorías, traballamos en buscar novas fórmulas para abrirnos a novos espazos, a novas posibilidades, a novos clientes

e este obxectivo pasa pola innovación e pola internacionalización da nosa economía. No ano 2011 temos rexistrado o superávit máis alto da historia de Galicia. O superávit comercial. E esta é a lexislatura na que se están a desenvolver en Galicia os proxectos de innovación máis relevantes tanto dende o punto de vista público, como dende o punto de vista empresarial. A Universidade galega conta hoxe con dous campus de excelencia: o Campus Vida en Compostela e o Campus do Mar en Vigo. Para iso ten sido necesario e seguirá sendo o respaldo da Xunta. Con carácter xeral temos aprobado o Plan I2C que supón un 45 % máis de recursos en innovación e coñecemento que na anterior lexislatura. E de forma concreta, somos a Comunidade que se dotou dun fondo de capital risco de 20 millóns de euros para crear e impulsar empresas de base tecnolóxica e intensivas en coñecemento.

O cambio cultural que nos debe levar a unha auténtica economía do coñecemento vén, por tanto, da suma de administracións, universidades e emprendedores. E neste campo de suma os resultados son evidentes: A primeira convocatoria do Programa FEDER-Interconecta xa se está a mobilizar con investimentos de 60 millóns de euros para os próximos tres anos; a posta en marcha do proxecto de INNOVA-Saúde e o Hospital 2050, que mobilizan máis de 90 millóns de euros en investimentos para incorporar á nosa terra a innovación sanitaria e para facer a ampliación definitiva do Hospital público de Ourense, e o impulso á innovación aplicada, mobilizando máis de 50 millóns de euros nos próximos tres anos e creando unha canle de comunicación directa entre as universidades e os sectores máis representativos da economía galega.

Na cooperación e na colaboración coas universidades e as empresas nace a Axencia de Innovación de Galicia, que empezará a funcionar nos próximos días. E neste mesmo obxectivo profundaremos na nova Lei de innovación prioritaria no calendario lexislativo que temos comprometido para os próximos meses.

Tamén en internacionalización os datos son esperanzadores. Ademais de levar dous anos de crecemento sostido das nosas exportacións, acumulamos tres anos con balance comercial en saldos positivos. De feito no ano 2011, 3.500 millóns de euros positivos, case o triple que no ano 2010, situou a Galicia na balanza comercial mellor; en segunda posición de España. Logramos diversificar os destinos externos, xa no só

á Unión Europea, senón fluxos cara Latinoamérica, cara a China ou cara a India.

Señorías, seguiremos axudando aos emprendedores e hai case 100 xestores de exportación, cofinanciado con fondos públicos nas principais empresas exportadoras do país. E seguiremos buscando emprendedores na busca de novos destinos.

Señorías, son moitas as políticas nas que Galicia se ten anticipado ao longo destes tres anos; pero durante este período tamén tentamos recuperar o tempo perdido ao longo da nosa historia recente. Anos con mellores condicións económicas que non aproveitamos para facer de Galicia un país mellor pertrechado contra as dificultades que agora padecemos.

Esta situación da que somos responsables todos, todos os gobernos anteriores, deuse en importantes eidos –na miña opinión, demasiados–, pero penso que tres deles condicionan de xeito especial a nosa competitividade do país: o primeiro é a ausencia dunha verdadeira política de ordenación do territorio; o segundo é o retraso das infraestruturas viarias e ferroviarias e o terceiro é a fenda dixital.

Hoxe podemos dicir que Galicia está a pasar páxina da indefinición e moitas veces do caos, e dende hai máis dun ano están en vigor as Directrices de ordenación do territorio, as primeiras, e o primeiro Plan do litoral. Debemos seguir avanzando, non podemos permitirmos máis esperas e completar a ordenación do territorio cunha nova Lei do solo. Os contactos en busca dun acordo parlamentario téñense iniciados. Como primeira medida acordamos a elaboración dun documento de bases por parte da Xunta, que lles anuncio que xa está rematado, e que imos poñer á súa disposición nas próximas semanas. O obxectivo, por certo, para o que tamén iniciamos unha ampliación da Rede Natura que incluírá territorios pertencentes a 235 concellos e 96 espazos de especial protección; e para o que tamén lles fago o chamamento ao acordo.

A ordenación territorial, señorías, quedaría incompleta sen un mapa de infraestruturas que faga posible a vertebración do noso país. Fixémolo no que depende exclusivamente de nós e redactamos o Plan MOVE que ten como obxectivo que o 80 % dos galegos estean a menos de dez minutos dunha vía de alta capacidade. Neste senso están executados en

plena crise 84 novos quilómetros de altas prestacións, e podo comprometer que neste ano 2012 abriremos 60 quilómetros máis, ata chegar a 455 quilómetros de titularidade autonómica, de vías de altas prestacións. (Aplausos.) Pero tamén o fixemos para que o Goberno central incluíra a Galicia de forma real e certa no mapa de infraestruturas nacional, tanto no que se refire a completar a rede de autovías pendentes como a facer realidade o AVE.

Co Pacto do Obradoiro, señorías, demostramos a actitude que queríamos manter co Executivo estatal. Asumimos os reiterados incumprimentos coa alta velocidade galega co propósito de que non se volveran repetir. É certo que se produciron máis avances que na anterior lexislatura autonómica, é verdade. Pero tamén é igual de certo que o pacto que se cumpriu no ano 2009 non se cumpriu no ano 2010 e no ano 2011, e fixo que ás datas fallidas de 2007, 2009, 2010, 2012 se sumara tamén como fallida a data de 2015.

A Xunta é consecvente coa súa postura, non a vai mudar. Foi o Goberno de España o que foi variando a súa. Non mudamos un ápice o noso compromiso de contarlles a verdade aos galegos sobre o AVE, e mantemos intacta a nosa reivindicación de que a alta velocidade galega e as autovías pendentes non poden aturar máis retrasos. De que en 2014 se sume o eixo de alta velocidade Vigo-Pontevedra-Santiago ao xa operativo de Ourense-Santiago-A Coruña. De que se complete a conexión coa Meseta en 2018, obxectivo no que xa se ten avanzado coa adxudicación de obras por valor de 1.000 millóns de euros cando se cumpran os 100 primeiros días do Goberno central. E nas autovías, que se cumpra o compromiso de rematar a autovía máis importante pendente con Galicia, que é a Autovía do Cantábrico no ano 2013, e que se impulse tanto a finalización da autovía de Lugo a Santiago, como o inicio das conexións entre Vigo e Pontevedra, entre Ourense e Lugo; así como a ampliación da capacidade da Autoestrada do Atlántico. (Aplausos.)

Señorías, Galicia chegou tarde á ordenación do seu territorio; chegou tarde ás autovías; chegará tarde á alta velocidade ferroviaria e non nos podíamos permitir chegar tamén tarde ás vías de comunicación imprescindibles do século XXI, refirome ás vías tecnolóxicas. Por esta razón a configuración dun mapa dixital que cubriría as necesidades de Galicia –de toda Galicia– ten sido e é unha actuación prioritaria deste Goberno nesta lexislatura. Prioritaria porque o

desequilibrio na súa implantación podería derivar en novos desequilibrios entre Galicia e o resto dos territorios, e tamén entre os galegos, entre os galegos do interior e os galegos das cidades; prioritaria para non restrinxir a capacidade dos nosos sectores produtivos e prioritaria porque é un instrumento útil para mellorar as prestacións que reciben os cidadáns. É prioritaria ata o punto de que a nova Lei de telecomunicacións, o acceso a unha conexión de Internet de banda larga converterase en Galicia en servizo público, o que os cidadáns teñen dereito a esixirlle ás administracións.

Tanto é así que, pese ás restricións orzamentarias, temos mobilizado e estamos mobilizando, xunto co sector privado, 1.600 millóns de euros que se están a converter en avances significativos. Velaquí os resultados: o 90 % dos galegos xa teñen acceso á banda larga, superando o obxectivo marcado para o ano 2011. Case 7 de cada 10 galegos que non contaban con este servizo, agora si o teñen; ao igual que o 70 % dos polígonos industriais. Temos reducido dun 20 % a un 5 % as diferenzas entre a Galicia rural e a Galicia urbana.

E esta evolución supón tamén unha mellora concreta dos servizos públicos esenciais: na sanidade pública xeneralizamos a historia clínica e a receita clínica electrónica; no eido educativo, co Plan abalar, estamos con tecnoloxía nas aulas; na Xustiza incorporando avances tecnolóxicos que permitan axilizar procesos e, na Administración autonómica, temos o compromiso de modernizala para facer realidade unha verdadeira Administración electrónica para os galegos.

Pero tamén se requiría dun esforzo de planificación noutros ámbitos: deseñamos as 64 actuacións da nova construción ou mellora que configuran o Plan de infraestruturas xudiciais. En total 100 millóns de euros; 100 millóns de euros que nos teñen permitido abordar as melloras nos xulgados de Santiago, de Ferrol, estar construíndo unha nova sede xudicial en Ourense, ou licitar ao longo deste ano 2012 a rehabilitación da Fábrica de Tabacos da Coruña, o novo edificio xudicial de Pontevedra e agardo que tamén a nova Cidade da Xustiza de Vigo, en canto o concello poña a disposición os terreos.

Mobilizamos máis de 800 millóns de euros para garantir un abastecemento de auga en cantidade e en calidade aos galegos; e un saneamento axeitado aproximadamente en 2015 a través das infraestruturas hidráulicas máis axeitadas. Espe-

cialmente relevante foi o desbloqueo definitivo da nova depuradora da Ría de Vigo que, por fin, está en obras e camiño de ser unha realidade.

Elaboramos un Plan hidrolóxico que mobilizará 1.000 millóns de euros ata o ano 2015 para garantir a calidade das augas competencia exclusiva da Comunidade e cumprir o compromiso de non autorizar novos aproveitamentos hidráulicos que interrompan os cauces dos ríos galegos.

Planificamos a xestión dos residuos urbanos. Estamos triplicando a reciclaxe e reducir á metade o lixo que se deposita actualmente nos vertedoiros. Neste sentido, ampliamos a capacidade de Sogama que nos permita ter tempo para avaliación medioambiental, económica e concretar a ubicación da segunda planta de tratamento de residuos.

Implantamos o Plan de transporte metropolitano nas áreas de Lugo, Ferrol, Coruña e Santiago –case 900.000 galegos e galegas–, que permitiu aforros de ata 600 euros anuais para os usuarios do transporte público e que incrementou un 44 % a utilización do transporte público en Galicia, sendo a segunda comunidade de España onde máis se incrementou o transporte público o pasado ano. E agardo que proximamente poidamos estender estes beneficios tamén á área de Ourense, se a capital se suma ao acordo alcanzado xa no resto dos concellos: Lugo, Ferrol, Coruña e Santiago. E seguimos abertos a facelo mesmo en Vigo e en Pontevedra.

Coordinamos unha estratexia planificada dos portos galegos, que se verá reforzada sen dúbida coa inauguración –no segundo semestre deste ano– do maior porto da fachada atlántica europea, o Porto exterior en Punta Langosteira. Coordinación que espero tamén sexamos capaces tamén de estender ao eido aeroportuario. Temos que diversificar a nosa oferta, pero non os nosos esforzos.

E apostamos por reequilibrar o noso territorio para que Galicia deixe de ser escrava das diferenzas internas que a acompañaron durante décadas, e as superara. O Impulsa Lugo, o Impulsa Ourense, o Plan revive da Costa da Morte e o Plan Ferrol son a proba de que queremos realmente unha Galicia única.

¿Significa isto que este traballo de planificación está rematado? A resposta é que non. Na miña opinión, hai un ámbito no que cómpre poñerse a trazar o futuro; refírome ao mapa

municipal. Dende que comezou a lexislatura temos mantido un contacto permanente coas distintas administracións locais. Neste sentido, pactamos coa Federación Galega de Municipios e Provincias todas as normativas que dun ou doutro xeito lles afectan –normas de hábitat, tecnoloxía, transporte metropolitano, plans de cooperación–, e puxemos ao seu alcance o maior número de instrumentos económicos posibles, desenvolvendo o Pacto Local e tamén creando o canon eólico.

Pero precisamente intensificar a nosa relación cos concellos tennos levado á convicción de que cómpre dar un paso máis para garantir un servizo mellor e sostible aos cidadáns.

É preciso maior cooperación entre os concellos, ben a través dunha fusión práctica pola vía dos feitos, ou ben a través dunha fusión completa pola vía legal. Non ten sentido –na miña opinión– que nun territorio como o noso se xestionen os servizos de menos de tres millóns de habitantes –hai cidades en España con máis poboación que en toda Galicia–, digo que se xestionen os servizos a través de 315 órganos diferentes e diferenciados entre si. E por iso, dende as miñas responsabilidades como presidente da Xunta tentei, tento e seguirei tentando apoiar as alianzas municipais.

Témolo feito, sen ir máis lonxe, priorizando as axudas a aqueles concellos que se teña asociado con outros, e estamos traballando coa Fegamp nunha análise da situación socioeconómica dos concellos para detectar onde urxen máis as sinerxías. É certo, señorías, que este proceso entraña dificultades e provoca receos entre os propios responsables municipais, pero como responsables públicos, se un modelo é susceptible de mellora, por complexo que resulte, a nosa obriga é intentar melloralo.

Ao longo deste debate teño posto énfase na capacidade de Galicia de adiantarse ás necesidades que antes ou despois teríamos que asumir, e esta estou convencido de que se estenderá ao conxunto de España. Subliñei que Galicia se anticipou en austeridade, en racionalización, en rigor, en eficiencia; e hoxe podó dicir que Galicia volve anticiparse tamén no que será o futuro, máis pronto que tarde, das corporacións locais en España.

Quero insistir en que a Xunta non obrigará a ningún concello, pero a Xunta favorecerá e incentivará a todos os conce-

llos. A fusión voluntaria entre concellos en Galicia xa non será unha simple proposta teórica; a fusión entre dous concellos en Galicia será unha realidade neste ano 2012. (Aplausos.) Señorías, mañá mesmo presentarei cos representantes de dous municipios galegos a primeira destas alianzas, xunto a nós estará o presidente da Deputación da Coruña. Quero agradecer explicitamente o traballo e a implicación que a este respecto está mostrando e que ten propiciado que esta primeira fusión se produza na provincia coruñesa.

Sen lugar a dúbidas, no camiño desta racionalización do mapa municipal será fundamental o papel das deputacións. Os entes provinciais son as administracións que mellor coñecen as dificultades financeiras polas que pasan os concellos, posto que en moitas ocasións son o seu osíxeno. Esa experiencia cobra un importante valor á hora de buscar os avances necesarios no eido da cooperación local.

Señoras e señores deputados, temos ordenado ou a piques de ordenar o territorio, o litoral, as infraestruturas; sabemos o que queremos facer coas tecnoloxías, coa acuicultura, co desenvolvemento eólico, cos residuos, coa auga, co monte, co noso patrimonio e por iso queremos tamén contribuír a ordenar o mapa municipal.

Agora Galicia ten perfilado un modelo de país, ten unha guía sector a sector, ámbito a ámbito para que del se beneficie o pobo, cidadán a cidadán. Isto supón contar cunha maior fortaleza ante a adversidade e, á vez, ter deseñado o mapa futuro que quere alcanzar, ao que pode aspirar e ao que quere chegar.

Galicia sabe de onde vén porque sufriu a ausencia dun modelo de país cando máis preciso era contar con el. Galicia sabe onde está porque sofre a chegada tardía a ese modelo de desenvolvemento. Pero Galicia tamén sabe agora cara a onde ir porque non vai volver sufrir máis a ausencia dun modelo de país, se o facemos entre todos. (Aplausos.)

Señorías, non podemos elixir o tempo que nos toca vivir pero si podemos transformalo. Si podemos elixir a maneira de facerlle fronte ás dificultades. Estámolo facendo, seguindo as mesmas pautas que países que reaccionaron a tempo e agora empezan a recuperarse. Non renunciaron á sociedade do benestar; nós tampouco. Pero souberon tomar decisión e realizar sacrificios imprescindibles; nós tamén.

A pregunta que hoxe se fan moitos galegos é se hai un horizonte desexado despois deste temporal. Haino. Galicia é un pobo antigo que garda na súa memoria épocas aciagas nas que semellaba perdida toda esperanza. Nestes momentos críticos, sempre houbo mulleres e homes que confiaron na súa forzas para reemprender a marcha. Agora somos nós os que temos esa responsabilidade ante a nosa historia pero sobre todo ante as galegas e os galegos de hoxe e de mañá. A intensidade do reto non nos exime de darlle resposta; todo o contrario. Se en momentos de bonanza a xente xa era esixente cos seus gobernantes, agora escrúttannos aínda de forma máis severa. É lóxico, os cidadáns están sufrindo máis que nunca e, por iso, máis que nunca precisan sentirse acompañados, apoiados e representados.

Pídlles que fagamos unha reflexión conxunta, pídlles que pensemos se lles estamos respondendo coa actitude que esperan de nós. Eu digo con toda humildade que en certa medida si, pero tamén apunto con toda crueza que de forma insuficiente. Hai sucesos nos tres partidos desta Cámara que nunca se deberon producir. A desafección política que acusan moitos cidadáns explícase cando ven comportamentos reprobables, que non se reaccionan ante eles, ou cando perciben que os políticos se instalan nunha actitude tacticista, de curto percorrido. Cando algunhas destas cousas ocorren, séntense decepcionados porque saben que esa política está baleira. Nesta política non late, dende logo, a alma do noso país.

Somos dignos da súa confianza cando xestionamos con austeridade, con eficiencia, con preocupación, con responsabilidade os cartos públicos e ese é o modelo de Goberno ao que aspiro cada día; somos dignos da súa confianza cando miramos máis aló do noso propio interese, cando non nos despreocupamos do futuro e nos interesamos por deixar unha terra máis preparada para os que nos han de suceder. Por iso aspiro a que Galicia teña un modelo de país. E somos dignos da súa confianza cando estamos á altura das circunstancias e cando a política sinte, pensa, mira e actúa como o fai o país. Non basta cun modelo de goberno a seguir; non basta cun modelo de desenvolvemento a seguir; precisamos dunha política modélica para un país que é un modelo grazas aos nosos cidadáns que debemos representar. (Aplausos.)

Señorías, iniciamos aquí mesmo esa política modélica. Fagamos deste parlamento un modelo a seguir: fagamos

desta Cámara un paradigma de unidade política e pactemos. Rematemos a planificación do territorio cunha nova normativa sobre a Lei do solo definitiva. Traslademos ao Goberno de España unha iniciativa conxunta sobre o futuro mapa municipal, empezando polo que vai facer Galicia no día de mañá. Acheguemos unha proposta de país para o novo sistema de financiamento efectivo para Galicia. Temos comprometido un calendario lexislativo que de aquí ao final da lexislatura nos dará máis de 20 oportunidade para acordar. Temos moitas dificultades, señorías, ás que dar resposta. Os cidadáns non necesitan un goberno e unha oposición permanentemente enfrontados, tampouco partidos divididos, ou políticos individualistas. Galicia necesitamos xuntos.

Hai quen pensa que falar de unidade é falar dunha entelequia. Eu non. E non o digo como expresión dun desexo persoal, que tamén, senón porque Galicia ten mostrado que a vocación de acordo pode fraguar acordos a todos os niveis. A unidade pode fraguar o acordo no ámbito municipal e os primeiros pasos da fusión de concellos demostran que é posible superar localismos que non nos conducen a ningures por terra, mar e tampouco por aire. (Aplausos.)

A unidade, señorías, pode fraguar o acordo no ámbito social. Témosto logrado nos eidos concretos, como se proba na creación dunha bolsa de vivenda que aúna os promotores, as entidades financeiras e as administracións de cara aos usuarios. E temos logrado con carácter xeral no seo do diálogo social con Comisións Obreiras e UXT 29 grandes acordos entre a Xunta, a patronal e os sindicatos citados. Esta ten sido unha das lexislaturas cun diálogo social máis frutífero e máis duradeiro.

A unidade, señorías, que pode tamén fraguar o acordo no ámbito político. Aquí mesmo houbo acordos na defensa do naval, houbo acordos de dous grupos na defensa do sistema financeiro. Aquí mesmo, nesta lexislatura, vinte e oito anos despois, acordamos e aprobamos unha nova Lei para A Compañía de Radio Televisión Galega.

Señorías, é doado aproveitar o malestar dos sectores laborais afectados polas decisións ás que obriga a crise económica. É doado enganar a boa fe das persoas dicíndolles que o mellor é non facer nada. É doado, por suposto, buscar desesperadamente conflitos para agravalos. Tamén, para calquera gober-

nante, sempre é máis grato describir un panorama sen sombras e dicirlle aos seus concidadáns que o rumbo está despechado. Pero, señorías, nada diso responde ás necesidades dos galegos. Debemos escoitalos –insisto–, especialmente aos 274.675 parados que sofren o drama de non ter traballo. Neste momento extraordinario, de novo os galegos amosan madurez e rebeldía. Si, tamén rebeldía porque ser rebelde non consiste en berrar contra a realidade, senón en tentar cambiala con actuacións concretas e posibles. O pobo galego así o entende e dá todos os días un exemplo de entereza, do que, por suposto como un galego máis, me sinto orgulloso.

Ese exemplo, señorías, é o que nos debe guiar para dar resposta tamén á necesidade do noso país. Esa mesma Galicia que comprende as dificultades e sabe que non abonda con laiarse; é o noso modelo para xestionar a crise. O noso modelo para ese gran fogar chamado Galicia son os miles de fogares galegos que afrontan os problemas con realismo, establecendo a súas prioridades, aforrando agora para poder garantir o futuro.

Grazas a iso, hai variables obxectivas que demostran que Galicia –con moitos problemas– está en mellor posición que o conxunto de España e que a inmensa maioría das comunidades autónomas que o conforman. Non hai tanto tempo que outros facían alardes mentres nós nos preparábase para tempos difíciles. O resultado é patente: Galicia controla o déficit e outras comunidades son controladas polo déficit. (Aplausos.)

Confésolles que houbo xente, mesmo algúns de vostedes, que cuestionaron ese modelo e tachaban o noso tratamento contra a crise como excesivamente rigoroso. Sempre respondín, señorías, que debemos sentirmos tan orgullosos dos nosos avances coma da redución do déficit que garante a nosa solvencia e, polo tanto, que garante o Estatuto de autonomía e o autogoberno. Ambos os dous son síntomas dun país que ten un rumbo claro porque os avances que deamos aseguran o benestar de hoxe, e o control do déficit garante o benestar dos galegos de hoxe, pero tamén, sobre todo, dos galegos do mañá.

Velaí un xeito de entender o noso papel no tempo que nos tocou vivir. Galicia nin comeza nin acaba con nós, pero cada un de nós debe decidir como quere permanecer en Galicia. A miña decisión, a decisión do Goberno e a decisión do

grupo parlamentario que o apoiou durante toda a lexislatura é cumprir co deber de ser dignos do legado que atopamos, xestionado nas mellores condicións para os nosos contemporáneos, e preservalo para os que nos han de suceder. A idea de facer país non é para nós un mero eslogan, faise país nos tempos de bonanza, pero sobre todo, señorías, faise país nos tempos de dificultade.

Non podemos elixir o tempo que nos toca vivir, é verdade; elixiría para a nosa terra un tempo de maior prosperidade. Tampouco podemos elixir o tempo que nos toca gobernar; pero, sen embargo, si elixiría este tempo. Elixiría un tempo de dificultade para gobernar porque é cando máis se precisa de vocación de servizo; cando máis se precisa de compromiso cos cidadáns, e cando máis se precisa de confianza no país.

Trátase de Galicia e a miña determinación é absoluta.

Moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Suspéndese a sesión ata esta tarde ás dezaseis horas.

Moitas grazas.

Suspéndese a sesión ás once e corenta e seis minutos da mañá e retómase a sesión ás catro da tarde.

A señora PRESIDENTA: Boas tardes, señorías.

Por favor, vaian ocupando os seus escanos.

Reiniciamos a sesión.

Silencio por favor.

Reiniciamos esta sesión coa rolda dos grupos parlamentarios comezando polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Señora presidenta.

Señorías.

Señor Núñez Feijóo, fixo vostede pola mañá un discurso sen corazón, sen sentimentos e sen alma. Vostede non falou dos problemas dos galegos e das galegas, esqueceuse da dramática situación que hoxe están vivindo milleiros de persoas no noso país; persoas que teñen que acudir aos comedores sociais para comer, persoas que ven como os bancos se quedan coas súas vivendas, persoas que están emigrando pola falta de traballo, persoas, señor Núñez Feijóo, que fan auténticas proezas para poder chegar a fin de mes.

Mais era xa o que nos faltaba por ver, un presidente sen corazón, sen sensibilidade e sen alma. Un presidente que ademais esqueceuse de cales foran os seus compromisos. Vostede chegou á Xunta de Galiza prometendo que ía ser a solución a todos os problemas deste país. Ata chegou a dicir que remataría co paro en 45 días. Porén ningunha das súas promesas se cumpriu e o seu goberno, máis que unha solución, é parte do problema. O seu balanço é nefasto e vostede se pasa á historia será por presidir o peor goberno da historia deste país.

Sinceramente máis que un personaxe histórico encarna un personaxe literario, o que creou Oscar Wilde na súa novela O retrato de Dorian Gray. Dorian Gray estaba convencido de que a beleza era o único que importaba e, de feito, pactou co diaño para que non fora el quen envellecera, senón o seu retrato. E, efectivamente, Dorian Gray non envelleceu, sen embargo os seus pecados e a súa idade acaban marcándose nese retrato. Dorian Gray non soporta ver a imaxe real que representa e opta por esconder o seu retrato nun cuarto.

E iso é exactamente o que fai vostede, esconde o retrato real do seu paso polo goberno. E sabe perfectamente que a realidade non é a que nos presentou hoxe pola mañá e que son os galegos e as galegas os que están pagando os seus pecados. Mais en realidade a vostede o único que lle preocupa é que o seu retrato real non se faga visíbel, porque é consciente do desastre que deixa o seu paso polo goberno.

E, señor Núñez Feijóo, o seu retrato real son os 274.000 galegos e galegas que están no paro; son os mozos e mozas que teñen que emigrar; son os 100.000 galegos afectados polas preferentes; son os traballadores do sector naval que están reclamando traballo; son as labregas que ven como o prezo que lles pagan polo leite non cubre os custos de produción; son as máis de 35.000 persoas que están agardando

nas listas de espera a ser atendidos na sanidade pública; son tamén, señor Feijóo, as traballadoras de Alfageme ou os autónomos deste país afogados hoxe pola falta de crédito.

Esta é a realidade que deixa o seu goberno, un goberno insensíbel, incapaz de sentir como propias as dificultades e a dramática situación que hoxe viven milleiros de persoas e persoas. Un goberno que chega a esta sesión esgotado, sen estratexia nin capacidade para ofrecer solucións.

Non seremos os do Bloque Nacionalista Galego quen lle digamos que todo se pode arranxar desde a Xunta de Galiza. Sabemos ben que a situación é complexa e que, desde logo, as solucións tampouco son fáciles. Mais mire, parafraseando a Kennedy, tamén lle temos que dicir que a dificultade é unha escusa que a historia non perdoa. E vostede leva tres anos con escusas. Primeiro a escusa era o Goberno anterior, a segunda escusa foi o Goberno central e agora case semella que a culpa é da oposición; mais non se engane, segue sendo unha escusa para tapar a súa incompetencia. E cremos,... (Aplausos.) ...ademais, señor Feijóo, que debe asumir as súas responsabilidades e que debe empezar a gobernar porque o seu tempo estase esgotando.

Mire, vostede dicía na campaña electoral que Galiza no ano 2009 estaba nunha situación preocupante e que se comprometía, ademais, a acadar unha Galiza próspera e innovadora. Hoxe a situación xa non é preocupante, é realmente alarmante, señor Núñez Feijóo. Todo indica que estamos en recesión: Galiza ten un récord histórico de persoas en paro, 77.000 máis que cando vostede chegou á Xunta de Galiza. O índice de produción industrial cae no noso país catro veces máis que na media do Estado; vostede esqueceuse hoxe de nomear este dato. A nosa produtividade é inferior á media estatal e estanse alonxando as posibilidades reais de converxencia.

Mais vostede quere esconder esta realidade utilizando o argumento de que temos menos paro que no resto do Estado. Mais esquecese de que esta realidade xa era así hai tres anos. A cuestión é que hai tres anos o diferencial galego era moito maior que hoxe. E fíxese ben, se vostede mantivera a taxa de paro que tiña cando chegou á Xunta de Galiza, hoxe habería 80.000 persoas menos no paro. É dicir,... (Aplausos.) ...hoxe o noso país tería menos persoas en paro que cando vostede chegou á Xunta de Galiza.

Mais vostede que se presentou ás eleccións non cun programa, cun contrato, no que dicía como primeira prioridade acabar coa crise, combater o paro e recuperar a senda de creación de emprego. Hoxe chegou aquí e presentounos como un éxito que o desemprego medrara no noso país o dobre que na media do Estado. E ten que asumir as súas responsabilidades. Vostede incumpriu o seu contrato e vostede adoptou decisións que lle saen moi caras a este país e que están agravando as consecuencias da crise económica.

Mire, proclámanos todos os días que a austeridade é a táboa de salvación de Galiza; mais sabe moi ben que limitar o papel do sector público na economía, o que está facendo é agravar a crise. E que lonxe de ser unha solución para o déficit público, vai provocar que cada vez sexa maior pola caída dos ingresos. De feito, señor Feijóo, a súa solvencia vézola cando triplica a débeda que ten o noso país.

Fíxese a respecto da austeridade o que di o Wolfgang Munchau editor do Financial Times, desde logo non unha persoa sospeitosa de ser de esquerdas, en relación coa crise en Europa. Di: Non entendo como alguén con formación macroeconómica e cun mínimo de honestidade e decencia, pode apoiar a fantasía de que as políticas de austeridade estimulan a economía.

Mais vostede contía coa fantasía da austeridade. Iso si, unha austeridade selectiva. A austeridade por exemplo non lla aplican vostedes aos banqueiros, que si que son os responsables desta crise na que estamos vivindo. (Aplausos.)

E mentres socializan as perdas da banca, intentan culpabilizar ás administracións públicas e ás maiorías sociais desta crise. Como se os fondos que se destinaban á sanidade, ao ensino ou á educación foran un despilfarro, ou tiveran algo que ver coas causas que nos levaron a esta situación.

Mire, nós compartimos a necesidade de que hai que racionalizar a Administración pública, mais cremos que neste terreo vostede tampouco ten tanto de que presumir. Falounos de 42 organismos suprimidos e esqueceuse de que desta cifra 36 elimináronse en virtude dunha lei que promovera o Bloque Nacionalista Galego na pasada lexislatura, e que vostede tardou dous anos en aplicar.

É falso que se suprimiran as delegacións das consellerías. O que fixo vostede foi crear unha figura nova: as delegacións territoriais, comisarios políticos ao servizo do PP. Porén, negouse xa nesta lexislatura a eliminar os gastos de propaganda, a reducir á metade os seus gastos de gabinete ou a suprimir de forma definitiva o plus de altos cargos; que se ten algunha paternidade sabe perfectamente que é a do Partido Popular.

E hoxe fíxonos unha proposta: eliminar dualidades. É curioso que as súas propostas para eliminar dualidades vaian pola vía de eliminar competencias e autogoberno galego. Quereamos, señor Núñez Feijóo, facerlle unha contra oferta, que ademais cremos que ten un amplo consenso social e que suporía aforrar moitos miles de millóns de euros: suprima vostede as deputacións, (Aplausos.) institucións absolutamente obsoletas, señor Núñez Feijóo; suprima as deputacións que son institucións obsoletas e que, como acabamos de ver no noso país, unicamente serven para perpetuar dinastías familiares.

E se quere tamén solucionar os problemas dos concellos deixe vostede de incumplir o Pacto local e aborde o problema de fondo que ten a Administración local no noso país, que é un sistema de financiamento absolutamente insuficiente e que cuestiona a viabilidade dos servizos públicos.

Díxonos tamén hoxe que Galiza está en mellor posición para afrontar a crise grazas ao seu goberno. Sen embargo, os recortes que vén vostede de acometer nos servizos públicos din o contrario, e vostede sigue nunha estratexia de demonización e de ataque ao público.

Pedímoslle, señor Feijóo, que retire esa lei de recortes aos empregados públicos porque só demostra a falsidade de que vostede non está recortando no ámbito público.

E queremos tamén dicirlle que vostede, que presume de solvencia, mantén uns orzamentos que prevén que no ano 2012 a economía galega vaia medrar o 1,1 %; cando —como moi ben vostede sabe—, todo indica e todo anuncia que vamos entrar nunha forte recesión. Sabe, ademais, que esta situación provoca que os seus orzamentos non sexan reais, que aos 250 millóns de euros que xa nos recortou o Estado, e que vostede aceptou sumisamente, hai que sumarlles o recorte que se vai producir nas contas públicas pola caída dos ingre-

sos propios da Xunta de Galiza. Sendo optimista esa cifra rondaría os 150 millóns. Creo que vostede por seriedade, por rigorosidade debería de explicarnos este asunto.

Da mesma maneira que queremos pedirlle explicacións por outro dato que é ben preocupante. Vostede foi tan austero que dilapidou o aforro orzamentario da Administración galega. Acaban vostedes de remitirlle a liquidación do ano 2011 ao Ministerio, a este Parlamento aínda non. E o que nos din esas contas é que Galiza ten un aforro orzamentario negativo de 56,6 millóns de euros. Ou o que é o mesmo, señor presidente, vostede estase endebedando para pagar o gasto corrente da administración, e sabe que ese é o primeiro paso para a insolvencia das contas públicas deste país. Estes problemas, evidentemente, teñen que ver coa súa xestión e tamén cun modelo de financiamento que vostede aceptou e avalou a pesar de ser claramente prexudicial para os intereses de Galiza.

Mire, segundo o sistema que vostede agora critica, pero que aceptou no ano 2009, os recursos que recibe Galiza para financiar as súas competencias significan unicamente o 6,76 % no réxime común. Co anterior sistema a participación de Galiza era do 7,87 %. Fíxese se esta cuestión é relevante que, de manterse o peso que tiña Galiza co sistema do ano 2009, os recursos totais que deberíamos de ter recibido serían de máis de 1.000 millóns de euros máis. Unha cifra, desde logo, nada desprezábel e moi importante nun momento de crise como o actual.

Pero o máis grave deste sistema é que, tal e como está formulado, o desequilibrio cada ano vai ser maior. A nós parécenos que, desde logo, esta é unha cuestión fundamental para o futuro do noso país. Porque é falso que Galiza non teña recursos para manter as nosas competencias; o problema real que temos é un sistema de financiamento que, como acabamos de ver, é insuficiente e que nos discrimina. E, de feito, tamén hai que denunciar que fronte a esa imaxe que vostedes fomentan de que non temos capacidade, de que vivimos da solidariedade, o certo é que o Estado recada moito máis no noso país do que logo reinveste. (Aplausos.)

Mire, vostede durante o debate dixo que ía traballar por modificar este sistema; pero é que iso xa nolo dixo o ano anterior, e o ano anterior. E, mesmo nesta Cámara, nos debates do estado da nación se teñen producido resolucións, unha

no ano 2011, en que lle requiría a vostede que se puxera en marcha unha comisión neste Parlamento para abordar este asunto. Sen embargo, vostede chega agora cos deberes sen facer e o único que nos ofrece son máis palabras e promesas baleiras de contido.

E falemos doutro aspecto que para nós é moi importante e que ten que ver coas desaparecidas caixas. Afirmou vostede na súa intervención de pola mañá: Galiza ten unha caixa fusionada; mais a realidade, señor Núñez Feijóo, é que a caixa galega xa non existe. E nesta situación vostede ten responsabilidades que non pode eludir, e por moito que intente disimular sabe que chegamos a esta situación despois dun pacto político entre o Partido Popular e o Partido Socialista, un acordo entre Zapatero e o señor Rajoy. E sabe, ademais, que vostede foi cómplice da súa desaparición. Vostede aquí fixo simplemente unha oposición teatral, e o único que fixo foi colaborar fielmente para chegar ao punto no que estamos. E nós cremos que hoxe Novagalicia Banco atópase nun calexón sen saída; as opcións reais que hai son: ou ben malvendela aos fondos estranxeiros, ou ben que sexa absorbida por algún deses sete bancos que se farán co conxunto do negocio financeiro español, segundo nos anunciou o señor de Lehman Brothers que dirixe o ministerio de economía. É dicir, consumarase a desaparición do único instrumento financeiro co que contaba o noso país.

Pero nós cremos que isto aínda se pode solucionar se existe vontade política. O Bloque Nacionalista Galego defende que se leve adiante un cambio normativo para que Novagalicia sexa un banco de titularidade pública. Hoxe, señor Núñez Feijóo, debe aclararnos se vostede vai apoiar esta proposta do Bloque Nacionalista Galego, ou simplemente vai quedar mirando como espolian o aforro dos galegos e das galegas.

E tamén queremos pedirlle explicacións sobre outro asunto que nos parece importante: ¿porque veta vostede que esta Cámara investigue o proceso que levou á desaparición das caixas e tamén as indemnizacións multimillonarias que levaron os seus ex directivos? Explíquenos, señor Feijóo: ¿porque veta agora esta proposta e impide que os galegos e as galegas saibamos a verdade de que hai detrás do espolio do noso aforro?

E requirímoslle tamén algo máis de contundencia cando fale sobre a situación que teñen estes 100.000 galegos e galegas

atrapados pola fraude das preferentes. A cuestión non é enviar unha carta a Europa, a cuestión é que vostede debe exercer as competencias que ten Galiza e tamén debe esixirlle ao señor Rajoy que non permita que estas persoas queden sen os seus aforros; porque o que hai que facer é garantir que eses cartos van ser devoltos e que esas persoas van recibir todo ese diñeiro, que fraudulentamente agora teñen atrapado nas entidades financeiras. (Aplausos.)

E abordemos agora, señor Feijóo, cal é a clave de bóveda para saír da crise económica e para poder xerar emprego, que é a nosa economía produtiva; porque fronte ao que defenden os neoliberais, o que crea a riqueza é o traballo, non a especulación. Nós levamos tres anos en política industrial, unha consellería paralizada que improvisa constantemente e que neste tempo brillou máis polos seus erros que polos seus acertos. Vostede reduciu o papel que podía cumprir o Igape, 118 millóns de euros menos este ano. E, por certo, quero dicirlle que a Lei de política industrial non está en tramitación, xa foi aprobada polo Parlamento; debe ser que non é tan importante como vostede nos anunciaba.

Mais analicemos algunhas das cuestións das que falou vostede hoxe: sector eólico. A realidade, señor Núñez Feijóo, é que o sector eólico está paralizado desde que vostede chegou ao Goberno. E vostede sabe que falta a verdade cando afirma que o seu plan vai seguir adiante. Foi precisamente o señor Rajoy quen tombou o seu plan estrela para loitar contra a crise e crear emprego. Tombouno cando decidiu suprimir as primas ás renovábeis, e por moito que vostede se esforce en dicir o contrario, sabe que ese plan non vai ir adiante. É máis, acaba de dicirlllo a Comisión Nacional de Enerxía que vén de anunciar –saíu este sábado nos periódicos– que se plantexan un parón do sector eólico ata o ano 2020. É evidente que se vostede non tomara a decisión errada de anular o anterior concurso, hoxe teríamos ao sector eólico funcionando e creando emprego.

Máis, señor Feijóo, cremos que mirar para o pasado non soluciona os problemas dos galegos e das galegas, e cremos que vostede ten que reaxir. O Bloque Nacionalista Galego está disposto a que botemos abaixo no Congreso dos Deputados este decreto. A clave é se vostede ten disposición a comprometer que os deputados e deputadas galegas do Partido Popular van apoiar esta iniciativa do Bloque Nacionalista Galego.

lista Galego. Porque iso si que é defender a Galiza. (Aplausos.)

Falou vostede tamén pola mañá da situación no naval, e permítame que para describirlle realmente cal é a situación que hai hoxe colla unhas palabras que lin hai poucos días dun traballador, recentemente despedido da empresa Factoría naval; empresa que, por certo, recibiu 22 millóns de euros da Xunta e das entidades financeiras, en teoría co compromiso de manter o emprego. Escolte o que lle ten que dicir. Di: “Todos temos familias, hipotecas e demais. Dedicamos moitos anos da nosa vida a esta empresa e agora atopámonos con que nos tratan peor que a animais. Xa nin sequera nos van abonar as indemnizacións por despedido. O propio conselleiro díxonos que habería unha solución, pero ao final pasou o que pasou, e nós sentímonos estafados e enganados”. Creo que non se pode ser máis claro e máis rotundo á hora de calificar a súa política.

Hoxe pola mañá tampouco vostede lle deu ningún tipo de motivo para que os traballadores e as traballadoras do naval teñan esperanza, non asumiu ningún compromiso concreto. Preocúpanos moito que vostede non falara hoxe da situación do dique flotante. Preocúpanos moito máis despois de comprobar que vostede cando foi a visitar a vicepresidenta do Goberno esqueceuse falar do dique flotante e tamén, polo que recollen as crónicas desa visita, da necesidade de dotar de carga de traballo a Navantia. Seguramente porque vostede sabe que o Partido Popular non ten intención de ir por esta dirección e que non vai cumprir cos compromisos que adquiriu na recente campaña electoral.

E tamén non é só unha cuestión de pedir a Madrid, vostede ten responsabilidade neste tema, en campaña, despois da campaña, durante estes tres anos leva indo vostede a Ferrol a dicir que vai haber un centro de reparacións do naval, sen embargo, a día de hoxe non existe, e vostede tampouco mencionou este asunto na súa intervención.

Hoxe, os traballadores e as traballadoras do naval están novamente mobilizándose. Nós pedímoslle que non os critique; nós pedímoslle, desde logo, que non os culpabilice da situación do sector, como fixo recentemente, e agardamos que se poña do seu lado e que traballe por ser parte da grave situación na solución que neste momento se require. Porque, mire, o sector hoxe está nun momento crítico: Navantia non

ten carga de traballo a partir de xuño deste ano, no 2011 só un dos asteleiros galegos conseguiu novos contratos, o futuro do sector da ría de Vigo está no aire se non se soluciona rapidamente o problema do Tax lease, e pensamos que están tardando demasiado e que vostedes deberían de facer máis presión.

Tampouco, señor Feijóo, van mellor as cousas para outros sectores como a automoción, que vimos como perdeu o liderado da produción e como nestes tres anos destruíu 7.000 postos de traballo. E, certamente, aquí máis unha vez atopámonos como as súas promesas non son realidades. Afirmou que o coche eléctrico era a solución de futuro, o seu conselleiro de Industria mesmo nos dixo que no ano 2014 circularían 10.000 vehículos deste tipo por todas as estradas galegas; sen embargo, resulta que no 2011 só se venderon 31. E gustaríanos tamén que nos dixera en que lugar de Ourense está instalada esa empresa de fabricación de coches eléctricos que vostedes anunciaron antes das municipais e que parece ser que ía crear 1.000 postos de traballo. O señor Guerra chegou a afirmar –pode acudir vostede ás hemerotecas– que en maio de 2011 os vehículos que se ían fabricar en Ourense estarían testados nas estradas de Ourense e que ese compromiso situaría a Galiza na vangarda do I+D+i. ¿Onde está instalada esta fábrica, señor Feijóo? Ten vostede que responder. (Aplausos.)

Máis falemos tamén de como o seu goberno sitúa a Galiza na vangarda do I+D+i. Os últimos datos publicados polo INE revelan unha caída de investimento que volve situar a Galiza lonxe da media estatal. En 2011 a Xunta non realizou a convocatoria de proxectos de I+D, nin persoal de apoio á investigación, e as perspectivas deste ano son peores. E o Fondo tecnolóxico de empresas, do que nos falou hoxe pola mañá, non executou nin un só euro ata este momento.

Tampouco, señor Núñez Feijóo, a súa situación noutros ámbitos é mellor. O turismo ten o peor comportamento dos últimos anos. Mentres no Estado as cifras poñen de manifesto unha recuperación, en Galiza cae estrepitosamente.

E o comercio creo que o problema que ten non é a posibilidade de que abran novos comercios, o problema é que non se sigan pechando comercios. Levamos desde que vostede chegou á Xunta con 10.000 establecementos menos.

Tampouco, señor Feijóo, o agro e a pesca corren mellor sorte; máis vostede xa nos deixou moi claro coa súa remodelación do Goberno que estes non son ámbitos preferentes de actuación e que renuncia a actuar. O seu compromiso de apoiar o sector pesqueiro levou á destrución de 1.800 empregos directos no mar e máis de 8.000 en terra. Está practicando unha política que claramente deixa o sector desamparado e sen ningún tipo de apoio. Pero nós cremos que non é só negligencia. Vostedes comparten un deseño que conleva substituír a actividade pesqueira e marisqueira pola agricultura, destruír a base produtiva no país que xera riqueza e emprego para entregarlle a nosa costa ás multinacionais da acuicultura. Ese é, señor Núñez Feijóo, o verdadeiro obxectivo que esconde vostede detrás dese Plan de acuicultura que desprotexe a costa galega.

Tampouco o sector agrario ou forestal melloraron coas súas políticas. No sector lácteo optou por dismantelar todos os elementos de vertebración: eliminou a mesa do leite; eliminou os contratos homologados galegos; renunciou a que Galiza creara unha dinámica propia no sector, e a súa receita, xa nola deixou moi clara pola mañá, é deixar os nosos labregos e labregas indefensas ante as decisións de Madrid e de Bruxelas. E nós cremos que este asunto é importante para tomar cartas e que vostede non pode seguir sen facer nada para atallar os problemas que ten. Porque, mire, a desaparición do sector lácteo cremos que é un luxo que este país non se pode permitir. Creemos, ademais, que incide noutro aspecto que debería de ser vertebral e ao que vostede non fixo referencia hoxe pola mañá: a desaparición do sector lácteo ten moito que ver coas dinámicas demográficas e co envellecemento de amplas zonas de Galiza.

Aproveito para lembrarlle que vostede se esqueceu do seu Pacto pola demografía, que fora un dos seus compromisos do ano 2010 máis que se paralizou a comisión que estaba constituída neste Parlamento, e vostede nesta materia non fixo nada. É, desde logo, unha mostra de cal é o valor da súa palabra e de como valora vostede os pactos.

Ata aquí, señor Núñez Feijóo, o retrato que vostede quere esconder sobre a súa política económica. Preséntanos a austeridade e o control do déficit como solución á crise, máis a crise cada vez faise máis profunda. E vostede está escondendo que para cadrar as contas públicas o que fixo foi endebedar a Galiza. En tres anos triplicou a débeda que ten este

país. No seu fanatismo contra o déficit só conseguiu incrementalo. Deixará Galiza tres veces máis hipotecada que cando chegou; non só no terreo económico, senón tamén no terreo social. Porque, señor Núñez Feijóo, existe outro déficit que é o déficit social que vostede está incrementando.

Leva toda a lexislatura afirmando que blindou os servizos públicos; mais unha mentira, aínda que se repita cen veces, segue sendo unha mentira. Os recortes que leva aplicados o seu Goberno centráronse fundamentalmente nos investimentos produtivos e nas políticas sociais. En tres anos o recorte acumulado supera os 700 millóns de euros. Leva vostede tres anos repetíndonos ese dogma neoliberal de que hai que recortar o papel dos poderes públicos, de que se vive por riba das nosas posibilidades e de que os servizos públicos non son sostíbeis.

Nós cremos que existen recursos para corrixir o déficit social, o que pasa é que non se recadan. De feito, o Estado español, que é quen menos inviste en políticas social de toda Unión Europea, o que ten é o maior índice de fraude fiscal e ten tamén un dos sistemas máis regresivos. Fíxense, mentres as grandes empresas só pagan o 10 % dos seus beneficios ou os multimillonarios, a través das Sicav, a penas o 1 %; os traballadores e as traballadoras cotizan de media o 43 % do seu salario. Mais, nin antes o PSOE nin agora o Partido Popular queren alterar esta situación. Máis ben o que fixeron foi acrecentar a regresividade do sistema cunha reforma que supón un novo incremento de impostos que van ter que pagar o conxunto dos traballadores e das traballadoras, como moi ben puideron comprobar nas súa nóminas. E nesta liña tampouco vostede, desde a Xunta de Galiza, quixo loitar contra a fraude fiscal, nin quixo facer unha reforma fiscal xusta. Propuxémoslle e reiterámoslle, hoxe neste debate, que rebaixe a 300.000 o mínimo exento no imposto sobre o patrimonio e que cree un novo tramo autonómico do IRPF para rendas superiores a 100.000; porque o Bloque Nacionalista Galego acredita que hai que facer real esa máxima de que paguen máis os que máis teñen. (Aplausos.)

Mais a vostede interésalle cuestionar os servizos públicos e degradar o seu funcionamento para xustificar o proceso de privatizacións; a pesar de que privatizar o servizo resulta máis caro, tanto humana como economicamente, e representa un modelo fracasado. Vostede, que viaxa tanto, pode ir a Inglaterra que foi pioneiro neste fracaso, mais tamén pode ir

máis cerca, ten Madrid ou ten tamén Valencia como exemplos de como a privatización da sanidade pública o único que fai é quebrar o sistema e dar unha peor atención aos seus cidadáns. E ese modelo fracasado é o que vostede introduciu na Galiza coa construción do novo hospital de Vigo ou dos novos centros de saúde que, por certo, a pesar do que dixo pola mañá, foi incapaz de licitar nin o primeiro nesta lexislatura. A súa decisión implica non só privatizar a sanidade, senón que tamén deixa unha hipoteca para xeracións futuras; acaba de advertirullo o Consello de Contas, mais tampouco vostede o escoita. Co seu sistema imos pagar máis do dobre pola construción do hospital de Vigo, e ademais déixalle vostede unha hipoteca de corenta anos aos que veñan detrás de vostede. E aínda que insista en que non quere introducir o mal denominado copago na sanidade, o certo é que vostede xa lle cobra 10 euros aos galegos e as galegas pola renovación da tarxeta sanitaria, e o certo é que introduciu cambios normativos que abren a porta a este repago nos servizos como o transporte sanitario, ou no que vostedes denominan uso irresponsábel da sanidade. Unha opción á que nós opoñemos desde o Bloque Nacionalista Galego porque os cidadáns xa pagan a sanidade cos seus impostos, e o que vostedes queren introducir é un repago, é dicir, que paguen dúas veces polo mesmo servizo. (Aplausos.)

Acabamos de coñecer os datos de como empeoran os indicadores de saúde en Portugal despois de ter establecido este sistema. E este estudo o que indica é que a súa aportación ao financiamento é residual e que está provocando unha grave exclusión social; exclusión que vostede tamén aplicou na Galiza durante o ano 2011 coa desactivación masiva de tarxetas sanitarias de persoas paradas ou sen recursos. O seu Goberno primeiro negouno, logo tivo que recoñecelo, e está tardando demasiado en solucionar este problema. Señor Feijóo, debe ter o teléfono estropeado; seguen aparecendo casos de persoas coas súas tarxetas desactivadas e vostede non cumpriu a palabra de que iso non ía volver acontecer neste país.

E mentres vostede nos recorta e privatiza, os galegos e as galegas sofren o incremento das listas de espera. As listas de espera medraron coa súa xestión, e neste momento ata o Colexio Médico vén de denunciar que hai lista de espera en atención primaria, que hai milleiros de cidadáns que non constan nas listas de espera oficiais porque simplemente non lles dan cita, e que, ademais, hai unha derivación de cirurxí-

as á privada por incapacidade para atender as actividades programadas. Todos estes problemas percibidos e padecidos pola poboación galega fixeron que se reactivaran plataformas cidadás en defensa da sanidade pública que están pedindo un cambio de rumbo. Un cambio de rumbo que vostede parece non disposto a querer acometer. Máis ben creo que vive vostede noutra dimensión. Hai poucos días díxonos neste Parlamento e coñecemos que vostede tiña moito interese por pasar á historia, ¿non? Anunciounos que ía pasar á posterioridade como defensor da sanidade pública; sen embargo, señor Núñez Feijóo, o seu legado vai ser o desmantelamento do servizo máis valorado e máis útil para a igualdade e o equilibrio social.

E onde si, desde logo, vostede conseguiu un fito histórico foi no ámbito educativo: conseguiu que toda comunidade educativa rexeite os seus recortes e demande un cambio de rumbo. Os reitores das universidades denuncian que co seu plan de financiamento é imposible acadar o prometido investimento do 1 % do PIB no ano 2015, e alértanlle tamén de que cos niveis de financiamento están por baixo da estabilidade. Os recortes tamén se materializaron en 1.500 profesores menos ou en 282 aulas suprimidas na pública; mentres vostede incrementa en 18 os concertos á privada. Porque esta foi a súa verdadeira aposta no ámbito educativo: beneficiar a escola privada, que estivo claramente privilexiada en programas como Avalar ou centros plurilingües.

E no eido educativo, efectivamente, tivo vostede outra aposta que foi reducir a presenza do galego no ensino. Impuxo un decreto contra o galego a pesar de ter en contra ao Consello Escolar de Galiza e a milleiros de cidadáns que se manifestaron convocados pola plataforma de queremos galego.

Mais abordemos outra cuestión que a nós nos parece moi importante e que é a situación da dependencia. No seu esquecido contrato coa cidadanía, vostede prometeu dependencia efectiva; sen embargo, a súa xestión nesta materia colocou a Galiza no penúltimo lugar do Estado en atención a persoas dependentes. Hoxe hai 28.000 galegos e galegas que teñen dereito a unha prestación e que están agardando por vostede. Ata as pasadas eleccións xerais, vostede reivindicaba que o Estado tiña que financiar o 50 % do custo real da aplicación da Lei da dependencia, mais agora que goberna o señor Rajoy, vostede abandonou esta posición e non di nada ante o anuncio de paralización da aplicación da lei. E

non nós explicou hoxe vostede que está preparando un decreto que vai a supoñer a xeneralización do copago na dependencia e que, tamén nestes ámbitos, vostede iniciou un proceso de privatización dos centros de día e residencias; por certo, todos eles iniciados na lexislatura anterior, e mesmo segue tendo algúns construídos e pechados. Parece-nos, señor Núñez Feijóo, que tamén nós debería de explicar se segue mantendo o seu compromiso da sesión de investidura: dotar dun centro de día a todos os concellos galegos de máis de 1.500 habitantes e dunha residencia pública a todas as comarcas. Estamos agardando, señor Núñez Feijóo, que nos diga como vai facer para cumprir cos compromisos que adquiriu na sesión de investidura.

E non quixeramos deixar de mencionar o que fixo vostede no ámbito das políticas de igualdade: A pesar do notábel incremento do desemprego, en tres anos non aprobou un Plan de emprego feminino ao que está obrigado por lei; eliminou as axudas para as mariscadoras de 65 anos; eliminou as axudas para o acceso das labregas a cotitularidade; eliminou as axudas para as mulleres que despois de ser nais quixeran reiniciar os seus estudos e, no colmo, chegou a reducir as axudas ás mulleres que sofren violencia de xénero. Recortes e austeridade que vostede, como sempre, aplicou selectivamente. Vostede, señor Núñez Feijóo, non é pioneiro nas políticas de igualdade; vostede é pioneiro no ataque aos dereitos das mulleres (Aplausos.)

Mire, a semana pasada escoitabamos unhas declaracións do señor Gallardón que constitúen un auténtico insulto á dignidade e á loita das mulleres pola igualdade. Mais é certo que neste terreo vostede fora pioneiro, porque ese foi o seu discurso cando decidiu aprobar e apoiar a REDMADRE. O PP, señor Núñez Feijóo, non está defendendo o dereito das mulleres á maternidade, vostedes o que están é cuestionando a capacidade das mulleres para poder decidir libremente se queren ser nais. E, mire, se vostede estivera preocupado pola maternidade tería cesado fulminantemente á directora da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial cando despediu a unha muller despois de dar a luz; se vostede estivera preocupado por este tema non tería reducido as axudas a familias con fillos menores a cargo, ou tamén, señor Núñez Feijóo, retiraría o desmesurado crecemento nos prezos que vai aplicar nas escolas infantís. A súa política, señor Feijóo, si que é violencia estrutural contra as mulleres (Aplausos.)

E ata aquí o retrato real de como vostede, ao igual que Dorian Gray, tenta agochar o que supuxeron as súas políticas no eido económico e social: incremento alarmante do paro; laminación dos nosos sectores produtivos; deterioro dos servizos públicos; privatización e incremento das desigualdades.

Mais hai outros aspectos que nós non podemos deixar de mencionar pola súa importancia para unha nación como Galiza, que ten lingua e cultura propia e con vontade secular de seguir sendo esa célula de universalidade da que nós falaba Castelao. En vinte e cinco anos é a primeira vez que o presidente da Xunta de Galiza non fala sobre a situación que ten o idioma galego, mais é certo que nunca un presidente da Xunta iniciara unha cruzada contra o galego como vostede. Vostede, que cando lle interesa alude ao consenso e aos acordos, dinamitou o pacto xerado na último lexislatura de Fraga en torno á lingua, e que se recollía no Plan xeral de normalización da lingua galega. Por primeira vez na historia da autonomía, un Goberno prohibe que o galego se poida utilizar nas matemáticas, na física ou na informática. Hoxe, non queda nin un só xornal escrito en lingua galega, e o noso idioma nunca tivo menos apoio por parte dun Goberno. E vostede presentounos esta política como amabilidade lingüística. Non se engane e non tome por parvos aos galegos e as galegas. (Aplausos.)

Tampouco, señor Núñez Feijóo, a cultura propia deste país recibiu o apoio preciso. A súa decisión de eliminar a Concellería de Cultura é unha pinga máis no proceso de desmantelamento da cultura galega. Realmente hai unanimidade en todos os sectores culturais á hora de criticar a súa xestión e cualificar a súa política coma un auténtico desastre. Mentres vostede reducía drasticamente o apoio ao noso cinema, teatro, literatura ou cultura de base, continúa dilapidando recursos públicos nun dos maiores exemplos de despilfarro do noso país: a cidade da cultura. É indecente, señor Núñez Feijóo, que se gasten 500 euros ao día en quentar dous edificios, ou que vaia destinar 1,5 millóns de euros a unha exposición temporal. Fíxese que esa é a mesma cifra que vostede destina a dotar de libros a todas as bibliotecas do noso país. Cremos que en tempos de crise e de duros recortes en todos os ámbitos, vostede non pode continuar con este dispendio; terá que reducir os gastos de funcionamento e adoptar a decisión que a nós neste momento nós parece máis atinada: paralizar definitivamente os dous edificios que están sen construír. (Aplausos.)

E tocando as relacións co Estado e a defensa de Galiza, é certo que vostede xa non disimula cál é a súa principal preocupación: que Galiza non sexa un problema para España. E esta, sen dúbida, é a causa de que o seu Goberno presente o peor balance en traspaso de competencias da nosa historia; que renunciara desde o minuto cero á reforma do Estatuto, ou que se negue a poñer en marcha a policía galega a pesar de que iso si serviría para eliminar duplicidades.

É a visión instrumental que sempre tivo o Partido Popular de Galiza. Vostede puxo a Xunta ao servizo da campaña electoral e agora, unha vez conseguido o seu obxectivo, a súa única obsesión é non causarlle problemas a Mariano Rajoy; unha actitude que ten custos: xa o vimos no eólico, nas caixas, no financiamento ou á hora de defender que o Estado salve a débeda en materia de infraestruturas; desde logo, o caso do Ave é paradigmático. Non imos aquí, por falta de tempo, facer historia sobre o trato discriminatorio que os goberno do Estado, foran do PP ou do PSOE, tiveron con Galiza; mais a cuestión, señor Núñez Feijóo, é que novamente a finalización do Ave está no aire e vostede ten unha responsabilidade que non pode escorrer. E ten que dicirlle aos galegos e as galegas se vai facer que se cumpra o Pacto do obradoiro, que segundo vostede era un pacto entre dous gobernos que blindaba a chegada do Ave.

Señor Feijóo, asumimos que Galiza está nun dos momentos máis difíciles das últimas décadas. Créame cando lle digo que a nós nos gustaría que o seu balance non fora este que acabamos de retratar. O Bloque Nacionalista Galego tivo sempre a man tendida para chegar a acordos beneficiosos con Galiza: fixémoslo no tema das caixas; fixémoslo tamén no catálogo de medicamentos. O problema, señor Feijóo, non é que vostede non teña unha posición coa que dialogar; o problema é que vostede non escoita a ninguén e normalmente traizoa os acordos aos que chega (Aplausos.)

Lamentablemente, hoxe Galiza está peor que hai tres anos, e vostede adoptou decisións que agravaron as consecuencias desta crise; que están xerando un incremento moi importante das desigualdades sociais no noso país. Durante estes anos vostede, ao igual que Dorian Gray, intentou esconder o retrato do seu Goberno e, hoxe chega aquí ofrecendo máis do mesmo: continuar cunha política fracasada que está arruinando a Galiza. Mais, señorías, os galegos e as galegas mellor que ninguén sabemos que nunca hai un único cami-

ño, sempre hai alternativas. E temos que dicirlle que claro que hai debate na sociedade sobre as razóns...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ... que nos levaron a esta crise. E hai tamén malestar crecente coas medidas que os grandes poderes económicos e financeiros nos están impoñendo e que vostede aquí acepta dunha maneira sumisa. Alternativas que hoxe o Bloque Nacionalista Galego formula e formulará nas súas propostas de resolución igual que o vén facendo nos debates que se producen nesta Cámara; alternativas que defenden o dereito de Galiza a ter capacidade de decisión real, a termos dereito a vivir do noso traballo, a vivir dos nosos sectores produtivos; alternativas que apostan por unha reforma fiscal xusta, por deixar de usar os recursos públicos para tapar os buratos da banca privada e apostar por unha banca pública galega que facilite o acceso ao crédito aos autónomos e ás familias; alternativas que apostan polos nosos sectores produtivos: polo naval, polo eólico, pola pesca ou pola agricultura; alternativas que defenden a sanidade, a educación ou os servizos públicos como elementos clave da nosa sociedade e a única maneira de garantir os dereitos da cidadanía.

Dereitos, señor Núñez Feijóo, que vostede atacou durante estes tres anos; dereitos que novamente o PP do Estado agrede cunha reforma laboral tan agresiva como inútil e inxusta. E vostede en vez de poñerse do lado dos galegos e das galegas, máis unha vez escolleu defender o PP.

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Remato, señora presidenta.

Atreveuse vostede a dicir que a reforma estaba pensada para favorecer os parados, aínda que isto supuxera sacrificios dos que tiñan o privilexio de ter emprego. O emprego non é un privilexio, é un dereito; señor Núñez Feijóo. (Aplausos.)

Esta reforma vai xerar máis paro, e vostede insulta os galegos e as galegas con estas declaracións; como se aquí as persoas deste país gozaran de salarios desorbitados e dunhas condicións laborais excelentes. O vindeiro día 29 hai convocada unha folga xeral que o Bloque Nacionalista Galego apoia porque, ante a agresividade do PP, á cidadanía só lle queda expresarse nas rúas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Remato, señora presidenta.

A señora PRESIDENTA: Remate.

A señora PONTÓN MONDELO: Reitérolle, señor Núñez Feijóo, o que lle dixen un día: se esta reforma lla aplicáramos a vostede, estaría xa despedido. Honestamente creo que cada día que pasa son máis os galegos e as galegas que teñen asinado o seu finiquito, e que están pensando en despedilo sen indemnización e por unha causa obxectiva: vostede é o peor presidente da historia de Galiza.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.
(Aplausos.)

Silencio, por favor.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra don Manuel Vázquez Fernández.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Señora presidenta.

Señoras e señores deputados.

Señores invitados, grazas pola súa presenza.

Permítanme que empece directamente este debate do estado da autonomía de Galicia dende o máximo realismo. Celebramos este debate sobre política xeral de Galicia nun dos peores momentos da historia da nosa autonomía. Estamos vivindo unha situación crítica, presidente, unha situación que afecta o conxunto da cidadanía galega. A angustia polo presente e a desesperanza ante o futuro son dous sentimentos que están xeneralizados neste momento entre as galegas e os galegos. A nosa prioridade nesta Cámara ten que ser a busca dun consenso, a busca de solucións alternativas que permitan paliar esta situación e xerarlle ao noso pobo expectativas, e incrementar a confianza da cidadanía nestas institucións e nos representantes políticos que aquí estamos.

Máis que nunca, señorías, exíxesenos un esforzo adicional para acadar o consenso necesario sobre os principais problemas que hoxe Galicia ten enriba da mesa. Eses problemas,

presidente –que non escoitei á mañá–, chámanse paro, chámanse reactivación económica e chámanse mantemento dos servizos públicos básicos. Temos a obriga, señorías, de chegar a acordos que contribúan a resolver os déficits, porque nesta situación extrema calquera outro posicionamento desta Cámara non nos levaría a ningún sitio máis que ao fracaso.

É evidente, presidente, que do balance que fixo vostede da lexislatura esta mañá, ao balance que temos nós; non hai nada que nos una. O que vemos nós en Galicia, presidente, un record histórico do número de persoas no paro: 274.675 mulleres e homes que están en situación de desemprego; son case 68.000 persoas máis no paro dende que vostede é presidente. Vostede vai pasar á historia como o presidente co que se destruíu máis emprego en Galicia.

Falaba vostede de economía e de que estabamos mellor. Temos un menor crecemento da economía galega, xa que no 2011 o noso PIB creceu un 0,5, dúas décimas menos que todo o Estado; mentres que no ano 2008 tiñamos 8 décimas máis que o resto do Estado. Vostede non pode vir aquí dicindo que Galicia está mellor que España; con vostede Galicia está moito peor que o resto de España.

E nos servizos públicos básicos dedicámoslle a sanidade 2.270 euros por habitante, cando no 2009 eran 2.570 euros. Con vostede nestes tres anos cada galego dispuxo de 900 euros menos para a súa sanidade, a súa educación e a súa acción social. Estes son os datos, presidente, eu pregúntolle: ¿a onde levou vostede este país nestes tres anos?

Cúmprense xa tres anos da chegada á presidencia da Xunta. O que para vostede pode ser unha conmemoración, para Galicia é unha data triste. Unha data que nos recorda dende cando carecemos de proxecto neste país; dende cando deixamos de crer na posibilidade dun futuro mellor para este país; dende cando nos somerxemos nun Goberno que nunca, nestes tres anos, estivo á altura das circunstancias. Un Goberno que en vez de centrarse na resolución dos problemas e atender as necesidades da cidadanía, ¿saben que fixo?, dilapidou o tempo e os recursos en facerlle oposición á oposición, en desmontar o que xa estaba feito e en mirar sempre cara a atrás.

Este debate, señorías, é a oportunidade para cambiar de actitude e comezar a mirar cara a adiante. Antes de oílo esta

mañá eu esperaba que, por primeira vez nesta lexislatura, se ocupara das prioridades que teñen os galegos; pero vexo e escoitei que non foi así. Os problemas comezan, presidente, pola desastrosa xestión económica dos últimos anos. Non escondan as súas responsabilidades na crise económica xeral. ¿Recorda cando vostede dicía: o Goberno galego é o responsable? Pois eu dígolle: o Goberno galego e o seu presidente son os responsables.

Galicia está sufrindo os embates desta crise con maior dureza que outros territorios, mesmo naqueles onde a construción era o principal elemento de atracción. Vostede hai tres anos firmou aquel contrato con Galicia; hoxe, os galegos están en condicións de denuncialo por incumprimento de contrato, presidente. (Aplausos.) Vostede tiña hoxe unha oportunidade de facer un balance de lexislatura, de dicir aquí con sinceridade e explicar os resultados, explicar logros e explicar déficits. Pero a súa intervención foi, coma sempre, unha fuxida cara a adiante. Seguir prometendo máis para ver se así a xente se esquece das anteriores promesas que seguen permanentemente incumpridas.

¿Cal é o balance económico da súa xestión? Non llo vou dicir eu. Permítame que tome como referencia a alguén tan pouco sospeitoso como o servizo de estudos do BBVA –chégame só co título–; a súa última análise de economía galega ¿sabe como a titula?, Galicia 2011, de máis a menos. ¡Que rápido e ben se explica! De novo estamos constatando algo que vostedes rexeitan: a historia dun fracaso que cada día constatamos máis. ¿En que quedaron os seus compromisos? Tres anos repetindo o mesmo en todos os debates do estado da autonomía, tres anos repetindo o mesmo nos orzamentos, o discurso de investidura... ¿en que queda todo, presidente? En nada.

O seu compromiso coa creación de emprego sáldase cun fracaso estrepitoso que sume as galegas e os galegos na desesperanza. Señor Feijóo, déalle as voltas que queira, míreo dende onde queira, o paro no 2011 creceu o dobre en Galicia que en España; o paro no 2011 crece en Galicia un 14 % e crece en España un 7 %. Por iso que por moito que vostede retorza as cifras está claro que o número de parados con vostede aumentou en cerca de 68.000 persoas nestes tres anos.

Pero ten outro récord importante, presidente, por primeira vez en nove anos caeu o número de afiliados á seguridade

social por baixo do millón de afiliados. O máis grave non é soamente que aumenta o paro, o malo é que de cara ao futuro, nunha análise polo miúdo de actividades económicas, vemos que está aumentando o paro nos sectores estratégicos para o desenvolvemento da economía galega. Nós, neses sectores, temos unha perda moito maior que o resto do Estado. Este diferencial é o que demostra palmariamente que vostede non ten un proxecto económico para este país.

Un repaso sutil, presidente: a industria no 2011 perdeu o 9,2 % en Galicia, 13.806 traballadores e traballadoras; moi por riba da media estatal. Outro dato sinxelo: no sector agrícola e gandeiro Galicia perde 1 de cada 10 empregos, mentres España perde 1 de cada 100. Nun país agrícola como Galicia multiplicamos por 10 a perda de emprego en comparación con España.

O naval. Señor presidente, cando o oín falar á mañá non daba crédito. Debe ser vostede o único galego que non sabe que neste momento miles de homes e mulleres do naval de Ferrol veñen camiñando cara a San Caetano. E veñen camiñando para esixirlle a vostede, presidente, que faga o que prometeu co dique flotante e co centro de reparación que sempre prometeu alí. (Aplausos.) Vostede, presidente, non pode ir a un sitio contando unha cousa e vir a outro sitio contando outra. Estoume imaxinando a cara destes traballadores cando se decaten do que vostede contou aquí esta mañá.

Nos sectores públicos Galicia perdeu 3.500 postos de traballo, máis de 2.100 en sanidade e 1.150 empregos en educación. Ademais destes problemas no que atinxe á cifra do paro, permítame que llo complementemente con algo que –non sei por onde– vostede obvia permanentemente. Á parte de que temos moita xente no paro, en Galicia os salarios son un 12 % máis baixos que os do resto dos traballadores de España. E as pensións medias de Galicia son o 16 % máis baixas que as do resto dos pensionistas de España. Ou sexa que nesa Galicia, da que vostede está tan satisfeito, temos menos traballo, estamos peor pagados e cando nos retiramos seguimos sendo os peor tratados de toda España.

Pero ¿que balance fixo vostede esta mañá, señor presidente? A preocupación súa polo desemprego non deixa de ser pura retórica, como vén facendo sempre.

A loita contra o paro require ideas e recursos; a loita contra o paro require que sexamos claros á hora de poñer propostas encima da mesa. Vostede, neste tempo, reduciu os recursos e non tiña ideas. Neste debate se vimos aquí falar dos problemas de Galicia, todos sabemos que o principal problema de Galicia se chama desemprego. Vostede non lle dedicou esta mañá nin cinco minutos; nin unha soa proposta, nin unha soa esperanza. Hai que propoñer solucións, presidente, e eu propoño unha —da que vostede nestes tres anos nunca quixo nin falar dela—, hai que xerar recursos para dedicarllos ao emprego. Vostede vive obsesionado cunha cousa: con recortar. E renunciou sistematicamente ao principal motivo de reactivación que é xerar recursos.

Eu vou facer unha proposta concreta baseada en tres eixes de actuación: primeiro, tome a decisión e faga unha acción pública para loitar contra o desemprego; segundo, tome a decisión que lle está pedindo a sociedade, sexa valente e adoptemos novas medidas de fiscalidade, e terceiro, destinémoslle eses recursos á creación de emprego. Estes son os eixes da nova economía, presidente, pola que está esperando toda Galicia; non chega con recortar. Dinllo en Europa, dinllo en América, dinllo xa en España, e vostede vén aquí e non é capaz de plantexar nin unha soa medida.

Do que se trata é de xerar ingresos sen gravar as rendas medias e baixas e sen vulnerar o obxectivo de déficit e destinalo a crear emprego. Esa é a clave, presidente, ¿por que non falamos diso? Temos que recadar máis; esixámosllo a quen máis ten. Eu propoño medidas concretas de fiscalidade; propoño que sexamos capaces de introducir novos tipos nos tramos autonómicos do IRPF para gravar con máis xustiza as rendas máis altas deste país e que contribúan á reactivación económica. (Aplausos.)

Propoño, presidente, e pídolle especial atención xa que o debe de facer. Propoño a creación dun novo imposto á banca no noso país. Un imposto para gravar os depósitos bancarios segundo o seu uso e rendibilidade, coa prohibición legal de transferir o custo deste imposto aos seus clientes. Fágao, presidente; outras comunidades autónomas xa o están facendo. Si, xa o están facendo. Outras comunidades autónomas tomaron a decisión de que se a banca segue tendo cuantiosos beneficios, se a banca é responsable desta situación e desta crise, que paguen impostos para reactivar a economía do noso país. (Aplausos.)

Propoño, presidente, o incremento do imposto do patrimonio, a revisión do imposto de sucesións; que grave máis a quen máis recibe e que colaboren en todo iso.

Propoño, presidente, para reactivar este país, novas figuras impositivas para gravar os custos medioambientais das grandes áreas comerciais e de venda do noso país. Gravemos a emisión de elementos contaminantes á atmosfera; grave-mos o aproveitamento empresarial das augas, das terras, dos espazos naturais; grave-mos os que teñen cuantiosos beneficios e aproveitemos estes recursos, xunto cunha loita real contra a fraude fiscal, para xerar ingresos e poñer en marcha a economía de Galicia.

Isto é reactivación, presidente, isto chámase —en termos literais— 500 millóns de euros que veñen poñer en marcha unha serie de plans que, se me permite, llos vou recordar: primeiro, que con estes recursos dediquemos 150 millóns de euros a unha cousa que fai moita falta. Eu propoño crear, presidente, 250.000 becas-contrato de formación para mozos e mozas do noso país. Becas-contrato dun ano de duración e cunha contía de 500 euros mensuais que se recibirían a cambio de traballo para a comunidade nos sectores e ámbitos de actividades das empresas públicas galegas. Estas becas-contrato poderían ser, no seu caso, compatibles con calquera outra prestación, contrato ou oportunidade laboral. Propoño dedicar destes 500 millóns 120 millóns de euros á promoción e contratación de 20.000 persoas; en promoción e contrato de xóvenes en paro; en mantemento de emprego en sectores estratéxicos, e en promoción de emprego en economía social. E propoño dedicar o resto destes recursos, presidente, a unha conversión do Igape nunha axencia de crédito público. Unha axencia que facilite préstamos directos e instantáneos a Pimes e emprendedores de ata 50.000 euros a un interese simbólico do 1 %. (Aplausos.)

Presidente, se nós queremos e somos valentes con decisións realistas, temos que abordar o fracaso na loita contra o desemprego que está sufrindo Galicia neste momento. O mesmo fracaso que ten vostede cos sectores produtivos do noso país. Vostedes cando chegaron empeñáronse —o conselleiro e vostede— en enredar o sector eólico. Deixaron escapar un tren, que era o tren do plan eólico, que seguramente non vai volver parar no noso país. A súa incapacidade de xestión conseguiu que, cando xa tiñamos adxudicada todo o que era a potencia, coas súas decisións conseguiron unha

cousa: non imos ter –por desgraza– plan eólico en Galicia; non vai haber 14.000 empregos; non vai haber 6.000 millóns de euros de inversión.

Vostedes están facendo o que poden, conselleiro, tapando o sol coa man. Deixen de enganar a ninguén. Por desgraza a decisión do Partido Popular asesta un golpe mortal ao modelo de renovables e a un modelo de promoción económica en Galicia. Mire, co sector eólico fixo o que fixeron vostedes co sistema financeiro galego. Unha nova mostra de que cando vostede, presidente, e o seu goberno se poñen a enredar, conseguen sempre que se dea o peor resultado para o noso país.

Xeralmente vostede, presidente, é especialista en poñerse de lado ante os problemas de Galicia, pero case é peor cando intenta facer algo e arreglalo. Vostede contaba, cando chegou, con tres entidades financeiras, tres entidades de tamaño mediano; entidades pegadas ao territorio; entidades vinculadas con familias e con empresas; modelos máis territorializados do noso país. Tomou vostede cartas no asunto. A súa intervención neste asunto supuxo un cúmulo de despropósitos, e vostede, directamente, conseguiu rematar coas caixas nun proceso de bancarización que aínda temos que ver como remata.

Señor presidente, asuma diante desta Cámara que Galicia é a única comunidade histórica de España que vai quedar sen entidade financeira propia; que é a única comunidade que quedou xa sen caixas; que o que temos en realidade é unha entidade cun 7 % de participación, e que o único que estamos decidindo neste momento é se nos compra un fondo americano ou londinense, ou calquera dos grandes bancos que temos neste país.

Presidente, ¿por que vostede non deixa que fagamos a comisión de investigación? Presidente, ¿por que vostede non lle explica a este país, claramente, que pasou con aquela auditoría de KPMG que nos custou a todos un millón de euros e que dixo que íamos ser a quinta caixa de España, que non facía falta nada? ¿Por que vostede segue ocultando que o escenario é dramático no sistema financeiro galego? ¿Por que vostede segue sen recibir a eses 100.000 homes e mulleres de Galicia que están presos nese corralito? Arreglámolo agora cunha carta a Bruxelas. Claro, xa non está Zapatero, senón empacabámosllo a Zapatero; pero agora mandámosllo a Bruxelas para que veña arreglar o corralito das caixas galegas.

Señor Feijóo, o resultado de tres anos en Galicia exprésase en catro conceptos: debilitamento e endebedamento da nosa economía, desmantelamento de servizos públicos, paralización de infraestruturas e perda da nosa identidade opoñéndose á reforma estatutaria e desprezando sistematicamente a nosa lingua. (Aplausos.)

Señor presidente, ¿como pasaron os tempos? Pasamos de cando empezou vostede na campaña electoral cunha política tributaria, na que lle propuxo solemnemente aos cidadáns deste país que se vostede era presidente ía facer unha rebaixa do tramo autonómico do IRPF que ía beneficiar a 600.000 familias de galegos con rendas medias e baixas; e pasou, de repente, a subirlle os impostos a todos os galegos e galegas sen ningún tipo de excepción. Iso comprobárono xa na súa nómina de febreiro.

Pero vostede cando falaba de infraestruturas pasou, en menos de tres meses, de pedir cada fin de semana unha reunión do Pacto do Obradoiro para esixirlle a Madrid o cumprimento, a dicir que xa falaremos dentro de catro meses que non hai présa ningunha; e ser vostede o que lle vai allanando o camiño, cambiando o 2015 polo 2018. Como cambia a vida, presidente. Un cambio que, dende que vostedes gañaron en Madrid, toda Galicia está comprobando que vostede non é quen de antepoñer a Galicia aos intereses do seu partido.

Nas infraestruturas que vostede ía arreglar e deixar planchada a Galicia... ningunha das infraestruturas previstas se está executando nin por asomo. Tres exemplos: Autovía da Costa da Morte. Despois dun primeiro intento en que lla ían adxudicar a unha empresa 215 millóns de euros máis cara, tivo o fiasco de paralizala, e levamos perdidos dous anos. Corredor Sarria-Monforte. Está paralizado. ¿Saben por que está paralizado? Porque non lle pagan á construtora e ela tivo que despedir os traballadores. Vía de alta capacidade do Baixo Miño. Igual. Vostedes teñen paralizado...

Nesta lexislatura, presidente, ten outro récord importante. Mire, no 2008 licitáronse en obra pública 1.210 millóns de euros. E aquí o noso presidente Touriño oíunas todas: escasa, mala, lenta... No 2009, 520 millóns de euros; no 2010, 547 millóns de euros; no 2011, 264 millóns de euros. Como cambia a vida. Resulta que se investiu máis no 2008 que nos tres anos que leva vostede de presidente neste Goberno. Pero segue dicindo vostede que iso non é certo. As autovías están

paralizadas, as empresas non cobran, a economía galega vai marabillosamente e non hai paro.

Vostede pasou toda a lexislatura reprochándonos a nós que faciamos oposición destrutiva, e pasou toda a lexislatura dicindo que ía contar a verdade. ¿Que verdade? ¿Onde está a súa verdade? ¿Cal é a súa verdade? Hoxe proponnos un consenso en ordenación do territorio, outro consenso en ordenación do territorio. Levamos tres consensos que nunca acabaron de despegar, ¿por que, presidente? Porque vostede cunha man propón o consenso para ordenar o territorio e coa outra, cada ano, modifica a Lei de ordenación do territorio para abrírlle as portas á especulación e destrozará permanentemente este país. (Aplausos.) Todos os anos, presidente, todos os anos.

A última é que suprimimos o impacto ambiental para empresas de 250 millóns e liberalizamos para aqueles que queiran poñer as empresas que vostedes queren.

Medio ambiente. Vostedes neste tempo, presidente, levan incumprindo absolutamente a normativa europea en depuración de augas residuais. Conselleiro, leva incumplido e paralizado o Plan de saneamento das rías galegas e iso que lle quedaba solo para rematalo. Apostaron claramente, conselleiro, pola incineración de residuos; menos mal que llo mandaron parar os do seu partido de Ourense e tiveron que dar marcha atrás, pero o pecado estaba cometido. Volven apostar polo que é un modelo que a Unión Europea rexeita claramente.

Señorías, en medio rural co que respecta á súa preocupación pola agricultura e pola gandería, permítame que lle recorde o dato: destrúese dez veces máis emprego no medio rural galego que no emprego do medio rural de toda España; nun país onde xa en Galicia só o 4,8 % dos nosos cidadáns se dedican ao sector da agricultura, mentres no Estado segue sendo un 6,7 %. Vostedes, sencillamente, non creen na política de Medio Rural.

Da política contra incendios soamente lle vou recordar algo: con vostedes –despois do que houbo que oír antes– máis incendios ardendo máis días. Pasamos de que antes se apagaban, a que agora se apagan só cando chove. (Aplausos.) Que houbo meses e semanas que estaban aí.

Señor presidente, o que lle preocupa a vostedes o medio rural defíneo claramente o Plan de desenvolvemento rural

que só executaron nun 30 %. Sencillamente, vostedes non cren no medio rural; non cren na fixación de poboación; non cren no equilibrio territorial; non cren no Plan demográfico.

Pero onde si tivo unha actuación estelar, presidente, é en pesca. Vostede o primeiro que fixo e o que hai que dicir é que a Consellería de Pesca é unha vítima do seu Goberno; sencillamente cargouse a Consellería de Pesca. Fíxoo nun momento pouco importante, cando este ano é o ano clave para a negociación da política común en pesca. Vostede pasou de propoñer unha consellería que ordenase e defendese os intereses marítimos, sencillamente a facela desaparecer. Tamén pasou, presidente –recorde–, pasou de dicir que o mantemento da flota comunitaria de propiedade galega era clave para o sector, a favorecer o despezamento desta flota; como amosa o feito de que a única partida que medra en toda a consellería é para despezar a flota galega que temos aí.

Non hai máis que mirar os conflitos existentes na pesca de baixura coas confrarías, coas asociacións, cos pescadores... que escriben claramente como teñen vostedes este mundo. Hai uns días estaban orgullosos, porque tres anos despois presentaron a estratexia galega de acuicultura; tres anos despois. ¿Qué saben cal é o que ten de novo? Ten de novo unha cousa moi importante: dá licenza para estragar o patrimonio natural de toda a costa galega. (Aplausos.) Cando nós faciamos o noso, resulta que había problema porque quedaba algo en Rede Natura; non, pero agora xa pode ser en calquera lugar de Rede Natura.

Mire, a realidade é que como fixeron co Plan eólico, cargáronse o Plan eólico, cargáronse o Plan galego de acuicultura, que eran 2.000 postos de traballo e 350 millóns de inversión. E o máis importante, presidente –para que lle vaia recordando–, con vostede como presidente non van conseguir ter un só centro, un só metro cadrado, nin un só posto de traballo nesta lexislatura no Plan galego de acuicultura. Esa élle a verdade; ningún. Ningún traballador no Plan eólico, ningún traballador no Plan de acuicultura. Boa xestión.

En comercio, non lle vou dedicar máis que 10 segundos. Con vostede de presidente pecháronse 15.000 comercios nos tres últimos anos. Iso si, no Igape quedaron sen executar o 60 % dos presupostos e das axudas ao pequeno comercio

—total non lle facía falta—, nun momento que está caendo en picado o sector. A pregunta, ¿onde está o seu Goberno?

Señor presidente, turismo, eólico, infraestruturas. Turismo, ¿que nos pasa en turismo, presidente? Sobe España o 7 % e baixa Galicia o 8 %. Difícil de entender, pero para arreglalo, presidente, hoxe en Madrid acaban de tomar unha decisión importante, coa súa complicidade, cargarse o parador de Muxía que viña a arreglar un problema estrutural na Costa da Morte.

Pero vostedes poden seguir dicindo que o mesmo Goberno que antes ía ser o pulo cara a enerxía eólica, o pulo ao turismo... ¿Non hai un presidente en Galicia, señor Feijóo, que chame a Madrid e que diga: non se pode parar o parador de Muxía? ¿Que pinta vostede neste Goberno? Perdón, vexa o que acaban de comunicar hoxe.

Mire, esa puntilla que lle dá vostede ao noso, á política de turismo, podemos comparala claramente coas políticas de benestar. Vostede en políticas de benestar sempre nos dixo a todos: non facemos obras, non temos recursos, pero na sanidade e na educación si que aí non lle imos tocar nunca. ¿Sabe o que nos esta pasando? Vostede está desmantelando o sistema de benestar deste país. Cando asumiu vostede a Presidencia, tiñamos os galegos e as galegas unha sanidade e unha educación pública, universal, gratuíta e de calidade. Hoxe vostede está privatizando, restrinxindo o acceso, cobrando por prestacións e empeorando servizos.

Vostede non lle conta nunca a verdade á xente, porque se lle contara unha parte desa verdade, o resto viña só. Con vostede hai 500 millóns de euros menos en sanidade nestes anos. E se faltan 500 millóns de euros non digan que segue estando ben a sanidade, porque está enganando á xente. Sábeo ben a xente: hai menos persoal, non se substitúen as baixas, os contratos son precarios. A modificación da lei pública —que vostede di que non— o que vén a significar é que cando unha enfermeiro, un enfermeira, un médico, unha médica colla unha baixa non hai quen substitúa. ¿Quen o paga? Os pacientes. Esa lei, que di vostede que non lle afecta a ninguén, quere dicir que nos próximos anos se van xubilar 450 médicos por ano, e vanse repoñer 200 médicos por ano. As contas son boas de botar: nos próximos dous anos Galicia vai ter 500 médicos menos. Déixese de contar cousas raras. Hai 300.000 galegos esperando por unha intervención cirúr-

xica e unha primeira consulta de proba diagnóstica. Nas listas de espera hai 1.500 persoas máis para esperar por unha intervención, e teñen que esperar 14 días máis. ¿Vostedes que fan? Facer as contas como queren; soben por aquí e baixan por alí. Pero a realidade é que se vostede pecha quirófanos; se non contrata médicos, se non cobre as baixas ten que pasar o que está pasando.

A situación sanitaria é tan crítica, presidente, que a vostede cando o oín falar esta mañá... Estaría ben que chame e fale cos representantes dos colexios médicos galegos, que llo dixeran alto e claro: isto é un desastre; alto e claro. ¿Non son do Partido Socialista de Galicia? Dixéronlle con rotundidade que a moitos deles xa só lle poden estar dedicando dous minutos por consulta, e que non lles dá tempo nin de desvestir os pacientes. Colápanse os servizos de urxencias, énchense os pasillos con camas e sillas, non hai camas hospitalarias. ¿Porque? Porque vostede o que fai é aforrar onde non debe. Pero hoxe, para arreglalo, nos vén anunciar a Lei de garantías das listas de espera. Só hai un problema, presidente, xa o anunciou hai tres anos no debate de investidura; xa o anunciou o ano pasado, e agora nolo volve anunciar este ano. ¿Pero é que ve que non llo cre ninguén?, ¿non ve que vostede non ten crédito para dicir o que está dicindo aquí? E todo iso, que por falta de tempo non lle podo explicar de como aforrou a sanidade, voulo explicar doutra maneira: Eu creo que non aforrou nada. Pero se fora certo todo o que aforrou vostede, ¿sabe onde o gastou? Gastouno —si, presidente—, gastouno cando adxudica o Hospital de Vigo por trece veces máis do que vale o Hospital de Vigo. (Aplausos.) De maneira que para esa viaxe non lle facía falta levar tanto traballo.

Centros de saúde. Pero os que estamos nesta Cámara, eu non sei se eu só e vostedes o oíron... Empezamos a lexislatura que íamos facer 60 centros de saúde, despois foi baixando a cousa a 40, despois dixemos 20, hoxe dixo 19. Presidente, dígalle aquí á xente a verdade. ¿Cantos centros de saúde lici-tou o presidente Feijóo? Dous: un en Peares e outro en Xerantes. O de Peares enténdoo, (Aplausos.) e outro en Xerantes. ¡Claro!, pero é que non vale subir aquí, presidente, e dicir o que quere. ¡Conte a verdade!

O que resulta sorprendente é que neste tempo todo, presidente, ¿sabe o que está pasando? Que a xente sen recursos queda sen asistencia sanitaria. Está pasando que os que non están empadroados hai seis meses non teñen asistencia sani-

taria. Está pasando que hai inmigrantes que non poden ir ao médico, e está pasando que hai xente que ten que pagar a súa tarxeta sanitaria.

En educación, presidente, cóntelle a verdade, “nunca tocaremos o recurso da educación”; 500 millóns de euros menos, e se lle faltan 500 millóns de euros o que está claro é que ten que decaer a calidade da educación.

Vostede comezou a lexislatura anunciando: consenso, un pacto social pola educación, unha Lei de educación. Cando estamos rematando nin houbo consenso, nin houbo pacto, nin houbo lei. E que fixo vostede o que quixo. ¿Sabe o que si hai de verdade? Mil profesores menos e 3.000 alumnos máis; esa é a realidade que ten vostede neste país. Vostede na educación fixo tres cuestións: recortes, supresións e subirlle ás familias para cobrarlle pola maior parte das cousas que teñen que facer aí. Recortes no ensino, no profesorado, nos orzamentos, supresión da gratuidade dos libros, suba de comedores escolares e de transporte escolar.

Mire, nin aposta pola educación básica, nin aposta pola educación universitaria. Este Goberno é especialmente lesivo cos universitarios mentres estudan, e éo tamén cando rematan. Menos becas. E cando rematan doulle un dato: só un de cada dez contratos que se fai neste país así-nase un mozo que sexa universitario. Volven ter que coller a maleta, como fixeron pais e avós, para Arxentina e para Alemaña. E vostede siga pechando os centros de investigación, os centros de innovación, e sígalle retirando o que son eses fondos.

En dependencia, presidente, Galicia somos terra envellecida. Vostede non quere falar de demografía, vostede tapa iso, pero nin fala de demografía, nin quere falar dos nosos dependentes. Illamento, baixas xubilacións, precariedades. ¿Cal é a realidade no mundo da dependencia? Moi fácil cunha cifra: con vostede nos últimos tres anos a lista de espera medrou o 400 %; hai 60.000 persoas esperando para ser atendidos cun agravante e agora empezan a saber que nunca van ser atendidos, porque vostedes en Madrid, coa convivencia de aquí, decidiron adiós á dependencia.

En servizos sociais o que está claro é que este recorte traumático que vostedes lles meten aos concellos, principais prestadores da prestación social, cando vostedes lles recortan ao concellos o 80 % dos plans de axuda domiciliarias,

non están condenando aos concellos, están condenando ás familias que reciben a prestación. E teñen por debaixo aos alcaldes, de calquera cor política, que eles son os que están botándose enriba esa responsabilidade, presidente. Pero iso non aguanta, vostede sabe que iso non aguanta. Non é xusto nin lóxico retirarlle ese 80 % e estes recursos.

Mire, neste momento, presidente, cando vostede falaba esta mañá da Galicia idílica... Querolle dicir unha cousa dramática e dura...

A señora PRESIDENTA: Quédanlle cinco minutos.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: ... –Gracias–

en Galicia hai 600.000 persoas no umbral da pobreza. Presidente, en Galicia, desde hai un ano, nos comedores sociais hai colas esperando para comer. Cando non hai nin para comer retirámoslles os libros gratuítos, retirámoslles a prestación sanitaria, cobrámoslles máis polos comedores, subímoslles o transporte escolar. Pero ¿que mundo estamos construíndo, presidente? ¿que mundo estamos construíndo?

Presidente, vostede e o seu modelo neoliberal... Pídlle que forren claramente a palabra copago. Presidente, pídlle claramente que faga esforzos nas políticas de igualdade. Igualdade no traballo, vostede o que fixo foi suprimir o servizo de igualdade. Vostedes, díxoo a compañeira do BNG e remítome e subscribo coma por coma todo o que dixo aquí –por economía do tempo que se me vén enriba–, pero vostedes en igualdade do traballo, en igualdade de salarios, en igualdade de acceso a postos directivos; pero se é que vostedes non cren niso. Presidente, voulle dar un dato que é preocupante, e enténdame que llo digo dende o respecto e dende a responsabilidade: se o máis importante que dixo no último debate do estado da Autonomía hoxe, despois de tres anos, é que dous concellos da Coruña se van fusionar, ¡estamos bos! (Aplausos.) Se no titular dos medios de comunicación, cando temos miles de homes e mulleres pendentes desta Cámara a ver se somos capaces de resolver os seus problemas, lles podemos dicir que Oza dos Ríos e Pontecesures –non sei, a verdade–, que dous concellos...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: ... corrixo, que dous concellos se van, non...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: ... perdón, se os dous concellos...

A señora PRESIDENTA: Cesuras... Silencio, por favor.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: ... Pontecesuras, Cesuras, se dous concellos son os que se van asumir... realmente, presidente, con esa bagaxe, vostede pouca ilusión vai xerar aquí. Mirade, os concellos de Galicia, ¿sabe o principal problema que teñen? Os concellos de Galicia o problema que teñen non é a fusión –que por certo, nós as fusións voluntarias apoiámolas mañá mesmo–, o gran problema que teñen vostedes é que nunca houbo un Goberno como o seu que maltratara tanto os gobernos deste país. Vostedes, son o principal Goberno que lonxe de apoiar o pacto local, o que están é recortándolle no pacto local; que lonxe de responsabilizarse das competencias propias, están cargándolle nas competencias impropias. E vostede, o que está facendo é valorar os concellos de Galicia como administración menor de idade á que vostedes culpabilizan, cando é o Goberno galego o que lle retira e o que lle restrinxe todas estas presuncións.

Mire, cando falabamos de identidade, presidente, eu veño aquí pedirlle que temos que sacar adiante a este país, respectando os nosos sinais de identidade, respectando a nosa lingua, respectando a nosa cultura; respectando algo, presidente, ao que non lle dedicou nin trinta segundos: o noso Estatuto de autonomía, que vostede levará sempre para a historia a responsabilidade de ter votado en contra da reforma dese Estatuto que todos quixemos mellorar. Vostede fala de autogoberno cando bloquea o autogoberno. Vostede dedicoulle, practicamente neste tempo que estivo aquí, menos de cinco segundos ao problema dos nosos compañeiros da emigración; xa non interesan, presidente. Xa non falamos dos emigrantes, xa non imos alá, ¿por que será? Ao mellor ten algo que ver que xa non votan. Eu o que lle pido, presidente, é: responsabilicémonos, non vale deixalos sos, non se poden deixar pechar os centros hospitalarios, os centros sociais; vostede ten esa responsabilidade que ten que exercer.

Mire, eu creo que hoxe, despois de oílo, presidente, confirmo e confirmamos que nin ten, nin tivo nunca un plan, nin unha idea para o noso país. Deixou transcorrer toda unha lexislatura sen resolver un só problema estrutural de Galicia. Limitouse a deixar pasar o tempo, a invocar o mantra da austeridade e os recortes sen ofrecer ningunha alternativa, ningunha iniciativa política, ningunha idea, nada que lle interese á cidadanía. ¿Sabe o problema, presidente? Vostede sábeo e nótao: cada día está máis alonxado das preocupacións dos galegos; cada día sabe menos o que está pasando en Galicia; cada día preocúpase vostede menos daqueles que confiaron en vostede. E ten que aprender que esa receita do recorte indiscriminado e o victimismo institucional xa non lle arregla os problemas á xente; falarlle aos galegos mal dos outros xa non lle arregla os problemas á xente. Reitero o que lle dixen á mañá na miña intervención: nesta situación crítica de Galicia, con este balance tan negativo, estamos todos obrigados a entendernos e

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: ... a ofrecer alternativas que saquen adiante a este país.

Mire, se nos centramos nos problemas de Galicia, aí nós vai atopar. Solucións como a que lle propuxen, presidente. Teña a valentía de botar a andar o país; teña a valentía de reactivar a economía; teña a valentía de dicirlle aos que máis teñen que teñen que axudar para resolver aos que menos teñen. Que non lle temble a man en poñerlle impostos á banca, como xa fixeron outras autonomías; que non lle temble a man en poñerlle fiscalidade aos que contaminan, ás grandes áreas, presidente; que non lle temble a man en cobrarlle impostos ás grandes áreas para axudarlle ao pequeno comercio. As cousas, presidente, pódense facer doutra maneira; as cousas pódense facer respectando os nosos sinais de identidade. Coa súa política –está demostrado, presidente–,

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: ... imos para atrás; non imos saír da crise. En tres anos non conseguiu un só resultado positivo. Presidente, convóquenos, chámenos, reunámonos, desenvolvamos as propostas que queremos. Estou seguro de que podemos chegar a acordos que beneficien a cidadanía.

Presidente, polo menos, aínda que sexa ao final, pídanos e déixenos que axudemos a sacar adiante este país. Pero sobre todo, presidente, se vostede non é quen de facelo, deixe paso, que moita xente ten ganas de cambiar este país.

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, presidenta.

Señorías.

Un dos conceptos máis relevantes introducidos no debate político nas últimas décadas é o concepto de responsabilidade. A sabia expresión coa que os cidadáns se refiren a quen ocupa un cargo representativo ou executivo como responsable político, cobra hoxe singular importancia, nun tempo en que a expresión responsable político tende a ser substituída pola de caste, ou clase política. A responsabilidade, no seu significado de capacidade que ten toda persoa para recoñecer, aceptar e explicar as consecuencias das súas decisións, afonda as súas raigames na liberdade dos seres humanos, porque sen liberdade de elección e de acción é imposible esixir responsabilidades, e esta está intimamente vencellada á de acción ou rendición de contas. Por iso, os anglosaxóns refírense a ela precisamente con este termo: accountability, rendición de contas, como forma de exercer a responsabilidade. E por iso, a responsabilidade pública, a acción de contas dos responsables públicos ten unha tripla proxección: en primeiro lugar unha proxección política, que é a que se está a render hoxe aquí na Cámara, de explicación aos representantes do que se fixo; pero tamén ten unha dimensión ética, de ética pública, que consiste en gobernar e tomar decisións de acordo cun estándar de comportamento que contribúa á mellora de benestar a longo prazo e a sostibilidade do benestar da sociedade; e finalmente, evidentemente, o exercicio da responsabilidade, a dación de contas ten unha importante dimensión meramente contable ou administrativa, trátase de explicar, como e en que se gastaron os cartos.

Evidentemente, o exercicio da responsabilidade é consubstancial á democracia, e todos os responsables políticos, estean exercendo no Goberno ou na posición, deben dar contas dos seus actos e das súas implicacións políticas, éticas e contables. Iso é o que hoxe nós reunimos nesta Cámara para desenvolver un debate no que todos os que nos sigan poderán sacar as súas conclusións sobre como exerceu cada un, ao longo destes últimos anos, as súas responsabilidades políticas: quen estivo á altura das circunstancias, quen está a defender o Estado do benestar e quen, pola contra, o deixou practicamente desfeito. En definitiva, quen é, quen foi responsable e, polo tanto, quen é –como dá a entender o termo– unha persoa, unha forza política de fiar.

Pois ben, a rendición de contas que hoxe prestan Goberno e oposición ten lugar –como se dicía– nun contexto determinado, o contexto dunha crise económica sen precedentes. Unha crise que está incidindo en España, e en Galicia dunha forma moi singular, e iso por dous motivos esenciais: o primeiro, como todos os analistas xa recoñecen, e só uns poucos albiscaron hai uns anos, porque a economía española non adoptou, non soubo adaptarse ao novo escenario ocasionado pola entrada de España na Unión Monetaria Europea. A inxección de creto barato, cuns tipos de xuro mesmo inferiores á taxa de inflación, non foron aproveitados para mellorar a competitividade da economía española. Quen gobernou España entre 2004 e 2012, pese á retórica permanente sobre a necesidade de mudar o modelo de crecemento da economía española, non só non contribuíu a mellorar a nosa competitividade, senón que contribuíu decisivamente a hipotecala en termos literais. Porque unha economía que está endebedada, basicamente co exterior, nunha cifra que practicamente triplica o seu produto interior bruto, é unha economía que está apalancada. E como os economistas saben, o proceso de desapalancamento pasa inevitablemente por unha restrición do creto, que é o que agora mesmo está a afogar a tantas empresas e familias no noso país.

E convén lembrar que o proceso de apalancamento, é dicir o crecemento desaforado do creto na nosa economía, ten unha data concreta de inflexión, que é o ano 2005. En resumo, desde ese ano 2005, crecemos e vivimos do creto exterior por riba das nosas posibilidades, non investindo eses cartos e melloras da nosa produtividade, e agora todos o estamos a pagar, especialmente as empresas pequenas e medianas. E, obviamente, a responsabilidade dese apalancamento corres-

ponde a quen entón gobernaba e non fixo nada para frealo, polo menos na mesma medida que no resto dos países do noso contorno.

O segundo problema da nosa economía ten a súa orixe na política orzamentaria, unha política caracterizada pola súa insostibilidade. O incremento da recadación fiscal, ou no caso de Galiza dos ingresos extra derivados do sistema de financiamento autonómico nos anos de bonanza, non foron empregados nin para amortizar a débeda das administracións, nin para investir en melloras da produtividade da nosa economía; foron, na súa meirande parte, dedicados a consolidar gastos correntes.

Na comparecencia da conselleira de Facenda da semana pasada, así como noutras da súa predecesora en tempos anteriores, quedou meridianamente claro: dos 2.800 millóns de euros que o bipartito recibiu a maiores do orzamentado nese período, como consecuencia do adianto dos anticipos e liquidacións positivas de anos anteriores –entre eles algúns gobernados polo PP–, un 80 % foi asignado a gasto corrente de funcionamento, o que se queda pegado cara ao futuro, como o que implica o soldo dos 14.000 empregados públicos contratados nese período, e só un 20 % de investimentos e, como se dixo, nada á redución da débeda autonómica bruta. Desta maneira, a mellor emenda á política orzamentaria de gasto do bipartito foi a que lle fixo o propio Partido Socialista nesta lexislatura ao apoiar, esta vez responsablemente, a aprobación da Lei de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira o pasado mes de xuño, a primeira lei deste teor aprobada en España por unha Comunidade Autónoma.

Esta lei establece unha regra que limita o crecemento do gasto financeiro ao crecemento do PIB, de xeito que en tempos de bonanza os ingresos adicionais se destinarán á redución da débeda pública da Comunidade Autónoma. Pois ben, de terse aplicado esta norma, que vostedes votaron no período que gobernaban, o endebedamento autonómico en vez de incrementarse en termos brutos en 776 millóns de euros, teríase reducido 1.246 millóns de euros, unha diferenza de máis de 2.000 millóns de euros de débeda que tería deixado a nosa débeda, cando vostedes marcharon do Goberno, no 3,3 % do produto interior bruto, e non como a deixaron: cerca do 7 % do produto interior bruto. E esa política que vostedes fixeron, que é netamente procíclica, e por iso mesmo é contraria ás políticas keynesianas que agora, xa

na oposición en España, pregoan como saída da crise; é unha política que está a ter consecuencias no presente.

Cando gobernaban, ou ben en solitario, ou apoiados polo Bloque en Galicia ou en España, vostedes fixeron boa a afirmación de Giovanni Sartori: o home é unha criatura débil que resiste mal a tentación, e o político é, para caer na tentación, o máis débil dos homes. Para caer na tentación –engade Giovanni Sartori, que por certo supoño que ninguén dirá que é un neoliberal de extrema dereita, aínda que posiblemente desde algunha posición quede sempre moi á dereita, o que dicía Sartori– para caer na tentación de comprender a Keynes coma a un lle convén, de entendela coma unha autorización ilimitada de endebedamento e o gasto sen fondos, ou –como di– a vivir a conta do futuro cabalgando o tigre do Carpe Diem, xerando unha irresponsabilidade fiscal que corroe o sistema.

Pois ben, en resumo, esta é a situación á que se enfronta a economía española, e a galega como parte integrante dela, aínda que –como logo me referirei– con algún traballo importante xa adiantado. Non se aproveitaron as oportunidades da pertenza á Unión Monetaria. Estamos cunha economía excesivamente apalancada, é dicir, endebeda, e polo tanto coas billas do creto pechadas; que ten un sector público dificilmente sostible en termos orzamentarios. E lembren que o ano de maior déficit, 11 % do déficit no ano 2009, o 6 % era estrutural e ao tempo unha recesión do 3,7 %. É dicir, o ano que máis recesión houbo, tamén curiosamente foi no que máis déficit houbo. Evidentemente, ao non poder devaluar a moeda –como, por certo, fixeron os socialistas por tres veces en tempos de Felipe González– a economía española está sufrindo os axustes por unha dobre vía, cada cal peor: o desemprego, que en España é máis do dobre da taxa da Unión europea, e a perda de rendas e de poder de compra en termos reais en relación coa media europea.

Por vez primeira nos últimos cincuenta anos unha lexislatura estatal remata cunha caída da actividade económica do 2,3 % con respecto ao tempo do seu inicio. Fíxense que se, nese tempo, España incrementou a súa poboación en 2 millóns de persoas, é evidente que, en termos de converxencia en renda producida por cada habitante, estamos polo menos retrocedendo ata niveis do ano 2002. E ademais, a nosa economía ten por diante, a maiores, que emprender todas as reformas estruturais que, máis aló do curto prazo,

poderán incrementar a nosa capacidade de crecemento a longo prazo.

En resumo, hoxe a sociedade española —e a galega como parte dela— está a pagar as consecuencias da falla de adaptación ao novo entorno marcado pola globalización económica en termos mundiais, e pola pertenza á nosa Unión Monetaria Europea en termos rexionais. Unha globalización da que outros están a sacar bos rendementos, e de paso provocando melloras históricas en termos de xustiza social. Aí está o último informe do Banco Mundial —que reflectiu a prensa desta fin de semana— que salienta, por exemplo, que a pobreza mundial en 2010 reduciuse á metade do que era nos anos 90. Ademais, con carácter global e nalgúns rexións do mundo, como por exemplo África, tense pasado dun índice de pobreza extrema do entorno do 77 % da poboación nos anos 80, ao 19 % no momento actual. E estas cifras eu creo que é bo recordalas, dadas as actitudes que fronte á globalización e á apertura do comercio internacional, en definitiva a dirección cara a onde camiña o mundo, algúns pretenden sistematicamente obviar.

E os procesos que estamos a vivir hoxe, certamente, sitúannos ante enormes retos, pero tamén diante de enormes logros. Hoxe, podemos mirar África, por exemplo, augurando melloras redistributivas, aínda que quede moito por facer; mentres que outros —segundo di algún ilustre político na prensa de hoxe— non miramos a África como o berce do modelo marxista de liberación nacional que —segundo algúns— aínda campea por estes lares.

No ano 2009 o Partido Popular de Galicia presentouse ás eleccións cun amplo programa dirixido a contribuír a reverter esta situación, utilizando as capacidades do poder autonómico. Un programa que ía dirixido, en consecuencia, a un único fin: garantir o mantemento e a sostibilidade do Estado de benestar que nos últimos orzamentos —aprobados por vostedes— era evidente que estaba comprometido. E preparar a economía galega para o novo entorno económico europeo global no que temos que competir, que é onde está o noso futuro. Un programa que está a ser cumprido polo Goberno presidido por Alberto Núñez Feijóo, como ben deu conta esta mañá o presidente. (Aplausos.) Unha xestión que para ser avaliada, e sobre todo en termos comparativos, debe partir dunha análise previa dos recursos totais que o actual Goberno ten á súa disposición.

Pois ben, no orzamento para o ano 2009 —o último orzamento elaborado polo bipartito— socialistas e nacionalistas presupostaron un gasto non financeiro de 11.426 millóns de euros. O vixente orzamento de 2012 ten orzamentados 9.135 millóns de euros. En termos homoxéneos, é dicir, sacando o do orzamento do ano 2009, as cifras das transferencias ausentes locais que por recomendación do Consello de Contas foron apartadas do orzamento xeral da Xunta, a diferenza é aproximadamente de 1.500 millóns de euros, aos que hai que engadirllas os 250 que lle foron comunicados nas entregas a conta que van caer neste ano. É dicir, este Goberno dispón de 1.750 millóns de euros menos para xestionar o conxunto da Administración autonómica dos que tiña o bipartito. Unhas cifras que nos retrotraen, segundo se deflacte ou non a cifra, aos orzamentos dos anos 2004 ou 2005; pero cunha diferenza: a Administración autonómica conta con 14.000 empregados públicos máis. Calquera xuízo comparativo debe partir desta premisa: o actual Goberno conta con moitos menos recursos que o anterior.

E as causas da diminución destes ingresos son varias e convén lembralas: en primeiro lugar, a falla de cooperación e lealdade institucional da Administración central socialista. Como xa se mencionou, durante os anos do bipartito o sistema de financiamento autonómico aportou máis recursos dos inicialmente previstos. A situación cambiou no ano 2008. A partir de 2010 e 2011 o sistema deu o resultado contrario: o novo Goberno da Xunta tivo, ten e terá que facer fronte ao pago dunhas liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009 —é dicir, dos seus orzamentos— que o bipartito orzamentou por un total de máis de 2.100 millóns de euros. Agora, en cambio, na próxima liquidación do ano 2010 xa sabemos que a cifra vai ser positiva, é dicir, que no ano 2010 tivemos que pagar o que vostedes gastaron de máis, e ademais o Goberno socialista non nos deu o que merecíamos.

Demóstrase que cando a Xunta reclamaba os anticipos previstos no noso sistema de financiamento xa existía a razón, pero tamén que nese exercicio se lle traspasaron a Galicia menos recursos dos que lle correspondían. E o resumo é que a actual Xunta estivo a recibir moitos menos recursos que a anterior, mesmo por debaixo do que lle correspondería de terse aplicado ben o sistema de financiamento impulsado polo Partido Socialista.

Afortunadamente, á diferenza dos seus predecesores, o actual Goberno de Mariano Rajoy xa comezou a transferir, a inicios deste ano, as liquidacións positivas que se prevé que xerarán o exercicio do ano 2010. E ademais ten xa aprobado o adiamento a dez anos do pago das liquidacións negativas de 2008 e 2009, dando unha marxe de liquidez á nosa Comunidade Autónoma –que, por certo, pedirallo en varias ocasións ao Goberno dos socialistas sen que este lle fixera o menor caso–, unha liquidez de 200 millóns de euros.

En segundo lugar, polo resultado que está a dar o sistema de financiamento. O novo sistema, señora Pontón –efectivamente, como nós denunciámos nesta Cámara–, foi aprobado para favorecer, tras o fracaso da reforma estatutaria catalá, as reivindicacións do PSC e os seus socios soberanistas. Este sistema que, mesmo antes de que as negociacións estivesen pechadas, o señor Vázquez –o señor líder do Partido Socialista– urxiulle ao presidente da Xunta que asinara porque era magnífico para Galicia, é un sistema que reduce a solidariedade interpersoal e interterritorial que debe garantir o Estado. Por iso, e pola chantaxe subxacente á que se someteu á Xunta –porque senón se lle tería esixido o reintegro inmediato de 2.174 millóns de euros das liquidacións negativas ás que me referín–, é polo que a Xunta se abstuvo de apoiar o novo sistema, o PP abstívose na votación no Congreso en relación co novo sistema, e efectivamente a Xunta asinou na Comisión mixta de transferencias para evitar ese mal moito peor.

Os resultados do novo sistema de financiamento autonómico están empezando a ser coñecidos. Hai unha recente publicación do profesor Ángel de la Fuente, do CSIC, que o deixa ben claro: o novo sistema ten reducido significativamente a redistribución implícita no sistema de financiamento anterior. Mentres que co sistema de financiamento vixente ata o ano 2009 Galicia recibiu, en relación coa media de 100 para o conxunto das comunidades autónomas, un financiamento efectivo por habitante axustado en 2007 de 102,4 como cifra; na actualidade percibe un financiamento de 100, é dicir, xusto na media. En contraste, Cataluña pasou do 96,4 a obter o 103,7; e Madrid, que estaba no 97,1, pasa nada menos que a 109,8. Ben, esta é unha perda de financiamento para Galicia, que non é das máis altas, quedamos na media. Teñan vostedes en conta que Andalucía perde 10 puntos, queda moi por debaixo; ao igual que Canarias e Extremadura, que perden 7,6 e 6,9 puntos.

Pero destas análises preliminares poden instalarse catro conclusións: A primeira, en relación coas xestións levadas pola Xunta, que se defenderon razoablemente ben os intereses de Galicia. A segunda, respecto dos recursos dos que dispoñen cada unha das comunidades e a súa capacidade para xerar déficit que tamén chama a atención; as comunidades que están a xerar déficit teñen un sobrefinanciamento ou un financiamento superior, como son Cataluña e Baleares. Unha terceira, a respecto de que os socialistas entenden por distribución da renda, que é darlle máis financiamento ás comunidades autónomas con maior nivel de renda e menos ás de menor nivel de renda –un concepto peculiar de solidariedade que obviamente nós non compartimos–. E, en cuarto lugar –como dixo esta mañá o presidente–, nós apoiamos que hai que reformar o sistema, ese foi o anuncio que fixo, e nós compartímolos plenamente. (Aplausos.)

O Goberno presidido por Núñez Feijóo, polo tanto, tivo que afrontar unha caída significativa dos ingresos, tanto pola incidencia da crise como pola deslealdade do Goberno socialista na aplicación do sistema de financiamento, e polo propio sistema de financiamento aprobado polo Grupo Socialista. Como é natural, cando se conta con 1.750 millóns de euros menos nun orzamento que partía de 10.500, hai que conseguir aforros no gasto menos produtivo para poder garantir ao tempo as prestacións sanitarias, educativas e sociais competencia da Comunidade Autónoma. E iso é exactamente o que fixo este Goberno, reducir o gasto menos produtivo.

O actual Goberno da Xunta ten un 40 % menos de goberno, oito consellerías –fronte a doce– máis unha vicepresidencia; reduciuse nun 32 % o gasto en asesores persoais e de confianza –e loxicamente eu comprendo que a algúns lles dea a risa–; reducíronse á metade os altos cargos da administración, direccións xerais, secretarías, presidentes de organismos de administración institucional e delegados do Goberno no territorio; reduciuse nun 90 % a estrutura periférica ao pasarse de 52 a 5 delegados. Critican que nós teñamos 5 supostos comisarios políticos, vostedes tiñan 52, esa é a diferenza. (Aplausos.) Reduciuse nun 90 % o parque móbil da Xunta e baixáronse as retribucións dos altos cargos da Xunta entre un 15 % do presidente ao 10 % do restos dos conselleiros e altos cargos. Cunha administración paralela reducida para aforrar 100 millóns de euros na lexislatura, coa desproxección ou reformulación e concentración de 48 entes instrumentais, que en breve serán

obxecto dunha nova redución –como ten anunciado o presidente–, e que provocan un aforro anual de 25 millóns de euros. E todo iso, evidentemente, conseguindo tamén unha condición de gastos de persoal sen baixar os soldos como acabamos de ver que acontece por segunda vez na Comunidade Autónoma de Cataluña. Axustes nos gastos que –unidos a outros aos que logo me referirei– permitiron cumprir o principal obxectivo marcado por este Goberno e que tamén figura no Plan estratéxico de Galicia: manter a cohesión social.

E permítanme que lles aporte un dato que desmente completamente o seu discurso da deterioración –supostamente ademais intencionado– que vostedes lle atribúen ao Partido Popular en relación co gasto social. E vou comparar dous datos de orzamentos executados. Nos orzamentos xa executados do ano 2008, o último ano no que vostedes executaron un orzamento autonómico completamente, o gasto total en educación e sanidade ascendeu a 6.032 millóns de euros. O orzamento do 2011, xa executado, representou un gasto de 5.896 millóns de euros. Aquí non son os 500, nin son os 800 que dicía o señor Vázquez, nin de cerca, 6.032 a 5.896; un descenso que sería como moito de 136 millóns de euros. Agora ben, se ao gasto executado en 2008 lle poñemos enriba o efecto do 5 % da rebaixa dos soldos que vostedes mesmos aprobaron para todos os funcionarios da Administración pública, e ademais lle poñemos tamén enriba a diferenza entre o que custa o gasto farmacéutico como consecuencia da aprobación do catálogo por este Goberno, e ademais lle descontamos o 7 % de aforro que se ten posto no transporte escolar –que por certo, señor Vázquez, segue sendo plenamente gratuíto, o que pasa é que é máis barato–... (Aplausos.) Pois ben, simplemente, se neutralizamos o efecto da baixada dos soldos que vostedes lle fixeron aos funcionarios de educación e de sanidade, descontamos o efecto do catálogo farmacéutico e descontamos a rebaixa dos contratos do transporte escolar, resulta que esta Xunta, que ten moitos menos recursos dos que tiña a súa no ano 2008, gasta 70 millóns de euros máis en educación e en sanidade. (Aplausos.)

Con esta xestión eficiente é coa que se consegue reducir as listas de prioridade un, coa que se aumenta o rendemento cirúrxico en xornada ordinaria, coa que se estende a receita electrónica e a historia clínica electrónica, xa presentes no 99 % do sistema. Conséguese triplicar a prescrición de

xenéricos; conséguese concluír e equipar o hospital de Lugo; conséguese poñer en marcha o novo hospital de Vigo; conséguese poñer en marcha a ampliación do hospital da Coruña; conséguese a ampliación do hospital de Ourense (Murmurios.) e pode empezarse tamén co hospital de Pontevedra –terreos que xa están en proceso de expropiación–. Iso é o que se consegue facendo unha boa xestión.

Pero tamén en educación hai un aumento dun 11 % na matrícula de formación profesional neste curso respecto do anterior; hai 31.500 alumnos con ordenador que non o tiñan grazas ao Programa Abalar; hai 110 centros plurilingües ao longo deste curso que chegarán a 160 ao remate da lexislatura; hai 40.000 alumnos que recibirán a ensinanza, polo tanto, nunha terceira lingua. E todo iso, señor Vázquez, sempre coa seguinte media: España, alumnos por profesor no curso 2010-2011, media 11,4; Galicia, curso 2010-2011, media 9,7, é dicir, ben por baixo do que é a media do conxunto do Estado.

Ben, evidentemente, pese a todos estes datos, vostedes seguen co seu mantra, co seu discurso de que estamos a privatizar os servizos públicos. Ao longo dos últimos plenos xa quedou claro que novamente vostedes tenden a facer un uso cando menos sesgado da linguaxe. Cando un Goberno socialista ou un Goberno nacionalista toma unha decisión sobre a forma de xestión dun servizo público que segue por iso a ser público, entón se lle chama xestión indirecta. A mesma decisión cando a adopta un Goberno do Partido Popular: externalización, cando non privatización ou darlle o negocio aos amigos. (Aplausos.)

Agora, fíxense vostedes nos datos que lles lembra o Consello de Contas. Cando vostedes gobernaban, nos catro anos que vostedes gobernaron os concertos coa sanidade privada creceron un 44 % entre o ano 2004 e o ano 2008. En 2004 pagáronse 104 millóns de euros. Cando vostedes deixaron o goberno no 2008 pagábanse 149 millóns de euros. Claro que isto é xestión indirecta, non é privatizar. (Aplausos.)

Cando vostedes chegaron ao Goberno o número de unidades concertadas nos colexios de Galicia era exactamente de 3.519. Cando vostedes deixaron o Goberno eran 3.846, exactamente o mesmo número que agora. Vostedes incre-

mentaron o gasto de 180 a 248 millóns de euros en educación concertada, pero isto é loxicamente xestión indirecta, non é privatizar. (Aplausos.) O que facemos nós é deixalo como está, e iso é privatizar.

Por non falar de que o 62 % das escolas infantís que están xestionadas indirectamente en Galicia, que son titularidade dos concellos, están xestionadas indirectamente por decisións que adoptou un Goberno socialista ou nacionalista.

Non é, evidentemente, esta a única incoherencia do seu discurso que se move na demagóxica retórica da privatización, da dereita antisocial e doutras falacias polo estilo. Algo semellante sucede no seu posicionamento sobre o reparto dos ingresos, é dicir, dos impostos. O Partido Socialista de Galicia aplaudiu nesta Cámara en máis dunha ocasión, e cualificou como unha decisión responsable a suba do IVE decretada polo anterior Goberno socialista. Ben, como é ben sabido o IVE grava o consumo, polo tanto os seus efectos económicos son ben claros: directamente inflúe na cantidade consumida a curto prazo e tamén nos efectos redistributivos. Quen ten unha renda baixa, loxicamente, destínaa toda ao consumo e, polo tanto, o conxunto da súa renda tributa pola suba do novo IVE; quen ten rendas elevadas e, polo tanto, non consome toda a súa renda, tributa só pola parte da súa renda que consome, e o resto non tributa. Pois, ademais, faíno a un tipo proporcional, porque –como todos sabemos– o IVE ten o mesmo tipo proporcional.

Ben, chega o PP ao Goberno, e unha vez descuberto que o déficit previsto en vez de ser do 6 –ao que íamos chegar folgadoamente como dixo a señora Salgado–, resulta que era do 8,5. Entón, o novo Goberno, ademais de actuar pola vía dos gastos, viuse obrigado a subir a tributación, e elixiu o recargo temporal sobre o imposto sobre a renda. Como resultado os contribuíntes de máis renda veñen a pagar máis que proporcionalmente, e os de menor renda, aqueles que soportan integramente a suba do IVE que vostedes aprobaron, non teñen que pagar nada ou case nada. Por exemplo: non ten que pagar nada un galego ou galega que gañe menos de 17.000 ao ano, e a partir de aí 2 euros de retención na nómina mensual. E o que gañe máis de 120.000 euros: o incremento mensual da retención será de 252 euros. Ademais como non afecta parte da renda que estas persoas que gañan esas cantidades consomen, evidentemente, o efecto sobre a economía non é contrativo, porque o nivel de consumo se mantén.

Cando o Partido Popular aprobou estas medidas un pensaba que, ao igual que o señor Borrel, os señores socialistas de Galicia –o que pasa é que o señor Borrel é un socialista coherente, non ocorre así cos socialistas de Galicia–, vostedes se alegrarían desta solución adoptada polo Partido Popular; mesmo que lamentasen, como fixo Borrel e como fixo Bono, que fose o PP quen tomase as decisións e non tivera sido o PSOE. Un confiaba niso, porque vostedes, ademais, levaban boa parte da lexislatura pedindo unha suba do tramo autonómico do imposto sobre a renda das persoas físicas. Pois non. Non só non se alegraron, senón que mesmo o criticaron. E hoxe o BNG, que nos pide novamente que subamos a tarifa, presentou unha iniciativa nesta Cámara, que aínda non tramitou –supoño que é porque non llo deixan tramitar–, unha iniciativa na que se pedía literalmente que se lle baixara aos galegos o imposto sobre a renda na mesma proporción na que o PP llo subira ao conxunto dos galegos.

Miren, a verdade é que custa bastante entender o que vostedes pensan en materia de fiscalidade, porque ademais é que hai un problema engadido. Porque problemas de incoherencia ideolóxica e de coñecemento do que é a progresividade á marxe, é que ademais Galicia gaña moito máis cunha suba igual no conxunto do Estado, que cunha suba do tramo autonómico. Isto é fácil de deducir, ¿por que? Porque a renda dos galegos está por debaixo da media do conxunto de España. Co cal, unha suba do imposto da renda aplicada ao conxunto de España polo sistema de financiamento autonómico vaille reportar a Galicia 72 millóns de euros; a suba que vostedes propoñen, en cambio, como moito uns 20, 25 millóns de euros.

Ben é un exemplo de incoherencia política, económica e, sobre todo, de non ter en conta que é o que lle convén a Galicia. Algo, por certo, moi parecido ao que lles sucede a vostedes cando falan da débeda pública. Hoxe, unha vez máis, criticannos á vez por endebedarnos e por non gastar máis; o cal é completamente imposible. (Aplausos.)

Miren, mentres outras comunidades autónomas pechan plantas enteiras de hospitais e recórtanlle o soldo aos funcionarios, en Galicia o que estamos a facer é seguir incrementando as residencias: 1.165 novas prazas en residencias por este Goberno, vostedes en catro anos fixeron 899; 1.519 prazas en centros de día, vostedes en catro anos con moitos máis cartos só fixeron 942; 180 prazas novas en centros de Alzheimer, vostedes aquí si fixeron unhas poucas máis, 234;

586 prazas en centros de discapacidade, 443 nos seus catro anos; e prazas en escolas infantís levamos 2.137, cando vos-
tedes en catro anos só fixeron 1.963. É dicir, nós levamos en
tres anos 5.587 prazas creadas no ámbito social, e vostedes
4.481 prazas.

Evidentemente, o Estado social inflúe nos niveis de pobre-
za. Eu supoño que vostedes, que critican os niveis de pobre-
za, terán constancia dos informes que se acaban de publicar
recentemente. Os informes que se acaban de publicar recen-
temente, por exemplo: a Rede europea de loita contra a
pobreza e a exclusión social di que en Galicia a pobreza
pasou no ano 2009 ao 2010 do 23,30 % ao 22 %, cando a
media española reflexou un incremento do 23,4 % ao 25,5
%. Evidentemente, isto é porque estamos todos en contra da
pobreza, pero porque esta dereita, que vostedes din que é
tan antisocial, o que está facendo é reforzar precisamente o
Estado social, o Estado de benestar. (Aplausos.)

E ademais de soste o Estado de benestar, este Goberno está
a tomar moitas outras medidas que xa practicamente vou
omitir. Permítame que poña como exemplo da preocupación
que temos polos gandeiros e polo sector lácteo, simplemen-
te se lles suxire que pregunten en Caldas, a ver que opinan
en Caldas do apoio da Xunta ao sector lácteo. Ou esperen
pronto a preguntarlle aos gandeiros cando se comecen a
pagar as axudas pola seca que están a sufrir.

Do sector pesqueiro permítame simplemente corrixir unha
vez máis ao señor Vázquez. Dixo que non se creara ningún
posto de traballo en acuicultura. Está completamente trabu-
cado, hai 80 postos de traballo creados; o problema é que
están en Lira –Portugal– e non en Galicia –España–, por
consecuencia dunha decisión tomada polo seu Goberno.
(Aplausos.)

Con respecto ao sector naval... (Murmurios.)

A señora PRESIDENTA: Silencio por favor.

O señor PUY FRAGA: ... eu, señora Pontón, vostede leu unha
declaración dun sindicalista. Eu escoitei ao señor presidente
do comité de empresa de Vulcano dicir que se había unha
persoa ante a que había que sacarse o sombreiro era ante o
señor Guerra, (Aplausos.) pola xestión magnífica que fixo
no tema de Vulcano.

En relación co tema do comercio, por mencionar tamén aos
sector servizos, simplemente recordar que o emprego no
comercio minorista en Galicia incrementouse un 0,9 % no
ano 2011, fronte a unha baixada do 1,1 % no conxunto do
Estado.

Todos estes esforzos, obviamente, están dirixidos a un único
fin que é crear emprego e facer de Galicia un territorio com-
petitivo e preparado para competir na Unión Europea e nun
mundo máis globalizado.

E permítanme que faga aquí un pequeno excuso no meu
discurso para referirme... Imos xogar a cifras e letras, porque
o señor Vázquez chega aquí á tribuna e o que di é que o
señor Feijóo saca as cifras por aquí, saca as cifras por alá; el
saca outras cifras, el trae letras. Concretamente, dixo que
había un informe do BBVA que o que dicía era que Galicia
ía de máis a menos. Imos ver... o que di ese informe, situa-
ción Galicia, informe BBVA, decembro do 2011 é: La eco-
nomía gallega ha desacelerado su ritmo de crecimiento en
línea con lo sucedido con el conjunto de la economía espa-
ñola. Isto é o que di o informe. Pero esperen, é que o subtí-
tulo do informe o que di é o seguinte: Galicia –guión– Una
mejor posición ante los desequilibrios dan ventaja para recu-
perar el crecimiento en 2012. Señor Vázquez, (Aplausos.)
señor Vázquez, señor Vázquez, se me fai isto coas letras,
que non me fará cos números. Se fai isto coas letras, que non
fará cos números, por favor. (Risos.) (Aplausos.)

Certamente, para crear emprego hai algunha alternativa que
é reducir o déficit, reducir o gasto, facer os investimentos
acordes ás necesidades dunha Galicia que ten que participar
na globalización. E hai outra alternativa, pero esta alternati-
va é a que, por exemplo, presenta o grupo nacionalista nos
concellos para mitigar o problema do paro. E leo literalmen-
te. Iniciativa –esta en concreto– que nos chegou aquí e que
presentan no concello de Foz é: Instar á Xunta de Galicia a
realizar ofertas de emprego público suficientes co fin de
reducir o desemprego e combater a crise económica. É dicir,
esta é a súa solución, ¿convocar 200.000 postos máis na
administración? Ben, realmente se somos serios, somos
serios, e se o que queremos é tirar con pólvora do rei, pois
efectivamente sempre se pode tirar con pólvora do rei.

Evidentemente, Galicia mantén o diferencial de paro co con-
xunto da economía española. Temos, sen embargo, moito

traballo por diante. Agora, dicir que no discurso do señor presidente se bota de menos un plan de loita contra o paro, é lisa e chamente dicir que non se entendeu nada do que dixo o presidente. Pero non xa nada do que dixo o presidente do seu discurso, nada nin de como está o país, nin de como está a nosa economía, nin de cales son os seus problemas, nin cales son as súas opcións para saír da crise. De entrada, parece que non escoitaron que houbo algo así como 29 acordos de diálogo social e que están, entre outras cousas, centrados nas políticas activas de emprego.

Permítanme, ademais, porque tamén é importante para a creación de emprego, que fale un minuto sobre o sector financeiro. Do sector financeiro o mellor que se pode facer é un resumo: Ano 2009, gañamos as eleccións; nin un papel sobre a situación das caixas e do sistema financeiro. Empezamos a gobernar, e o que empezamos a oír do señor Vázquez é que o señor Feijóo está calado porque lle quere regalar ao señor Rato as caixas galegas. Entón fanse uns informes, e inmediatamente o que din é que os informes están mal feitos; hoxe volveuno dicir aquí o señor Vázquez. Finais do 2009, maniféstanse uns, outros piden SIVs e, sobre todo, que hai unha defensa pechada dos directivos das caixas porque nós o que queríamos era botar aos directivos das caixas, que era unha lei nada máis que para iso. Finais do 2009, aprobamos unha Lei de caixas e presentan un recurso de inconstitucionalidade. Un recurso de inconstitucionalidade que o Constitucional dixo que dos doce motivos que se presentaban, nove non tiñan o máis mínimo fundamento, e levantou a suspensión acordada. Consequimos a fusión; aproban o FROB, o Ministerio de Facenda, o Banco de España e a Unión Europea. Entón, o señor Vázquez vén e dinos que o que está é moi cómodo, que se a fusión tal... E claro, tamén din: é que esta era a fusión, pero non a que quería Feijóo, era outra fusión; e esta é a boa, non a que quería Feijóo. Dous meses despois sae o Decreto 2/2011; o Partido Socialista fulmina, elimina as caixas. Esixe unhas ratios de capitalización imposibles de cumprir, ademais especialmente elevadas para as caixas. ¿Entón, o señor Vázquez que di? Xa dicíamos nós que a fusión non era boa. É dicir, claro, isto é a coherencia absoluta. Ben, a continuación convértese en banco, aparecen os novos xestores de evidente prestixio, e novamente din que están contentos co banco e augúranlle un bo futuro. O Bloque aquí xa pedía outras cousas, aquí o Bloque o que pedía é que creáramos unha caixa nova, unha caixa nova con minúsculas. Sétimo, actualmente estamos na fase de capita-

lización, é unha fase complexa. E o que di o señor Vázquez a última semana no turno de control ao presidente, xa non fala de futuro, senón simplemente de que é un novo fracaso do señor Feijóo. Supoño eu que como aparezan –cousa na que confiamos– os investidores estranxeiros, o señor Vázquez dirá: isto é magnífico, era un proxecto magnífico que nós apoiamos. (Aplausos.)

Fixen un esforzo de síntese porque seguir as posturas do Partido Socialista durante toda esta temporada é complicado. Eu seguí nada máis que as do señor Vázquez, porque mentres el falaba, por exemplo, o alcalde de Vigo –que saudamos coma sempre agarimosamente porque estaba de visita– vai a contra, por exemplo: cando o señor Vázquez di que é bo un SIV ou que está ben a fusión, o señor alcalde de Vigo di que é un desastre e unha aldraxe a Vigo; e cando o señor Vázquez di agora que o banco non vai ir adiante, o señor Caballero recibe aos xestores de Novagalicia Banco e dilles que vai ser un proxecto magnífico e que Vigo está estupendo cunha sede central alí instalada, e que vai a ser un banco tan bo, polo menos, como as rúas que el arranxa. Miren, eu sinceramente... Señor Vázquez, sobre isto hai que deixar de molestar e traballar polo país. (Aplausos.)

Eu, simplemente, voulle facer unha pregunta, xa que tan preocupado está polo corralito, polo chamado corralito das preferentes –algo polo que estamos preocupados todos, moito máis do que vostede pensa, moito máis–; bueno, pero ¿porque se preocupa nada máis que polas preferentes que teñen os galegos en Novagalicia Banco? E que hai galegos que teñen preferentes do Banco de Santander, galegos que teñen preferentes do Banco Bilbao Vizcaya, galegos que teñen preferentes do Banco Popular, do Banco Pastor, de Bankia, de Caixa de Pensións de Barcelona, do Banco de Sabadell e tamén de Telefónica, de Repsol e de Meliá ¿porque non lle preocupan estes galegos? ¿ou preocúpanlle todos? ¿Ou o que pasa é que quere poñer o foco e o centro de atención nun proxecto financeiro que é vital para este país? (Aplausos.)

Ben, ao mellor o que quere é que peche Novagalicia Banco para que o Igape se converta nunha banca pública, esta é... Vostede criticaba as propostas que fixo o señor presidente, vostede nos vén con dúas magníficas: a primeira é converter ao Igape nun banco público. Bueno, mire, si, si, dixo: nunha axencia que dea cartos públicos subvencionados. (Murmuros.) (Interrupcións.) Unha axencia pública que dá créditos

públicos subvencionados, normalmente por criterios políticos e non económicos, é un desastre. Ben, estamos camiñando cara a esquerda, parece. Ben, sigan vostedes que dentro de pouco (Aplausos.) estarán de acordo co Bloque. E a segunda idea maxistral que se saca é unha –que xa Rubalcaba dixo na campaña– que xa está aplicado, por exemplo na Comunidade Autónoma de Estremadura, o de poñer un imposto sobre os depósitos pero que non se lles pode trasladar aos que depositan, cousa que é imposible por outra banda. Pero o caso é que vistos os resultados, primeiro do señor Rubalcaba coa proposta electoral e segundo os resultados de recadación e de control do déficit que estaban a ter os socialistas extremeños, eu creo que esta, desde logo, tampouco é a saída á crise que ten a nosa economía, señor Vázquez.

Agora ben, postos a copiar, pois podía vostede podía ler completo ao señor Rubalcaba, porque nos votou en contra dos recortes. Declaracións do señor Rubalcaba, dixo: “Me refiero más a los otros grupos, a los grupos que han dicho estabilidad, ¡que disparete! El déficit, ¡que maravilloso!, al mismo tiempo que decían eso de los mercados son muy malos. Tiene usted un problema, porque si a usted le gusta el déficit y odia los mercados, tiene usted un problema serio. Los mercados son aquellos que te prestan dinero para cubrir tu déficit. Me irrita que en el debate se trate de identificar estabilidad presupuestaria con recortes. No, hombre no, eso no puedes decirlo; es más, los recortes nacen cuando el déficit se te va y se te va, ese es el origen de muchos de los recortes”. Señor Rubalcaba. (Aplausos.) Ben, é evidente que o señor Vázquez non o leu. Vostede posiblemente o leu, pero o señor Vázquez evidentemente non o leu.

Quédanme tres minutos e non quero pechar a miña intervención sen lembrar que non só temos traballado moito no ámbito económico e no ámbito social, tamén temos traballado moito na mellora da calidade democrática das institucións de Galicia. O Parlamento é o centro da vida política, somos o Parlamento de España que máis horas traballa, o control parlamentario ao Goberno está sendo tan intenso que levamos contestadas nesta lexislatura, o Goberno leva contestadas máis preguntas aos deputados, máis preguntas que na suma total de todas as lexislaturas autonómicas de Galicia. (Aplausos.) Temos aprobadas 438 proposicións non de lei, 180 a iniciativa da oposición e das 258 aprobadas a iniciativa do Grupo Popular, máis da metade, 139, foron aprobadas por unanimidade ou con modificacións transaccionadas por

algún grupo. Acordamos as retribucións, baixámonos os soldos e fixémoslos públicos na rede. Os orzamentos, melloramos a información e calidade da información ao Parlamento, colaboracións público-privadas, inclusión na Lei de réxime orzamentario de todos os entes instrumentais, así o recoñece o Consello de Contas; melloramos a ordenación do sector institucional coa Lofaxga; ordenamos coa Lei do patrimonio o patrimonio da Xunta, permitindo ademais realizar o inventario, e, sobre todo, tamén melloramos os medios públicos de información coa nova lei que xa está en execución.

Señorías, o verdadeiramente importante do exposto esta mañá polo presidente da Xunta, a modo de balance destes tres anos, é que se confirma que en Galicia se instalou a responsabilidade que é, nin máis nin menos, o máis necesario para superar a complicada situación que temos que afrontar e o que a sociedade está realmente a demandar. Fóra desta Cámara, alleos seguramente a este debate, os cidadáns viven a realidade da situación, cidadáns que sofren e queren solucións; galegos e galegas que acoden aos seus representantes políticos na procura de auxilio para paliar a súa escaseza de recursos; que reclaman posibilidades de atopar un posto de traballo; que piden solucións para os problemas da súa vivenda, da súa rúa, da súa parroquia, que demandan melloras nas estradas, nos colexios; que piden unha atención médica, rápida e eficaz. Todos eles saben que a situación é difícil, sábeno e a maioría deles comprenden que nestes momentos non é posible atender todas as necesidades e que hai que priorizar.

Necesitamos, polo tanto... O que queren eses cidadáns é ver a luz ao final do túnel, e o que reclaman en definitiva é confianza, a mesma confianza que precisan ter os empresarios, os investidores, os comerciantes, os hosteleiros; senón hai confianza a economía se paraliza. Pois ben, a confianza xérase xestionando a situación e recursos con transparencia e responsabilidade, con gobernantes que non oculten a verdade á cidadanía nin dean falsas esperanzas,...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor PUY FRAGA: ... e con gobernantes capaces e preparados, que saben manexar os recursos e priorizar as actuacións públicas con coherencia.

Galicia sabe hoxe que os esforzos feitos comezan a pagar a pena. A nosa sociedade debe estar máis tranquila sabendo

do que os axustes feitos no pasado son os que nos permiten afrontar esta nova recaída na crise sen necesidade de sacrificios adicionais, porque ten un Goberno que está a conseguir facer máis con menos; un Goberno máis eficiente; un Goberno en definitiva responsable. Un Goberno que é responsable porque pode render as súas contas publicamente, ante os seus provedores aos que paga, ante o Parlamento ante o que comparece, ante Galicia, ante España ou mesmo ante Bruxelas, podendo dicir que cumpre tamén a responsabilidade contable a todos os niveis. Un Goberno que é responsable porque con iso garante o principio ético da sostibilidade dos elementos centrais do estado de Benestar; un Goberno responsable que só por iso é merecente da confianza, desde logo do Grupo Popular, pero o que é máis importante: do conxunto da sociedade galega.

Moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Señorías, suspendemos a sesión por un tempo de quince minutos. As súas señorías serán chamadas, como é costume, a través dos timbres.

Suspéndese a sesión ás seis e vinte e dous minutos e retómase ás seis e corenta e tres minutos da tarde.

A señora PRESIDENTA: Reiníciase a sesión.

Ten a palabra para a resposta, o presidente da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señora presidenta, señorías.

Señora e señor voceiros do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista de Galicia-PSOE.

Señorías, quero agradecer o ton do debate desta tarde. Quero agradecer moi profundamente que se intentaran contraponer, como dixemos ao principio da sesión, as distintas ideas, as distintas propostas e as distintas reflexións, e porque non, os distintos soños que cada un ten para Galicia.

Quero agradecerlle, señora Pontón, que vostede me compare con Dorian Gray, iso significa que vou durar moito tempo,

e polo tanto, ao mellor vai ter moito presidente para tempo, pero non sei se será así, ou non será así. (Aplausos.) En todo caso, señoría, é difícil durar moito tempo sen ter corazón e sen ter alma; eu pódolle asegurar que de momento os meus informes clínicos cardiolóxicos son correctos, e creo que tamén teño alma, polo menos eu son crente, non sei se vostede tamén.

Señorías, creo que é bo que os nacionalistas citen a Dorian Gray, a John Fitzgerald Kennedy e ao Financial Times. Creo que, sen dúbida, quere dicirse que estamos preocupados polo problema, e que os problemas transcenden ás nosas posibilidades; aínda que iso non significa que non teñamos que facer todos, dentro das nosas posibilidades, o máximo esforzo.

Señora Pontón, dicir que non falei dos problemas dos galegos é simplemente non asistir a esta sesión do debate do estado da Autonomía; non fixen outra cousa. Do mesmo xeito que non levo feito outra cousa que, dende que tiven a responsabilidade de ser membro do Goberno de Galicia, e dende o ano 2009 de presidir a Xunta de Galicia, e non o vou facer; non vou facer outra cousa porque esa é a miña vocación, ese é o meu compromiso e esa é a miña determinación.

Señoría, non debe vostede dicir que a austeridade agrava a crise. Non debe dicir vostede que a austeridade é unha fantasía, e á vez criticarnos polo incremento da débeda pública. Debería de vostede poñerse de acordo consigo mesma, porque senón é moi difícil que a entendan os demais. Se a austeridade non é necesaria, ¿porque me critica o de incrementar a débeda pública? Pero, sen embargo, señoría, vostede e máis eu sabemos que a austeridade non só é necesaria, é imprescindible. E non é ningunha fantasía; fantasía era vivir sen austeridade durante catro anos en Galicia, oito anos en España e agora estar na situación na que estamos. Iso realmente era unha clara fantasía, unha clarísima fantasía, señoría. (Aplausos.)

Señoría, cando vostede me di que a austeridade non lla aplicamos aos banqueiros, quero recordarlle que o único Goberno que lle baixou as retribucións aos banqueiros foi o Goberno do partido do que formo parte. Quero recordarlle, señoría, que vostede tamén formou parte de forma indirecta dun Goberno que apoiou sempre, en todas as circunstancias, en Galicia e durante cinco anos ininterrompidos en Madrid.

Señoría, é tan verdadeiro como que estamos aforrando nos gastos correntes do Goberno para inverter máis nos cidadáns.

Señoría, xa vin que me critican por ter un Goberno máis cativo, é dicir, por ter un Goberno un 40 % en número de consellerías máis pequeno que o bipartito; acepto esa crítica. Tamén, señorías, acepto a crítica de ter un 50 % menos de altos cargos; creo que era o meu deber. Acepto a crítica, señorías, de que me digan que non diminuímos as delegacións territoriais, remítome ao portavoz do Partido Popular do grupo, cando di que antes había 51 e agora hai 5. Señorías, tamén vostedes nós din que o plus de altos cargos é un complemento do PP, señora Pontón, vostede co seu dedo votou a favor do plus de altos cargos nesta Cámara, e este Goberno é o Goberno que vai retirar o plus de altos cargos por primeira vez (Aplausos.) Señoría, non mude de opinión, non mude de opinión.

Señoría, claro, claro que estamos apostando pola austeridade. Claro, señoría, que imos aforrar 100 millóns de euros na administración paralela da Xunta de Galicia. Din vostedes que durante catro anos fixeron unha lei para diminuír o número de fundacións comerciais, pero durante catro anos non lle deu tempo a disolver ningunha. Señoría, en tres anos comprometémonos e comprometémonos a facer a administración autónoma máis responsable e máis austera da historia da Comunidade Autónoma. E, por iso, señoría, estamos conseguindo algo que creo que debemos de celebrar: ser a segunda comunidade que, por terceiro ano consecutivo, cumpre os criterios de déficit público, controlar a débeda pública e pagar. Si, señoría, pagar é fundamental. Aos que nacemos nas aldeas explicáronos que pagar é fundamental; explicáronos que non podemos comprar sen pagar, e explicáronos que se non pagamos e deixamos a deber —como vostede me recordaba anteriormente— somos uns puferos; nós non queremos ser puferos, señoría. (Aplausos.) Non queremos ser puferos, non.

É certo, señoría, que coincidimos nalgunhas cousas, sen dúbida. A primeira, que o primeiro problema de Galicia se chama paro. Pero, do mesmo xeito que coincidimos niso, vostede coincidirá comigo en que a taxa de paro en Galicia é dun 5 % menos que a taxa de paro na media de España. Supoño, señoría, que a vostedes lles importará o paro de España, pero en España o paro é o 22,9 %, e en Galicia o 18,3%; e somos a sexta comunidade con menor paro de España. E si lle digo que se en España houbera a mesma por-

centaxe de paro que en Galicia, habería 1 millón de españois traballando, que unha parte dos cales serían, sen dúbida, galegos e galegas.

Señorías, cando vostedes comparan a política económica súa e a política económica do Partido Popular, recórdolle que no último ano do Goberno bipartito o paro se incrementou un 32 %, é dicir, 51.000 persoas; e agora o paro se está incrementando un 10 %, é dicir, 26.400 persoas. O paro rexistrado medra hoxe a metade que cando vostedes votaban a favor das políticas económicas que creaban paro, desemprego e déficit. Señoría, se vostede quere seguir falando de datos, sen dúbida, ten vostede os datos publicados do paro rexistrado no último ano do Goberno bipartito: 51.034 parados máis, un 34 %; no último goberno do Goberno do Partido Popular, 26.400 parados máis, un 10,6 %. Non son meus os datos, son os datos do Goberno e da Administración central. Pero se vostede quere comparar o dato do paro segundo a Epa, no Goberno bipartito incrementábase nada máis e nada menos que un 50 %, 54.300 parados, fronte ao 18,1 %, 36.900 do último ano do Goberno do que formo parte.

Señoría, esta é a taxa de paro en España, como ve estamos de sextos; é dicir, tan só hai cinco comunidades con menos paro que Galicia. Por certo, temos menos paro que Madrid; temos menos paro que Cataluña; temos menos paro que Valencia, e temos, salvo no País Vasco, Navarra, Cantabria, Aragón e Castela León, o menor paro de España.

Se vostede me pregunta realmente se estou satisfeito, evidentemente que non; todos os días é a miña preocupación, porque sei o que é non ter emprego. Por iso, señoría, cando collen os datos económicos, estamos a súa disposición; a taxa de paro compórtase mellor ca antes, o paro rexistrado compórtase mellor agora que antes, seguimos con 4,6 puntos de diferenza sobre o paro en España. E o paro, señoría, seguirá sendo, durante toda a lexislatura, o principal problema de España e de Galicia; non en van, temos o dobre de paro que a Unión Europea. Supoño que a vostede iso lle interesa, dado que agora cita o Financial Times.

Señoría, claro que é fundamental recordar que, por exemplo, no crecemento do emprego industrial Galicia creceu 2,1 puntos, mentres que España baixou, e co bipartito baixara un 10,8 %; si, señoría, un 10,8 % no bipartito. Se vostede quere

sumar outro tipo de valores en empresas creadas no ano 2011, en Galicia incrementáronse 4.085, e España baixou; e somos a segunda comunidade que medra en número de empresas.

Se quere vostede comparar a fortaleza da nosa economía, pódolle dicir que as exportacións se incrementaron un 17,6 %, fronte ao último Goberno de Galicia, onde se decrementaron no ano 2008 un 11,3 %, e en España un 15,5% nese ano. A taxa de cobertura das exportacións, en Galicia estamos no máximo histórico, e creo que ben vale a pena, con tantos datos negativos, atopar datos positivos nese panorama cheo de incertidumes, e porque non dicilo: de paro, de desemprego e de desacougo.

Pero, señoría, hai un dato fundamental que é que, a pesar da crise económica, Galicia está converxendo con España. Si, señoría, debería de revisar os seus datos; estamos no 91 %, de acordo cos datos do INE. Cando estaba o bipartito estábamos nun 88 %, agora no 91%. ¿Sabe por qué? Non porque vaiamos ben, senón porque España vai moito peor, é por iso, señoría. Teño os datos do PIB per cápita de España e de Galicia, onde acreditamos que estamos no 91 %, e no ano 2008 estábamos no 88 %. Señorías, claro que se queremos coller as previsións de crecemento económico, hai que dicir que o último Goberno, o último ano do bipartito baixou a economía en Galicia máis dun 3 % –e agora discutimos se crecemos dúas décimas máis ou menos–. Pois, mire, crecemos máis no ano 2010 que España, crecemos dúas décimas menos no ano 2011 que España, e baixamos menos que España no ano 2009. E, por certo, agora que tamén se estudan informes do Banco Bilbao Vizcaya, quero dicirlles que segundo ese informe –que seguro que vostedes manexan– a previsión do BBVA para o ano 2012 é que Galicia teña un baixada menos do PIB que España, Galicia 0,9 % e España -1,3 %. Polo tanto, é evidente, señoría, que estamos nunha mala situación. E é evidente, señoría, que dicir, en todo caso, que estamos peor que España non é ser xustos, xa non co Goberno, que non ten interese, nin sequera co grupo, senón coa verdade. E a verdade, señoría, queda reflexada no *Diario de Sesións*.

A innovación, señorías, non soamente se mantivo, senón que creceu. E creceu porque conseguimos un Programa Interconecta de 30 millóns de euros. E porque conseguimos –como dicíamos pola mañá– 90 millóns de euros para innovación

en materia de saúde, hospital 2050, que nós permitirá licitar a ampliación do hospital público de Ourense, que non se fixo en plena bonanza económica.

Señorías, imos xerar 120 millóns de euros de investimentos en I+D+I. Dicir que a internacionalización é un tema menor é descoñecer como vai evolucionar a economía de España fronte á crise, de momento non ten ningunha outra alternativa máis que exportar. E creo que ben vale a pena, dende aquí, agradecerlle ás empresas galegas que tiveran incrementado as súas exportacións e que atoparan a cobertura do máximo histórico e un saldo comercial positivo de Galicia de 3.500 millóns de euros, fronte a un saldo negativo de España de máis de 46.000.

Señorías, claro que podemos seguir falando de todos os sectores. Dicia o voceiro do Partido Socialista –e coincidía, creo, a do BNG– que non estamos axudando ás empresas máis que nunca. Dabamos os datos esta mañá: máis incentivos, máis avais ás empresas en tres anos que en máis de vinte e cinco anos de autonomía. Señoría, si, comprendo que haxa algúns aos que lle entre o riso, pero comprendo que os datos son incuestionables: multiplicamos por cinco as cifras acadadas nos tres anos anteriores; nos tres anos anteriores aprobáronse 10.000 iniciativas, levamos máis de 50.000.

Señorías, pregúntenllelo aos empregados de Clesa; pregúntenllelo aos empregados da factoría Vulcano; pregúntenllelo aos estaleiros de Vigo; fáganlle unha pregunta á fábrica de cerámica de Sargadelos; vaian a Castelo Solucións, no Porriño, e coméntenlle o que estamos a facer; coméntenlle tamén a Paquito, a Tablicia S.A. ou á Factoría Naval de Marín, que estou convencido –si, señoría– de que, do mesmo xeito que fixemos con Vulcano, se atopamos a alguén que se queira facer co estaleiro, nós estaremos a disposición da plantilla. (Aplausos.) Si, señoría, si. (Aplausos.)

Señorías, despois de dicir que a austeridade é unha fantasía e que, polo tanto, non temos por que aforrar, dísenos que gastamos moito. Señorías, ¿en que quedamos?, ¿gastamos moito ou gastamos pouco?, ¿aforramos moito ou aforramos pouco? Dígoo porque para os galegos isto de aforrar e gastar sabemos exactamente o que é, entendémolo cunha clariade e cunha nitidez ancestral. Somos un pobo aforrador que, con carácter xeral, non gastamos máis do que temos. E temos nas familias, nos nosos pais e nos nosos avós, os pre-

cedentes para saber como saír da crise económica; xustamente non gastando o que non temos, xustamente non considerando que gastar por riba das posibilidades é o que hai que facer, e que aforrar é unha simple fantasía. Non, señoría, o de aforrar non é unha fantasía, é un deber de responsabilidade das familias, das empresas e das administracións públicas. (Aplausos.)

Señoría, o voceiro do Grupo Parlamentario Popular describiu exactamente o que deberían de facer vostedes e, por suposto, non fixeron cando gobernaban en épocas de bonanza económica. Se a lei de teito de gasto estivera en vigor na lexislatura anterior teríamos unha débeda pública que nos permitiría, sen dúbida, endebedarnos moito máis para facer fronte á crise. Pero como vostedes, ademais de gastar e ademais de gastar e non pagar, se endebedaron, déixannos a peor situación posible. (Murmurios.) O peso da débeda en Galicia sobre o crédito total é inferior á de España, a ratio de débeda sobre PIB é inferior agora que cando vostedes gobernaban, e a débeda da poboación está por debaixo da media de España; cando vostedes gobernaban estaba por riba da media de España.

Mire, señoría, comprendo que estudar é un pouco complicado, pero merece a pena... (Interrupcións.) porque iso de non ler... (Aplausos.) (Murmurios.) ten os seus problemas. (Aplausos.)

Mire, señoría, cando vostedes gobernaban esta era a débeda pública de Galicia, ano 2007, estaban por riba da media de España. Si, señoría, dígoo porque como hai profesores aquí pero que vexo que non estudan, sería bo que coñezan este dato. (Interrupcións.) No ano 2011, señoría, Galicia está por debaixo da media de España. (Interrupcións.)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Si, señoría, comprendo –insisto– que hai xente que non estuda, pero é fundamental estudar. Señor Vázquez, dígoo por vostede, porque se lle dan ben os datos; vostede é capaz de defendelo, senón evidentemente ten un problema.

Señoría, sigamos falando de débeda, do aumento da débeda sobre o PIB: somos a terceira comunidade con menor incre-

mento de débeda sobre o PIB de España, (Murmurios.) a terceira comunidade... (Interrupcións.)

A señora PRESIDENTA: Señor Losada.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ... de débeda PIB de España.

Señorías, pero, de verdade, neste momento ¿a quen queren vostedes enganar? Non son capaces nin de enganar os seus alumnos de económicas ou de empresariais das universidades galegas, non son capaces, señorías. Hai que estudar un pouco máis e ser un pouco máis rigorosos, sobre todo para vir a este Parlamento e falar en nome, en representación dos galegos e galegas. (Aplausos.) Un pouco máis rigoroso, senón non é posible.

Imos seguir, por suposto, falando dos sectores produtivos. É evidente que en Galicia se pechan comercios, por suposto, señoría, pero o que non dixeron vostedes –e creo que os galegos teñen dereito a saber– é que en Galicia se pechan menos comercios que na media do resto das comunidades autónomas: o 1,8 en Galicia, fronte ao 2,2 na media de España. Comprendo, señoría, que hai algúns que están escoitando estes datos por primeira vez, pero é fundamental coñecerlos. E por iso presentamos unha nova Lei de comercio, e por iso comprometémonos esta mañá a facer licenzas en tempo real para aqueles que queiran iniciar e, ¿por que non?, para aqueles que queiran tentar saír desta situación e abrir un comercio. (Aplausos.) E por iso, señoría, imos seguir traballando. (Aplausos.)

Dín que o turismo vai a peor; tamén nos dixeron no Xacobeo 2010 que sería un desastre. Pechado o Xacobeo 2010, foi o mellor Xacobeo da historia de Galicia, con menos recursos que nunca. Pero voulle dar os datos do turismo: os visitantes medraron un 5,3 % respecto ao ano 2010, e un 14 % respecto ao Goberno bipartito, en plena crise económica; e os excursionistas subiron un 21,6 %, en plena crise económica; e no 2011 chegaron a Galicia preto de 9,5 millóns de visitantes, en plena crise económica.

Señoría, eu comprendo que esteamos preocupados polo Parador de Muxía, eu levo preocupado dende o ano 2004 cando aprobamos o Plan Galicia –imaxínense–. Levei preocupado cando estaba na oposición e cando estiven no Gober-

no, e agora ¿dinnos que non podemos paralizar o que aínda non comezou?, iso é ben difícil. Non se pode paralizar o que aínda non comezou; non estaba adxudicado, estaba encargado a unha empresa pública chamada Tragsa, que supón un incremento do 20 % do custo por esa dedicación a dedo a unha empresa pública sen licitación, sen concorrência e sen publicidade. (Aplausos.) Non estaba adxudicado, señoría; non, non estaba adxudicado. (Aplausos.)

Señorías, é certo que hoxe o ministro competente deu datos que non queríamos coñecer, deu datos de que Paradores Nacionais ten un déficit de 100 millóns de euros; deu datos de que hai nada máis e nada menos que doce paradores –doce, non o de Muxía–, doce paradores que están nunha situación de dificultade como consecuencia dos 100 millóns de euros que deixaron en paradores, só en paradores. Señoría, ¿vostede non cre, señor Vázquez, que cos 27.000 millóns de euros de déficit oculto non terían vostedes tempo de facer o Parador de Muxía durante os últimos oito anos? (Aplausos.) Se xa sabemos que non o ían pagar, pero polo menos deberían de facelo, señoría.

Señorías, queda acreditado que non se pagou un só quilómetro de AVE, un só quilómetro de autovía, un só metro dun dique dos portos galegos e españois e nin un só metro dunha pista aeroportuaria; iso queda acreditado. Pero agora resulta, señoría, que con todo o que deixaron a deber nin sequera en oito anos iniciaron o Parador de Muxía, licitaron, publicaron e adxudicaron a unha empresa a adxudicación do Parador de Muxía.

Señorías, nós imos seguir. Xa sei que estamos sendo absolutamente criticados por facer unha autovía, é fundamental facer autovías para chegar aos paradores, señoría. E por iso faremos unha autovía da costa da Morte e espero, señor Vázquez, poder invitalo ao Parador de Muxía –vostede e mais eu, e o resto da Cámara–, porque faremos o Parador de Muxía. Faremos o Parador de Muxía, señoría, faremos o Parador de Muxía. (Aplausos.)

Si, señoría, nós imos seguir coa costa da Morte porque temos un compromiso coa autovía á costa da Morte. Imos seguir porque temos un compromiso coa costa da Morte en emprego, e por iso aprobamos o Plan Revive da costa da Morte. E temos un compromiso en solo industrial e o parador, señoría, despois de oito anos, pídlle simplemente un pouco de respecto polos veciños de Muxía e polos veciños

da costa da Morte. Deixar a Paradores con 100 millóns de euros de déficit, estar oito anos gastando o que non tiñan, e agora dicir que non se fai o parador, con todos os respectos, señor Vázquez, ese non foi o seu mellor exemplo.

Do mesmo xeito que non é un bo exemplo dicir que non estamos preocupados polo agro, díxeno dende o principio. Non só preocupados, senón que temos que dicir que, a pesar das dificultades, nos tres últimos exercicios a diferenza no prezo do leite reduciuse, reduciuse de 2,33 céntimos por litro a 1,24 céntimos por litro; isto supón unha redución do 47 % do prezo do leite. Señorías, o prezo do leite subiu un 15 % con respecto ao ano 2009: de 27,69 céntimos por litro a 31,87 céntimos por litro. O valor do leite galego, señorías, subiu 70 millóns de euros máis que o prezo que se pagaba no último ano do Goberno bipartito. E se vostede me di que se estamos satisfeitos, evidentemente que non, pero ¿como imos estar satisfeitos cando sabemos que non está en vigor o contrato homologado, tantas veces anunciado e ningunha vez concretado? Agora resulta que descubrimos que hai un contrato homologado galego, un pouco de respecto, señorías. Aquí compra o leite todo o mundo, vende leite todo o mundo; dicir que había un contrato homologado galego, ¿onde está?, ¿cales son as empresas que o asinaron?, ¿cales son os gandeiros que se beneficiaron del?, (Murmurios.) ¿e por que non está en vigor ese contrato que nunca existiu? (Interrupcións.)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, (Murmurios.) oito anos de goberno... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Si, xa sei que se pode pactar, para dicir que se pacta e despois que non valla para nada. Iso xa o fixo o Partido Socialista en oito anos, e vostedes en catro; pero iso xa non cola, señoría. (Aplausos.) Xa non cola. (Aplausos.)

Señoría, a produción do leite en Galicia aumentou en 80 millóns de litros, a media de produción por explotación incrementouse un 183 %, de 67.000 quilos a 190.000 quilos. O número de reses por explotación medrou de 32 a 49 vacas, é dicir, un 53 %. E a base territorial da explotación –que é o futuro, dada a carestía dos pensos– subiu un 248 %, de 5,1 hectárea a 18,1. Se vostede –volvo reiterar– nos di que se estamos satisfeitos, por suposto que non, en ningún caso; pero fixemos unha marca de calidade galega, fixemos un

Plan estratéxico do sector lácteo e regulamos un decreto do procedemento e o recoñecemento das organizacións produtoras. E, por suposto, señoría, cando nós chegamos pechouse unha planta de envasado de leite Pascual, de momento segue funcionando; e agora pinchou Clesa, de momento Clesa seguirá funcionando dentro dun grupo lácteo galego. (Aplausos.) Polo tanto, señoría, creo que ben vale a pena dicir que estamos traballando no sector, ben vale a pena. (Aplausos.)

Dicir que non se creou ningún posto de traballo no sector da acuicultura é simplemente, ademais dunha falta de datos, unha falta de respecto. Dígoos porque dende o Partido Socialista Obreiro Español falar de acuicultura, despois de que expulsara de Galicia a Portugal a maior planta acuícola de Europa, despois de que unha das poucas multinacionais galegas tivera que emigrar por imperativo goberamental, señorías, iso non é de recibo. Dígolle, señor Vázquez –que vostede me consta que coñece moi ben a xeografía galega,– que na ría de Muros, en Muros concretamente, hai unha planta acuícola de orella de mar que sería bo polo menos ir visitala. Porque, polo menos, señoría, temos unha planta, temos un Plan de acuicultura, temos un Plan director da acuicultura do litoral e somos a única rexión de Europa que temos presentada a nosa estratexia en acuicultura, (Aplausos.) a única. (Aplausos.)

Señoría, permítanme entrar no sector financeiro galego. (A señora Gallego Calvar pronuncia palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA: Señora Gallego, chámoo á orde por primeira vez.

(A señora Gallego Calvar pronuncia palabras que non se perciben.)

Señora Gallego.

Ten a palabra, presidente.

(A señora Gallego Calvar pronuncia palabras que non se perciben.)

Señora Gallego.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, imos seguir traballando porque temos unha Lei de

pesca aprobada; porque temos decretos, porque temos estratexia contra o furtivismo; porque temos estratexia para facilitar o marisqueo e, sobre todo, porque imos sanear as rías galegas en plena crise económica, (Pronúncianse palabras que non se perciben.) que é o futuro do marisqueo e da baixura en Galicia.

Pero antes de falar diso, se me permiten, ¿por que non imos falar do sistema financeiro, dado que a señora voceira do BNG dixo que non existen caixas por culpa do señor Feijóo? ¿E que agora hai bancos por culpa do señor Feijóo? Con todos os respectos, señora Pontón, ¿cal é a responsabilidade de que se bancarizaran todas as caixas? (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)

A señora PRESIDENTA: Silencio por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¿Señor Vázquez, vostede está de acordo con isto ou non está de acordo con isto?

A señora PRESIDENTA: Señor Lobeira. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Señor Lobeira, chámoo á orde por primeira vez. (Murmurios.)

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): É certo que se reuniron o señor Rajoy e o señor Rodríguez Zapatero na Moncloa, é verdade. E é verdade que despois daquela reunión pola mañá, ás tres e media da tarde recibín unha chamada do presidente Rajoy para dicirme que por fin lle fixera ver a Zapatero que non tiña ningún sentido que seguira boicoteando a fusión das caixas galegas (Murmurios.) e aceptando a fusión das caixas en Cataluña e de caixas no resto das comunidades autónomas. Iso é certo, iso é certo. (Aplausos.) Literalmente certo.

Señorías, non é doado seguir a postura dos socialistas durante todo o affaire das caixas galegas, non é doado. ¿Acórdanse vostedes cando o eslogan era que Caixa Nova siga soa? Despois o eslogan era a favor dunha SIV; e unha SIV era unha especie de fusión fría –menuda frialdade de fusión–, e que ademais había que fusionarse con caixas de afora.

O terceiro asunto era: liberdade para os directivos. O PSdeG pide á Xunta que deje trabaxar solas a las cajas. Un home con

bastante poder no seu momento dicía: Todo el mundo debería aceptar el criterio profesional del Banco de España. Señoría, isto era o Partido Socialista Obreiro Español.

Despois, non estiveron a favor da Lei de caixas –nunca lle agradecerí o suficiente aos nacionalistas por estar a favor da Lei de caixas–, (Risos.) señoría, xa ve como coincidimos cos nacionalistas ás veces... (Murmurios.)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Lamento que os nacionalistas non podan coincidir co partido que goberna en todas as institucións.

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ... señoría,...

A señora PRESIDENTA: Presidente, perdoe un momento. (Murmurios.)

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): A favor da Lei de caixas estivemos algúns e, en contra o Partido Socialista.

Non había que interferir nas caixas e agora resulta que queren unha comisión de investigación. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Os directivos eran os que ían salvar as caixas, e agora resulta que queren censurar aos directivos que antes jaleaban. Señorías, estaban a favor do recurso de inconstitucionalidade e contra a Lei de caixas, e agora resulta que queren unha comisión de investigación ¿exactamente para investigar o que? ¿a postura do Partido Socialista Obreiro Español?, ou ¿para investigar exactamente o que?, ¿o que, señoría?, ¿o que? (Aplausos.)

Señoría,... (O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA: Señor Losada...

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Non se preocupe, non se preocupe que a nosa postura non ten mudado. Defendemos a existencia das entidades solven-

tes con centros de decisión en Galicia. E por iso, en novembro do ano 2010 o Banco de España, que é o supervisor, (Murmurios.) dicía que era solvente a fusión. Comprendo que agora non lle guste o que dicía o Banco de España; é o que dixo. Iso si, despois de dous meses, os mesmos que dicían que había que coller diñeiro para sanear as caixas, despois dicían que ese diñeiro, que se collera para sanear, era necesario para aumentar o core capital. É dicir, señorías, tecer e destecer.

Pero os responsables diso dende logo non están nestas bancadas, non. E por iso non se preocupen, se queren vostedes unha comisión de investigación hai moito tempo para facela; non se preocupen. Podemos investigar exactamente o que pasou, por exemplo, coas preferentes. E podemos dicir que das emisións das preferentes, o 75% da emisión das preferentes se fixo cando gobernaba o bipartito. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) E practicamente máis do 90 % de emisión de preferentes en España fíxose cando gobernaba o Partido Socialista Obreiro Español en España. E por iso, señorías, supoño que algo terá que ver o supervisor, é dicir, o gobernador do Banco de España, que deixou ese tipo de produtos financeiros e os sucesivos ministros e vicepresidentes do Partido Socialista Obreiro Español que tamén deixaron ese tipo de produtos financeiros colocarse no mercado español. E que agora si, agora si o Partido Socialista cae do cabalo e recorda que o que el fixo prexudicou a miles e a miles de familias.

Seguimos estando onde estabamos, señoría, coas familias. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) E por iso a nosa proposta é moi sinxela: hai mecanismos xurídicos para que, sen quebrantar o dereito mercantil, se poida retirar diñeiro por un importe igual ao depósito que teñen nas preferentes. Señoría, lamentablemente, esta situación é unha das herdanzas que temos nestes últimos anos.

Señoría, con todos os respectos, creo que non é razoable dicir que o sector eólico tombouno o señor Rajoy, non. Está no *Diario de Sesións*, está nas hemerotecas galegas: o sector eólico e o concurso eólico do bipartito tombouno o Partido Socialista Obreiro Español e os conselleiros do Partido Socialista Obreiro Español que dixeron –e está publicado–, os conselleiros do PSOE e a conselleira do PSOE, que o que estaban facendo vostedes na Consellería de Industria era unha prevaricación. Está publicado, señoría.

E eu si que lle podo dicir que espero que ningún membro do Goberno nunca me diga que se quere enterarse o presidente do que fai unha consellería, que consulte Internet. Espero que iso non mo digan os membros do Goberno de Galicia, porque non é respectar o Goberno, nin respectar o presidente, nin respectar a Galicia. Iso foi o que tombou o produto eólico do bipartito, señoría. (Aplausos.) Iso, exactamente iso. Iso foi o que, durante catro anos, impediu que Galicia tivera no rexistro de preasignación das primas eólicas os megavatios galegos. Señorías, ese rexistro pechouse en xuño de 2009. Vostedes estiveron gobernando catro anos, e en xuño de 2009 non tiñan nada adxudicado de forma definitiva no eólico. E houbera prima ou non houbera prima, os megavatios galegos non estarían dentro das primas que vostedes pecharon no rexistro en xuño do ano 2009. E que foron incapaces de entrar no rexistro, porque durante catro anos se estiveron pelexando dentro do Goberno e dentro da administración. Señoría, imos seguir traballando sen ningunha dúbida.

Señora Pontón, con todos os respectos, creo que traer a colación a empresa Xero, non creo que fora a súa mellor intervención. Hai dous tipos de administración: as que dan diñeiro e as que piden primeiro diñeiro aos emprendedores. Vostedes deron 33 millóns de euros a Alfageme, sabendo que Alfageme non tiña moito interese coas conservas, senón que tiña intereses inmobiliarios. Señoría, nós imos defender o diñeiro que vostedes deron, porque o diñeiro que vostedes deron a Alfageme non é seu, nin de Alfageme, é dos galegos. E imos defender o diñeiro de Alfageme, e se hai unha sentenza definitiva, por suposto que pagaremos o aval; pero se non hai sentenza definitiva, olvídense de volver regalar diñeiro masivo como fixeron vostedes con algunhas empresas. (Aplausos.) Non o imos facer, señoría.

Señoría, a empresa Xero, e calquera empresa que se instale en Galicia, primeiro ten que invertir. E se invirte, e os seus socios desembolsan, haberá axudas e senón, non. Se a empresa Xero quere poñerse, ten que invertir 26 millóns de euros. E Galicia ten posibilidade de acordo co Plan impulsa en Ourense de poñer 11, pero se non poñen 26 millóns de euros os británicos, os chineses, os xaponeses; diñeiro da Xunta nada, de diñeiro da Xunta nada, señoría. (Murmurios.) Porque non é o diñeiro do Goberno, nin dun conselleiro, é do Goberno de Galicia.

Señorías, vou rematando, pero creo honradamente que hai cuestións que debemos de aclarar. Na sanidade pública estamos reducindo as listas de espera, estamos aumentando o rendemento previsto con xornada de mañá en máis de 19.000 intervencións, ata o 74 %. (Murmurios.) Si, vostedes operaban 19.000 pacientes menos nos quirófanos do Sergas, simplemente porque incrementaban os concertos.

Señorías, debe ser unha mentira que puxemos en marcha o Hospital de Lugo. Tamén pode ser unha mentira a obra do Hospital Público de Vigo, ou a ampliación do Hospital da Coruña, ou a licitación –como faremos no segundo semestre– do Hospital Público de Ourense, ou as expropiacións do Hospital Público de Pontevedra. Señorías, na sanidade hai menos listas de espera agora, e hai máis hospitais en construción que en plena bonanza económica.

Imos seguir traballando e creo, señor Vázquez, que non é bo dicir cousas que non son verdade en nada, pero na sanidade de forma especial. E é vostede reiterativo en dicir cousas que non son verdade. E creo que é un erro. Xa lle explicamos, señoría, por que baixaron os presupostos da sanidade. Os presupostos de sanidade baixaron basicamente por dúas partidas; porque diminuímos un 5 % os salarios de todos os empregados do Sergas, de acordo co proxecto de lei socialista de Madrid, e porque fomos capaces entre todos de aforrar máis de 100 millóns de euros de gasto farmacéutico. Señoría, creo que é bo ese dato. Por iso creo que non é bo insistir e insistir. ¿Hai máis sanidade pública agora que antes? Si. ¿Hai máis hospitais públicos agora que antes? Si. ¿Hai máis infraestrutura hospitalaria en construción agora que antes? Si. ¿Hai máis profesionais que traballan máis e con maior rendemento agora que antes? Si. Señoría, comprendo que presentar maquetas é moi fácil, pero facer obras en plena crise económica é un pouco máis difícil. (Aplausos.)

Quero pedirlle, señor Vázquez, que non persista vostede en traer malas noticias á sanidade. Quero pedirllor porque vostede é médico, e debería de ter un pouco de respecto polos seus compañeiros e polo sistema. E quero pedirllor, tamén, porque a maior parte da miña vida me dediquei á sanidade pública. Por iso non é bo dicir que os médicos daban altas a cambio de 30 euros; non é bo dicir que os galegos ían ter menos medicamentos co catálogo de medicamentos xenéricos; non é bo dicir, señoría, –e todo isto non está matizado–

este panfleto do Partido Socialista Obreiro Español en plena campaña electoral –con membrete do PSOE–, di e amedrenta os galegos que imos cobrar por consultas, por días de hospitalización, por urxencias... (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¿Perdón?

¿Diario Oficial de Galicia?

Si, señoría, pero iso son as mutuas de accidentes de tráfico, non o Servizo Galego de Saúde, que é gratis en plena crise económica. (Aplausos.)

¿Señoría, a quen quere enganar? ¿A quen quere enganar? ¿Señoría, é que acaso lle parece normal que non lle cobremos ás mutuas de accidentes de tráfico e que as mutuas de accidentes de tráfico se leven o diñeiro dos condutores? (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Ese diñeiro é do Servizo Galego de Saúde, ese diñeiro é dos profesionais sanitarios e ese diñeiro é dos galegos e das galegas, señoría. Por iso imos seguir traballando, sen ningunha dúbida.

E non é bo tampouco mentir reiteradamente durante 3 anos do Hospital de Vigo. Primeiro, dixeron que era un hospital privado, e agora din que é un hospital moi caro. Mire, dos 53 millóns de euros de canon 36 millóns son construción e custos financeiros, e 24 millóns de euros non teñen nada que ver co hospital: son os servizos de lavandería, de limpeza, de seguridade, de transporte interno, de mantemento de todos os hospitais de Vigo. ¿Pero por que seguimos enganando á cidade de Vigo? (Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¿Por que a Vigo non lle dicimos que entre todos –vostede tamén, señor Vázquez– imos ser capaces de facer o maior hospital público de España en plena crise económica? (Aplausos.) Digámosllo, celebremos ese asunto, señoría.

Señoría, non é doado seguir dicindo que co PP se incrementan os concertos sanitarios e co PSOE diminúen. Porque o problema das cousas é que queda constancia das mesmas, e o problema dos datos é que non son opinables. Miren, no ano 2004 o que gastabamos en concertos eran 103 millóns de euros; no ano 2008 vostedes gastaron 149 millóns de euros, un 44 % máis. Señoría, ¿agora comprenden por que dicían que baixaban as listas de espera? Baixaban as listas de espera porque metían 50 millóns de euros máis a operar nos

centros concertados, iso si, deixando a deber a totalidade dos mesmos; porque deixaron a deber 2.300 millóns de euros dos servizos públicos galegos.

Por iso, señoría, nós non só non subimos,...

A señora PRESIDENTA: Señora Acuña, chámola a orde por primeira vez.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):

... senón que conxelamos a partida dos concertos, e baixamos o 5 % o concertos. ¿Non se dá conta, señoría, de que temos algúns problemas con hospitais concertados porque non lles estamos subindo a partida de concertos? Con vostedes non había ningún problema, ¿para que? Se gastaron 50 millóns de euros máis en concertos coa sanidade privada... ¡que máis dá se o diñeiro non era seu!, pero o diñeiro era seu, porque vostedes representaban os galegos dende o Goberno.

Señoría, non é razoable, en ningún caso, dicir que estamos diminuindo a calidade da educación pública. Vanse publicar os datos nos próximos días, verá como Galicia mellorou as súas porcentaxes de abandono escolar e as súas porcentaxes de éxito escolar máis que cando vostedes gobernaban con tanto diñeiro. ¿E que acaso que os profesores galegos teñan as mesmas horas lectivas que os extremeños, que os andaluces, que os castelán-manchegos, que os cataláns é ir en contra da educación pública? ¿E que acaso, señoría, ter nada máis que o 11 % máis de alumnos matriculados en FP, 31.500 alumnos cun ordenador financiado con fondos públicos, ou 40.000 alumnos financiados con fondos públicos aprendendo a terceira lingua iso é malo? A ratio de profesor-alumno é mellor que a media do resto das comunidades autónomas, mentres que en España hai 11,4 alumnos por profesor, en Galicia hai 9,7 alumnos por profesor. Quere dicirse que temos máis profesores por alumnos en Galicia que na media de España.

E cando vostede volve dicir que durante o Goberno do Partido Popular se seguiron incrementando os concertos da sanidade, e agora da educación... permítame que lle dea as cifras da educación –vostede estaban nesa área de Goberno debería de sabelo, señoría–: no ano 2004-2005 –último ano do PP– gastábanse en concertos de educación 180 millóns de euros, no seu último ano gastáronse 248 millóns de euros, 70 millóns de euros máis. Señoría, ¿agora sabe canto gastamos?

Exactamente 249,9, é dicir, 1,9 millóns de euros máis, e vostedes 70 millóns de euros máis; cunha diferenza: nós pagamos e vostedes deixaban a deber. (Aplausos.) Unha diferenza substancial.

¿Señoría, porque non dicir a verdade de que en Galicia estamos atendendo o triplo dos dependentes que cando gobernaban vostedes? Se cando gobernaban vostedes había 14.000 dependentes e agora hai tres veces máis, ¿porque, polo menos, non poñer iso en valor?, con independencia de que é verdade que non temos diñeiro para atender a todos os dependentes. Digamos as cousas, a verdade, non temos diñeiro para atender a todos, é certo, pero atendemos tres veces máis que cando vostedes estaban no Goberno, e tamén é certo. E creo que é bo dicir –porque é certo– que incrementamos as prazas de residencia dos maiores nun 30 %; que as prazas de centros de día se incrementaron nun 61 %; que a discapacidade de prazas públicas se incrementaron nun 32 %, e que as escolas infantís se incrementaron un 9 %. É dicir, 5.587 novas prazas públicas nos servizos sociais en épocas de crise. Señoría, volvo reiterar a teima da privatización, seguiremos aquí durante lustros, e se vostedes non queren cambiar de manual, seguirán vostedes confundíndose.

Señoría, cando vostedes contratan con empresas a xestión das garderías –diciu o deputado Pedro Puy–, falan de externalización. Permítame que lle recorde como externalizan vostedes as garderías nos concellos onde gobernan: de 49 escolas municipais que hai en Galicia con xestión externalizada 23 foron externalizadas polo PSOE, 6 polo BNG e 16 polo Partido Popular; en porcentaxe o 46 % da escolas infantís están externalizadas polo PSOE, polo PP o 32 % e polo BNG o 12,2%. Pero, ¿porque outra vez volven dicir que se facemos o que vostedes fan, portáanos mal, e se resulta que vostedes fan tres veces máis do que nos acusan son os defensores do público? Non, señoría, defender o público é non deixar a deber; defender o público é crear emprego; defender o público é controlar o déficit público; defender o público é dicirlle a verdade á xente, e defender o público é a nosa obriga e a nosa vocación durante esta lexislatura. (Aplausos.) Non teñan ningunha dúbida, señorías.

Señorías, xa lles recordamos os datos de pobreza do Instituto Nacional de Estatística: no ano 2008 Galicia tiña o 21 %, e no ano 2010 o 16,8 %; Instituto Nacional de Estatística –que supoño que lles vale ese dato–. Xa lles recordamos que

na Risga aumentamos un 11 %. Que cando me falan de comedores sociais, señoría, é que incrementamos en época de crise económica un 29 % o que destinamos aos comedores e aos albergues sociais; é que incrementamos un 3,6 % as axudas á emerxencia, cando vostedes conxelaron as pensións; señoría, é que incrementamos as pensións non contributivas, cando vostedes conxelaron as pensións por primeira vez en tantos anos de democracia. Imos seguir traballando, e as infraestruturas, señor Vázquez, non é só facer estradas; debería vostede saber que as infraestruturas –que estivo vostede alí– é facer infraestruturas hidráulicas. Non lle quero recordar o que nos dixo cando deixou a consellería sobre a depuradora de Vigo e as dificultades financeiras que tiña vostede para acometer a obra, pero neste momento, dende hai máis dun ano, temos 146 millóns de euros a disposición da ría de Vigo para que comece a depuradora da ría de Vigo (Murmurios.) que vostedes non fixeron cando gobernaban, catro anos na Xunta e oito no Goberno do Estado.

Señoría, imos seguir traballando no abastecemento do Morrazo, no abastecemento de Ames-Brión, nas melloras a Foz e a Celanova. Imos seguir traballando porque temos rematadas 30 novas estacións de depuración. E imos seguir traballando... (Murmurios.) –Hai algúns que as licitan e outros que as pagan, sempre sole ser isto normal–.

Digo que imos seguir traballando, sen ningunha dúbida. Mire, señoría, non conte comigo para seguir enganando aos galegos sobre o AVE. O BNG criticounos moito por pactar o Pacto do Obradoiro, e agora nolo reivindicán. Eu creo que se se fíxo –díxeno– máis nesta lexislatura dende o Partido Socialista Obreiro Español en Madrid, que durante a lexislatura que gobernou o bipartito, iso é certo; o cal non significa que non poidamos dicir outra mentira máis no anecdotario do AVE: que o AVE chegará a Galicia no ano 2015, porque todo o mundo sabe que iso non é posible. No ano 2014 chegará o AVE a Vigo, Pontevedra en dirección Santiago. No ano 2013 comprometémonos a que a autovía do Cantábrico estea finalizada e, por suposto, señoría, non imos mudar de opinión porque mude o ministro nin porque mude o Goberno; para nós o AVE a Galicia ten que estar no ano 2018 conectado a Ourense coa Meseta. Iso o diciámolo cando gobernaba o PSOE e cando goberna o PP, porque o AVE non muda, nin entende de gobernos, nin entende de presidentes, é unha obra que hai que executar e é unha obra que hai que pagar.

Señoría, permítame que lle diga cales son autovías que van entrar a funcionar no ano 2012: a autovía Ourense-Celanova, o primeiro treito de corredor Sarria-Monforte, a vía ártabra na Coruña, a terceira ronda na Coruña, o enlace de curro en Pontevedra, o terceiro treito da vía do baixo Miño, o acceso ao hospital público de Pontevedra, as variantes de Marín, as variantes de Oleiros, as variantes de Ortigueira e a autovía de acceso a Plisán; esas son as obras que imos poñer a disposición.

Finalizo, señoría, coa última reflexión, porque creo que ben vale a pena recordar se queremos falar de lumes, ben vale a pena, sen entrar en datos nin en cifras nin en anos, simplemente recordar que nos tres primeiros anos do goberno actual arderon en Galicia 21.300 hectáreas de media, e nos seus tres anos arderon 51.600 de media; é dicir, tres veces máis hectáreas de monte e seis veces máis hectáreas de arbolado cando gobernaban vostedes, que en plena sequía cando goberna o Partido Popular.

Imos seguir traballando, sen ningunha dúbida, e xa lle digo que as mariscadoras merecen todo o noso respecto, e por iso seguimos a aboar 350 euros mensuais para o pago das cotas de seguridade social. É verdade que non podemos aboar as pagas extras, é verdade... (Murmurios.) (Interrupcións.)

A señora PRESIDENTA: Señor Lobeira.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
... porque nos parece que é inxusto que o resto das traballadoras... e porque é inxusto, señoría, que haxa traballadoras que cobren menos indo traballar, que outras sen ir traballar.

Señoría, a batea da depuración natural –as dúas que puxemos–, supón incrementar a produción marisqueira de Galicia en 450 toneladas anuais, que xeran 6 millóns de euros. Si, señoría, é que Galicia ten que saber que durante todos estes últimos catro anos vostedes pagaron 60 millóns de euros dunha renda ás mariscadoras por non ir traballar. Ten que saber Galicia que gastamos 60 millóns de euros, (Murmurios.) (Interrupcións.) e vostedes durante todo este tempo...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

(Murmurios.) (Interrupcións.)

Silencio, por favor. (O señor Lobeira pronuncia palabras que non se perciben.)

Señor Lobeira, ¿chámoos a orde por segunda vez? Faga o favor.

Ten a palabra

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
Señoría, durante todo este tempo, 60 millóns de euros –que son 10.000 millóns de pesetas–, seguro que estiveran moito mellor invertidos na depuración das rías, no repoboamento dos bancos marisqueiros, para que esas mariscadoras –ás que respectamos ao máximo– tiveran futuro e non tiveran simplemente un subsidio. (Aplausos.) Un subsidio, señorías.

Señorías, quixera finalizar sobre un apuntamento á igualdade, outro apuntamento aos emigrantes e outro apuntamento á proposta que me fai o líder do Partido Socialista de incrementar os impostos.

Señora Pontón, con todos os respectos, creo que non é razoable o que vostede dixo; creo que non é razoable dicir que estamos exterminando as políticas de igualdade en Galicia; creo que non é razoable que diga vostede que a nosa política é a da violencia contra as mulleres; creo que esta Cámara non se merece ese tipo de manifestacións, e creo que vostede debería de retiralas no seu turno de intervención. (Aplausos.)

Señoría, o apoio á cultura galega non é unha cuestión de falar, senón de facer. Comprendo que xa a figura bíblica dos fariseos está moi consolidada, pero iso de dicir que nós invertimos na Cidade da Cultura cando votades estiveron –os nacionalistas– catro anos xestionando e invertindo sen saber para que, nin porque, na Cidade da Cultura, é cando menos farisáico. (Murmurios.) (Interrupcións.)

Señoría, vostedes non pararon nada, nós paramos dous edificios na Cidade da Cultura: o teatro da música e o centro de arte internacional –segundo a terminoloxía nacionalista–. Señoría, iso supuxo un aforro de gasto público de máis de 72 millóns de euros. E quero dicirlles que, do total invertido na Cidade da Cultura, de 280 millóns de euros 65 lle corresponden a este Goberno. Espero que vostede diga o que invertiron votades durante os catro anos que estiveron no Goberno de Galicia.

Presentaremos un plan estratéxico, faremos unha Cidade da Cultura máis internacional, buscaremos máis visitantes, buscaremos máis usos, buscaremos menos gastos en mantemento, e xa lle podó dicir que a paralización deses dous edificios manterémola durante toda a lexislatura.

Amigos, señorías, o número de empresas culturais en Galicia creceu a pesar da crise; o comercio exterior das industrias culturais galegas, que decreceu durante o Goberno bipartito un 71 %, incrementouse un 8 % dende o ano 2010 ao ano 2011. O que respecta ao sector do libro galego, en 2010 a edición de libros en galego aumentou un 28,6 %, con 2.028 títulos editados na lingua galega.

Señora Pontón, dicir que eu non falei do galego... dende a primeira palabra á última palabra só falei do galego, só. Porque a nosa lingua non é propiedade de ningún partido político; a nosa lingua é patrimonio de todos os galegos e as galegas. Vostedes teñen un sentido patrimonial das cousas, cren que Galicia é súa, que o galego é seu, pero, señorías, dá a sensación de que vostedes non respectan a pluralidade, e dá a sensación non só co galego, senón con outras moitísimas cousas que están a ocorrer en Galicia. Respecten, señoría, a xente que fala galego e non pensa coma vostedes, porque os que falamos galego e non pensamos coma vostedes, somos igual de galegos que vostedes como mínimo, como mínimo (Aplausos.)

Señorías, señor Vázquez, agrádame que lle preocupen os emigrantes, os emigrantes teñen sanidade pública gratuíta en Galicia en plena crise económica. Quero dicirlle que onte pola noite chegou ao consello da Presidencia, Administración Pública e Xustiza de Arxentina e de Uruguai; non é necesario alardear das veces que imos, simplemente hai que ir, hai que estar, e hai que dar a cara cando pactamos. Supoño, que vostede e mais eu —xunto co PP e o PSOE— o sistema de voto dos emigrantes ¿ou aínda non o recorda? Recórdao con moita nitidez, e recorda tamén como o BNG nunca quixo que os emigrantes votaran, e por iso, señoría, cando falamos dos emigrantes soamente pido respecto, respecto para os emigrantes e que non utilicemos os galegos do exterior simplemente coma unha mercadoría electoral. (Aplausos.)

Señor Vázquez, permítame finalizar este turno con dous temas —que insisto— que creo que son moi importantes, eu agradézolle moi solemnemente o seu apoio á fusión dos

municipios. Espero e desexo que a partir de mañá, vostede apoie nos seus grupos municipais a fusión de dous municipios coruñeses, e espero tamén que se sumen os nacionalistas, sen dúbida sería unha aposta pola Galicia moderna. Por iso, estou de acordo con vostede: se hai vontade e se hai consenso, apoiamos; iso é o que imos facer nós. Se hai consenso entre estes concellos, apoiamos; se hai consenso entre dous concellos coruñeses, espero o seu apoio e espero tamén o apoio dos nacionalistas.

Imos seguir traballando, señoría, sen dúbida, nas políticas económicas. No próximo mes de abril entrará en vigor a axencia tributaria de Galicia. Levamos detectados fraudes nos impostos transferidos, e fomos criticados por iso. Por iso, señoría, eu estou de acordo con vostede: detectemos fraudes e recaudemos máis, o que discrepamos é que vostede quere subir os impostos masivamente, e nós pensamos que subir os impostos non é unha política con carácter xeral que debamos de seguir.

Señoría, nós imos presentar e completar a rede de plataforma no exterior, porque cremos na política de internacionalización das empresas. Imos presentar unha lei do emprendedor, e voulle dicir o que imos intentar facer cos impostos, se vostede ten a amabilidade de escoitarme.

Señoría, vostede acaba de plantexar, sen dúbida, unha proposta dunha enorme transcendencia económica e dunha enorme transcendencia social: subir en 500 millóns de euros os impostos aos galegos. Señoría, vostede debería de saber que iso supón subir o 100 % de todo o que os galegos están pagando nos impostos transferidos. A recadación dos impostos de Galicia son 435 millóns de euros; vostedes propoñen subir 500 millóns de euros máis. Creo, señoría, que debería de reflexionar sobre esta proposta, porque supón incrementar o 100 % a presión fiscal dos impostos cedidos que pagan os galegos en plena crise económica.

Señoría, se nós subimos o IRPF ás rendas de máis de 100.000 euros conquistaríamos unha recadación de 6 millóns de euros, é discutible; o problema non está en 6 millóns de euros —como vostede sabe—, 6 millóns de euros aforrámoslos cos coches oficiais da Xunta de Galicia. (Murmurios.) (Risos.) Señoría, vostede agora proponnos subir o imposto da renda cando os seus líderes en Madrid están en contra de que se subira o imposto da renda; vostede proponnos subir o impos-

to do patrimonio cando vostedes eliminaron o imposto do patrimonio; vostedes propoñennos subir o imposto de sucesións cando critican o Goberno por non eliminar o imposto de sucesións, e vostedes propoñennos facer impostos verdes cando nós critican polo canon eólico e cando nós critican polo canon da auga (Aplausos.) É difícil entendelo, señorías, pero, por suposto, todo o mundo ten dereito a rectificar.

Mire, señoría, isto dun imposto ás transaccións bancarias non é novo; isto plantexárono vostedes hai dez anos en Estremadura, no ano 2003. Como saben este imposto está recorrido ante o Tribunal Constitucional. Despois vostedes aprobárono hai uns meses en Andalucía. Señoría, sei que están presentando esta iniciativa noutros parlamentos, o seu compañeiro e líder do Partido Socialista de Madrid tamén o acaba de presentar; o que si creo que merece a pena é ver como vai evolucionando a economía de Andalucía e de Estremadura, dende logo, nin os datos do paro, nin os datos do déficit público, nin os datos da solvencia en Estremadura e Andalucía aconsellan facer a política tributaria e a política fiscal nin de Estremadura nin de Andalucía. Iso si, señoría, resulta que cando os bancos gañaban moito diñeiro vostedes non lles poñían impostos, e agora cando a metade da banca está intervida polo Goberno e polos fondos estatais, vostedes queren poñerlles impostos ¿para que os pague quen?, ¿os contribuíntes?, ¿o Estado? ¿Ou simplemente, señoría, había que vir aquí e dicir que imos subir 500 millóns de euros os impostos, sen darnos conta de que iso suporía incrementar o 100 % dos impostos que están pagando os galegos, impostos da Comunidade Autónoma? Creo que non é boa esa proposta, dígollo con toda honestidade; se quere vostede falar de becas creo que ben vale a pena facer ese esforzo; se quere vostede falar de créditos emprendedores, creo que tamén vale a pena facer ese esforzo. Pero, agora, dicir que imos subir cun impostos as transaccións bancarias, a sabendas que onde se fixo: Estremadura, recorrido no Tribunal Constitucional e en Andalucía quen non recauda, non creo que iso sexa a aportación mellor no estado do debate da autonomía.

Señoría, Andalucía recauda tanto e por iso ten o 32 % de paro; Andalucía recauda tanto e por iso non cumpre un só ano os criterios de déficit público; Andalucía recauda tanto e paga en 600 días de media aos provedores. Supoño que ese non será o modelo, busquemos outro, señor Vázquez. Eu propoñolle tres cuestións en materia impositiva: eu propoñolle pactar con vostede —e coa Cámara, por suposto— unha

lei do emprendedor; eu propoñolle facer unhas rebaixa selectiva de tres impostos: do IRPF, de actos xurídicos documentados e de imposto de transmisións patrimoniais, cos seguintes contidos; propoñolle duplicar a dedución do IRPF, ata 600 euros, para as persoas que causen alta por primeira vez no censo de emprendedores; segunda proposta: propoñolle duplicar a redución do IRPF ata o 20 %, co límite de 8.000 euros, para as persoas que invistan en accións ou participacións sociais de novas entidades ou de crecente creación; terceira proposta: propoñolle unha redución do 95 % do imposto de sucesións e doazóns, naquelas doazóns a fillos e descendentes dos cartos destinados á creación dunha empresa ou dun negocio, tendo en conta o patrimonio preexistente do donatario, e propoñolle, en cuarto lugar, a dedución do 100 % no imposto de actos xurídicos documentados, tanto na transmisión de inmobles destinados ao local comercial, como nos préstamos para adquirilos.

Propoñolle que mobilicemos o diñeiro; propoñolle que cando un pai lle quere deixar diñeiro ao seu fillo para montar un negocio, que fagamos unha dedución do 99 %; propoñolle, señoría, que cando alguén queira diñeiro para comprar un local, fagamos unha dedución do 100 % de actos xurídicos documentados; propoñolle isto, señoría, porque estou convencido de que se facemos unha política selectiva fiscal, recadaremos máis e obteremos o que vostede e eu queremos, que é máis diñeiro para os servizos públicos e é crear máis postos de traballo.

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios. Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

Silencio, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Señora presidenta, señorías.

Señor Núñez Feijóo, dicía vostede que se sentía cómodo co retrato de Dorian Gray, quero recordarlle que a longa vida que tivo Dorian Gray foi, en todo caso, grazas a que só se

preocupou pola súa beleza e polo seu pracer, iso si, a conta de facerlle dano a todas as persoas que o rodeaban e provocando desastres ao seu redor (Aplausos.) Realmente, si está cómodo, acertamos desde logo con esta metáfora.

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ... e efectivamente, nós, señor presidente, vémolo a vostede posuído polo espírito de Dorian Gray, segue vostede fuxindo das súas responsabilidades, intenta hoxe aquí ocultar cal é o retrato real do seu Goberno, cales son as consecuencias das decisións políticas que vostede adoptou, e amósase absolutamente incapaz de ofrecerlles alternativas reais aos galegos e as galegas. As persoas que agora nós están vendo non escoitaron pola súa boca nin unha soa proposta, nin unha soa medida para enfrontar esta dura crise económica.

Insiste, señor Feijóo, na idea de que o seu é un Goberno solvente, de que o seu é un Goberno que ten capacidade para solucionar este problema pola vía

A señora PRESIDENTA: Perdón, coloque, por favor, o micro cara a voz.

Por favor, pero por favor. Señora Pontón, intente achegar o micro porque o tiña un pouco desviado.

(Murmurios.)

Por favor, imos ver se funciona ben e senón intentaremos arranxalo, pero, por favor, tranquilidade.

(Murmurios.)

A señora PONTÓN MONDELO: ¿Funciona?, ¿non funciona?

A señora PRESIDENTA: Señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ¿Escóitase agora?

(Un señor deputado: Moito menos que ao presidente, dende logo.)

A señora PRESIDENTA: Bueno, ¡era o que me faltaba por escoitar!

(Murmurios.)

Silencio, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Non sei se se escoita agora, ¿non se escoita?

A señora PRESIDENTA: Señora Pontón, espere un momento, por favor.

Se as súas señorías gardan silencio poderemos ver se escoitamos ben ou non á señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Probando, case direi, ¿non?

¿Escoitase agora? Si.

Ben, pois como dicía, señor Núñez Feijóo, vostede insiste en que o seu é un Goberno solvente, sen embargo, a solvencia do seu Goberno ten a consistencia dun castelo de naipes. Dinos e repite que co dogma do control do déficit e co control da austeridade se soluciona a crise, sen embargo, señor Núñez Feijóo, a realidade non é esa, e a constatación do seu fracaso está no número de persoas desempregadas neste país. Repítolle, Galiza hoxe, desde que vostede goberna, destrúe paro ao dobre de ritmo que o conxunto do Estado, iso non pasaba antes de que chegara vostede á Xunta de Galiza. O ano 2008 pechouse en Galiza cunha taxa de paro do 8,72 %, no 2011 vostede deixa este país co 17,41 %. E se fora capaz, xa non lle dicimos de cumprir a súa promesa de que ía a frear a destrución de emprego e ía a crear emprego, senón de simplemente manter esa taxa que vostede herdou, hoxe no noso país habería 80.000 persoas menos paradas, é dicir, teríamos menos persoas en paro que hai tres anos. Pero vostede non quere recoñecer a realidade e escóndese en cifras, en datos fríos e nunhas valoracións que realmente a nós parécennos frívolas.

Mire, a solvencia, segundo di o dicionario, ten dúas acepcións, a primeira é: situación económica desafogada que permite pagar débedas; a segunda: capacidade para dar solución aos asuntos difíciles; o seu Goberno demostrou ser insolvente porque hoxe a situación, señor Núñez Feijóo, non é desafogada, e vostede demostrou a súa incapacidade para darlle solucións aos problemas que ten este país. E, mire, quen ten que aclararse é vostede, porque quen di que un

Goberno non pode gastar o que non ten, é vostede, non o dicimos nós, e nós o que lle dicimos e que nos ten que explicar: ¿como é posíbel que, aplicando esa máxima, triplicara a débeda pública que ten este país? iso é o que ten que aclararnos, señor Núñez Feijóo. (Aplausos.)

E non nos dixo, señor Núñez Feijóo, nin nos aclarou, como pode dicir que o seu é un Goberno solvente cando no 2011 ten que recorrer á débeda para seguir pagando gasto corrente, algo que nunca pasara na historia deste país. Este é o retrato da súa solvencia. E tampouco nos aclarou a solvencia das súas previsións e do seu orzamento para o ano 2012. Repetímoslle, todos os organismos están falando de que vai haber unha recesión, mais vostede segue aquí mantendo uns orzamentos que din que Galiza vai medrar o ano que vén. Explíquenos, señor Núñez Feijóo, como vai corrixir a tendencia que tivo Galiza no ano 2011, que por primeira vez desde 2005 medra por debaixo do Estado. Explíquenos como vai facer vostede para conseguir o milagre que aparece nos seus orzamentos, que é que o ano que vén Galiza, no medio dunha recesión no ámbito estatal, vai medrar. Desde logo, o que non entendemos é como se vostede tiña esta fórmula máxica non foi capaz de aplicala até agora.

E, mire, tamén debe vostede aclararnos que novos recortes ten escondidos porque esta falta de previsión, estes orzamentos irrealis que presentou neste Parlamento o único que nos din é que o ano que vén vai haber un burato superior; que o ano que vén vostede, como mínimo, vai dispoñer de 400 millóns de euros menos entre o recorte do Estado e a caída dos ingresos propios da Xunta de Galiza. E sobre un asunto tan importante o presidente da Xunta non sabe, non contesta.

E, mire, nós non criticamos que os gobernos se endebeden. A nós parécenos normal que un Goberno se endebede para que os seus cidadáns teñan mellores condicións de vida, para que se incrementen os servizos públicos, para que se incremente o benestar e a igualdade e para que se promova a actividade económica. Mais o seu Goberno está facendo precisamente todo o contrario, porque está recortando dereitos, está recortando servizos públicos e non foi capaz en tres anos de tomar ningunha medida de reactivación económica.

E ten que explicarnos que fai vostede cos cartos que son dos galegos e das galegas. Porque, mire, a capacidade de mostrar

solvencia significa tamén demostrar capacidade para loitar contra a crise. E aquí, sinceramente, vostede fallou. E repetímoslle, hoxe, no noso país hai situacións dramáticas, temos un récord histórico de persoas desempregadas e desempregadas, case a metade dos parados do noso país son de longa duración e sabe que iso é a antesala da exclusión social e da exclusión laboral. Temos 72.000 fogares que teñen todos os seus membros en paro, son persoas que están atravesando situacións moi difíciles, hai verdadeiros dramas humanos detrás destas cifras. E hoxe, o presidente da Xunta de Galiza non é capaz de dicirlles que hai esperanzas, que hai alternativas e que realmente vai cumprir as promesas coas que vostede se presentou.

Mire, frivoliza vostede demasiado a miúdo sobre o sistema financeiro. Vostede claro que ten responsabilidades na desaparición das caixas, claro que as ten; porque vostede forma parte dun partido, que é o Partido Popular, que xunto co Partido Socialista fixo un pacto para a eliminación das caixas. E vostede foi un peón en todo este proceso. (Aplausos.) Mire senón, señor Núñez Feijóo, cal foi a súa contribución neste proceso. O BNG trouxo unha lei de reforma das caixas a este Parlamento e, é certo, vostede nun primeiro momento decidiu apoiar esta iniciativa do Bloque Nacionalista Galego; porque vostede ata esa altura non adoptara nin unha soa medida para salvagardar as caixas. Mais, señor Núñez Feijóo, a vostede esqueceselle que en menos de dous meses despois de aprobar esa lei, o que fixo foi un pacto co Partido Socialista –neste caso co PSdG– para deixar esa lei sen efecto. Promoveu unha fusión –tamén de acordo co PSdG– que, segundo vostedes, ía garantir o futuro da caixa. Nós dicimos: é certo que houbo un cambio normativo no Estado, pero é que o Partido Popular tivo ocasión de votar en contra dese decreto; o Bloque Nacionalista Galego votou en contra, o PP non, (Aplausos.) polo tanto, é cómplice, señor Feijóo. E vostede, en vez de defender as nosas competencias e defender a caixa, o que fixo foi aprobar a bancarización. E agora, ante unha proposta como a que nós lle facemos, vostede segue como sempre: non sabe, non contesta. Nós cremos que se pode, e é necesario ademais para o país, salvagardar que teñamos unha institución financeira propia. E, é máis, con 130 millóns en dez anos podemos salvagardar que a extinta Caixa Galicia, Novagalicia Banco, sexa unha entidade galega e unha entidade con tutela pública. ¿Está vostede disposto, señor Núñez Feijóo, a facelo, si ou non? É o que hoxe nos ten que contestar.

E, mire, cremos tamén que o seu papel é moi triste nalgúns aspectos. Vén hoxe aquí xustificarnos que, dez anos despois da catástrofe do Prestige, o Parador de Muxía non se leve adiante. Xa vemos cales son os seus compromisos, o seu papel, e xa vemos como o Partido Popular teima en discriminar a costa da Morte.

Non nos dixo, señor Núñez Feijóo, nada a respecto das nosas propostas. Vostede fai unha proposta de reforma fiscal que o único que vai provocar é que a Xunta teña menos ingresos o ano que vén. Sen embargo, nós fixémoslle propostas que o que farían é aplicar a progresividade e ter máis recursos para a administración. Xa vemos que ese non é o camiño polo que vostede debe continuar.

Non nos dixo, señor Núñez Feijóo, nada a respecto de cales son os seus compromisos no sector naval, que vai facer para solucionar o tax lease, cales son os seus compromisos con Navantia. ¿Vai vostede apoiar e cumprir a resolución que aprobou este Parlamento, si ou non? ¿Vai vostede defender ante Mariano Rajoy a próxima semana que ten que contratar o dique flotante que prometeu na súa campaña electoral? Díganolo porque creo que hai moitas persoas preocupadas por este tema, e é un asunto coa suficiente importancia para este país como para que vostede non se esconda e non eluda as súas responsabilidades. ¿Vai vostede, señor Núñez Feijóo, poñer en marcha o centro de reparacións do sector naval que prometeu en Ferrolterra? Son estas as cuestións ás que vostede nos debe de dar resposta.

Aínda que vemos, tamén, que anda moi despistado. ¿Como que non había contrato homologado, señor Feijóo? Se estaba publicado no DOG do 6 de xuño do ano 2008, e vostede prorrogouno até o 12 de maio de 2009. ¿Como que non había contrato homologado? ¡Por favor, señor Núñez Feijóo! (Aplausos.)

O mesmo que o vemos despistado co tema do sector eólico. Pero se o rexistro de preasignación creouse en xuño de 2009, e quen o acaba de pechar é o seu Goberno agora co decreto que elimina as primas. (Aplausos.) Por favor, un pouco máis de seriedade, un pouco máis de rigorosidade.

E díganos, ¿está ou non disposto, señor Núñez Feijóo, a que no sector eólico cheguemos a un acordo para botar abaixo ese decreto que aprobou o Partido Popular en Madrid e que dana

os intereses de Galiza? Agardamos as súa resposta, porque se lle facemos caso ás súas promesas... Se non se bota abaixo ese decreto están en xogo 14.000 postos de traballo e 6.000 millóns de euros de inversións no noso país. Esperamos, señor Feijóo, que aquí vostede teña algo que dicir.

E, mire, debería vostede ter máis respecto con algunhas cousas. Mire, Factoría Naval: 852 traballadores e traballadoras cando vostede chegou á Xunta de Galiza. Vostede deulle a esa empresa 23 millóns de euros; hoxe nesa empresa quedan 32 traballadores e traballadoras. Este é o mellor retrato de como vostede, señor Feijóo, atende as necesidades do naval e como utiliza os recursos públicos para manter o emprego. Parécenos que é unha mostra da súa falta de rigorosidade e da súa falta de compromiso en temas clave para este país.

Non dixo nada sobre que vai facer para un novo sistema de financiamento. E, sinceramente, señor Feijóo, mire, vostede recortou os fondos de I+D+i un 43 %, ese é o mellor retrato de cales son as súas apostas estratéxicas para o país.

E, mire –porque me queda moi pouco tempo–, Cidade da Cultura; esta é unha obra que ten unha paternidade: o Partido Popular. E vostede, estando no Goberno no ano 2005, o que fixo foi adxudicar eses dous últimos edificios no último Consello da Xunta cando xa perderan as eleccións. O anterior Goberno pagou, efectivamente, o que vostedes deixaron a deber na Cidade da Cultura. Nós hoxe facémoslle unha proposta que é moi sinxela: paralicemos eses dous edificios, pero definitivamente. Porque vostede sabe que a paralización temporal ten un custo moi elevado, creo recordar que de 6.000 euros cada día. Señor Núñez Feijóo, por favor, seriedade. ¿Cre vostede que é lóxico...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ... que vaiamos gastar case 200 millóns de euros en dous edificios co desastre que supón a Cidade da Cultura, que non tivo ningún efecto nin cultural, nin turístico nin nada de nada? O único que está facendo é dilapidar vostede aí moitísimos recursos públicos.

Señor Núñez Feijóo, vemos que vostede tampouco vai cumprir os seus pactos; non vai cumprir o Pacto do Obradoiro e está neste momento xustificando precisamente que o Goberno do Estado, que o señor Rajoy teña de novo incumpri-

mentos en materia de infraestrutura co noso país. Continúa, señor Núñez Feijóo, negando a realidade. Son os cidadáns e son os profesionais dos servizos públicos os que están denunciando os seus recortes e as súas privatizacións neste ámbito. Hoxe temos menos profesorado, menos bolsas para os estudantes; eliminou vostede a gratuidade dos libros de texto; co seu Goberno incrementáronse as listas de espera; introduciu o repago na sanidade...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ... e está avanzando –remato, señora presidenta– cara á súa privatización.

Señor Núñez Feijóo, realmente un bo gobernante é aquel que, en situacións difíciles, é capaz de ofrecer solucións aos problemas. O seu Goberno nestes tres anos foi un estorbo para Galiza. Fracasou á hora de manter a Caixa galega; fracasou na loita contra o paro e a crise; fracasou no financiamento; fracasou á hora de manter e blindar os servizos públicos; fracasou á hora de defender os intereses de Galiza, e fracasou e incumpriu vostede todas as promesas, demostrando que unicamente é fiel ao Partido Popular.

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Remato, señora presidenta.

Cremos que nunca houbo un Goberno que desfixera tanto e que fixera tan pouco. O seu, señor Núñez Feijóo, é o peor Goberno da historia de Galiza. E a verdade é que vendo a desfeita que deixa tras de si, ben lle podemos aplicar hoxe aquilo de que: con amigos coma vostede, Galiza non necesita inimigos.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra don Manuel Vázquez Fernández.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señora presidenta.

Señor presidente, levamos tres anos aquí, pero a min segue tendo a capacidade de sorprendeme. Eu aínda hoxe non sei

se vostede se cre o que conta nesta tribuna, ou se vén rirse dunha parte importante de galegos e galegas; non lle atopo outra explicación, presidente. Non lla atopo porque non se pode subir a esta tribuna e dicir as cousas que vostede di aquí como se non pasase nada. O nivel de retorcemento de datos alcanza unha magnitude que vostede é capaz –literalmente, presidente– de dicir calquera cousa.

Mire, non sei se vivimos na mesma Galicia vostede e eu –e os deste lado e os deste lado–, non sei. Eu véñolle falar da Galicia dos 68.000 parados máis desde que goberna vostede; dos 15.000 comercios pechados desde que goberna vostede; a Galicia dos 1.000 docentes menos na educación e a dos de cerca de 3.000 alumnos máis desde que Goberna vostede; 2.500 sanitarios menos en todo o ámbito da sanidade pública; da Galicia sen Plan eólico –por moitas voltas que lle dean–; da Galicia sen Plan de acuicultura. Por certo, do que nos sentimos orgullosos é de que, grazas a nós, hoxe un dos lugares máis fermosos de Galicia –cabo Touriñán–, segue sendo unha marabilla para este país, que vostedes están empeñados en estragar. (Aplausos.)

Por certo, falando de acuicultura, señor presidente, a ver se vai resultar que a planta de orellas tamén a adxudicaron vostedes. A ver se vai resultar, orellas de mar...

Vostedes non queren falar da Galicia dos 60.000 dependentes sen atender. ¿Que facemos? Tapamos a Galicia real das 300.000 persoas que están en listas de espera, das 300.000 persoas que saen á rúa, cando protestan, en listas de espera

Vostede, presidente, volveu botar cento cinco minutos na primeira vez e cerca de sesenta minutos na segunda intervención, pero do paro en Galicia non quere falar. Vostede de resolverlles problemas aos parados non quere falar. Vostede non quere falar dos miles de familias que quedaron sen libros de texto gratuítos, ¡que máis dá! Vostede tampouco vén aquí falar, e non dixo nin unha soa verba, dos 24.000 universitarios galegos que non teñen traballo e non saben que facer nin onde recorrer. Vostede non quere falar das 50.000 persoas que están en lista de espera cirúrxica, e porque vostede o diga como o diga... cando se pechan quirófanos polas tardes, cando non se atende, non se cobren as baixas, cando non se cobre o que é o persoal temporal, non se pode operar máis; porque ningún médico opera a dous ao mesmo tempo, (Aplausos.) ten que operar un primeiro e outro despois.

Señor presidente, perdóeme que llo diga así con esta crueldade: en Galicia medra o desemprego o dobre que en España. Vostede dirá quiñentas veces que non, e eu direille quiñentas veces que esa é a verdade. Vostede firmaría vinte e seis acordos sociais; non sei nin que tiñan dentro nin para que valeron. Somos os que imos á cabeza do crecemento do desemprego en España.

Vostede, presidente, cando vén aquí ao debate do estado da autonomía, intenta o debate do estado da oposición. Non, home non, pero se quen goberna hai tres anos é vostede; se quen ten este país na situación que a ten hoxe é vostede. E cando fala vostede de coherencia, mire, coherencia no sistema financeiro, vostede a xustiña. Eu recórdolle exactamente cando presumía da fusión grazas á aportación de 1.100 millóns do FROB pola mañá, e pola tarde presentou un recurso contra o FROB; á mañá e á tarde, ¡e tan tranquilo! É cando dixo que a bancarización era a morte das caixas galegas. E despois, presidente, saíu facendo –modelo NBA– todos xuntos, equipo: “Hemos conseguido una gran bancarización”.

Presidente, temos un problema, que vostede non se atreve a dicilo aquí –xa llo dixen na pregunta–, porque non lle gusta. Dígallo alto e claro a esta Cámara e a Galicia unha cousa: ¿Que vai pasar co sistema financeiro galego?, ¿que vai pasar? Vostede non o vai dicir; voullo dicir eu: que nos quedan dúas alternativas, quedannos dúas, presidente. Se nos compra un fondo de inversión americano ou inglés, ou nos compra o BBVA, CaixaBank ou o Banco de Santander; non quedan máis. ¿Ten algunha outra? Díga a aquí. ¿Porque a vai ter, se quedamos nun 7 % das caixas? Verdade que xa non fala vostede da obra social, non falamos; xa non hai obra social. Xa non falamos de que tivo que vir o FROB e poñer encima da mesa o 93 % do capital, e quedamos cun 7 %. Cando estaba falando deime conta de que iso todo era culpa miña e do Grupo do Partido Socialista de Galicia. (Aplausos.) Está claro, compañeiros: nós, fomos nós os que nos cargamos o sistema financeiro galego. Por certo, nós cargámonos o sistema financeiro galego; a sanidade é culpa dos que enferman; o emprego dos que non queren traballar; a educación dos mestres; o que vaia á Administración pública dos funcionarios; menos do presidente de Galicia, isto é culpa de calquera, todo.

Presidente, é que oíndoo falar ás veces dan ganas de dicirlle que vostede ten que facer unha cousa clara: vaia mañá ben

cedo, eu invítooo –non son quen, pero atrévome a invitalo–, vaia mañá ben cedo vostede a Muxía e explíquelles o que explicou aquí á xente da Costa da Morte. Vaia e dígalles que por culpa dos socialistas que quedan sen parador en Muxía. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Perdoa, si, si, perdoa. Dígalles que... dígalles alí e míntalles de que Tragsa que tiña adxudicada a obra... (Interrupción.) –perdoa–, a mesma empresa Tragsa que é a maior empresa que contrata con vostedes hoxe no Goberno galego, (Aplausos.) a mesma Tragsa que vostedes teñen contratada, explíquelles alí, si, presidente; explíquelles alí que cando Tragsa traballa para a Xunta é boa, e cando traballa para o ministerio é mala. ¿Sabe cal é a verdade e que vai quedar alí? Se eu fose de Muxía, se eu fose de Muxía e da Costa da Morte... Onde estaba a pedra que poñía parador de Muxía haberá que poñer unha pedra que poña o seu nome e o de Rajoy, e que poña: estes foron os que lle quitaron o parador a Muxía e á Costa da Morte. (Murmurios.) Si, si, si... (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA: Silencio.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: ... dígallo aí. ¡Esa é a verdade! Vostedes son os que llo sacaron. Claro, é que agora resulta aquí, (Pronúncianse palabras que non se perciben.) agora resulta aquí que o que hai que sacar nunca é culpa do Goberno galego.

O Plan eólico, presidente, conselleiro, asignacións, reasignacións... pero se non saben nin as fechas das asignacións. Miren, vóulles poñer máis fácil: fagan vostedes, conselleiro e presidente, o que fixeron co Decreto do carbón; recorran o Decreto do Plan eólico e das primas de renovables. (Aplausos.) Explíquelles aquí por que era bo recorrer o Decreto do carbón e é malo recorrer o decreto que suprime as primas de renovables. ¿Sabe por que? Polo mesmo que era bo apertar o ministro de Fomento para que firmara o Pacto do Obradoiro, e agora cando vén a ministra de Fomento silvan todos e miran para o aire facendo que non saben nada.

Eu dígolle, presidente, pero moi fácil: colla á ministra Ana Pastor e facemos un acordinho pequeno. O primeiro día que veña a Galicia –que, por aquí algo virá– que firme a data do AVE galego; que veña e que firme cando trae o AVE galego. Por certo, o mesmo que lle pedía vostede ao noso ministro. ¿Que cambiou, presidente? Claro... Daquela había que aper-

tar e agora hai que afrouxar. Galicia é o de menos. Se temos infraestruturas viarias ou non as temos, Galicia é o de menos.

E vexo que vostede e os seus asesores saben moito de economía. Xa conseguiron averiguar que hai un sistema onde os que teñen as preferentes... vostede sabe dun sistema que van ao banco, danlle un crédito e queda arreglado. Mañá temos que chamalos a todos, que o van facer todos. ¿A vostede non lle parece raro que se é tan fácil anden partíndose a cara por todos os rincóns de Galicia, podendo tan fácil firmar un crédito e levar os cartos? Non simplifique, presidente. Ten un problema espectacular con eses 100.000 homes e mulleres que non teñen... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Home, ¿vostede algo de presidente de Galicia ten?, ¿é o presidente deles ou son eu? (Pronúncianse palabras que non se perciben.) É vostede o presidente deles, claro, claro, claro. (Aplausos.)

Presidente, imos ver, a ver se eu tivese o acerto –seguro que non o teño– de facer un matiz: cando a alguén lle quitan o que lle sobra pódese chamar austeridade, cando a alguén lle quitan o indispensable póneno na pobreza. E vostede está levando este país non pola vía da austeridade, está colocando a este país na vía da pobreza. Porque cando ao que non ten lle sacan a sanidade, cando ao que non ten lle sacan a educación, cando ao que non ten... (Murmurios.) Si, si, cando ao que non ten lle retiran as prestacións sociais...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: ... iso non se chama levar o país pola ruta da austeridade. (Aplausos.)

Mire, presidente, a vostede houbo un Goberno que lle deixou a Galicia do benestar... (Risos.) (Murmurios.) Si, si...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: ... e vostede vai deixar...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: ... a Galicia do empobrecemento. Vostede vai pasar á historia, presidente, e vostedes van pasar á historia como os que conseguiron as dúas Galicias: a Galicia dos que poden pagar e a Galicia dos que non

teñen para pagar. Esa é a Galicia que están facendo; a Galicia enriquecida dos que poden pagar a sanidade, a educación e os servizos, e a Galicia dos que non poden pagar. E eu recórdolle que era médico no ano 1981 e viñan á consulta a Galicia da beneficencia, a Galicia dos que viñan pedindo axuda. Nós deixámoslles a vostedes un país no que a sanidade, a educación e a dependencia eran públicas, universais, gratuítas e da máxima calidade, e vostedes están desmontando o sistema do estado do benestar.

Presidente; mire, conselleiro,... reláxese, reláxese. Vostede, presidente, pódelle contar aquí á xente o que queira, pero é que a xente está nas rúas; é que os presidentes dos colexios médicos dixéronllo alto e claro: ¡un desastre! Están destruíndo a Galicia do benestar e a Galicia da sanidade. E vén vostede, presidente, facéndome unha proposta de que para arreglalo baixemos os impostos e recademos menos. Non entendo nada ou no entende nada.

Eu fágolle unha proposta. Para vostedes o desmantelamento do Estado de benestar non é un problema de recursos, é un problema ideolóxico. Vostedes aproveitan a crise para desmantelar e dividir Galicia na dos que poden pagar e na dos que non poden pagar. Mire, eu fágolle unha proposta moi concreta que vostede intenta retorcer: o imposto a depósitos bancarios –cónteo todo– lévase aplicando en Andalucía desde o ano 2010. (Murmurios.) Por certo, –tranquila, señora– por certo, lévanllo aplicado sen un só recurso da banca en Andalucía. Non é dicir que hai recursos, non... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) a propia banca...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Perdón, conselleiro, que non está dicindo a verdade. Sen repercutirllo ao propietario dos depósitos. Lean o decreto.

Mire, presidente, (Murmurios.) miren, señorías do Grupo Popular, (Murmurios.) con austeridade soa non saímos adiante, con eficiencia...

A señora PRESIDENTA: Señora Prado.

Perdón, señor Vázquez. (Murmurios.)

¡Señora Prado, chámola á orde!

Continúe, por favor, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Señoría, cun proxecto no que combinemos austeridade e a reactivación económica... Eu fixenlle concretamente unha proposta e digámoslle á banca como lle din nos outros sitios: ¡hai que pagar! Digámoslle á xente que ten capacidades económicas nos tramos altos do IRPF autonómico: ¡hai que pagar! Digámoslles ás grandes empresas, digámoslles aos que contaminan, aos que emiten: ¡hai que pagar! Xuntemos recursos, con diñeiro que vostede agora ten, que nos devolven eses 200 millóns que había que adiantar e que agora non hai que adiantar, destinémoslos ao emprego. Poñamos en marcha unha política de loita contra a fraude fiscal...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: –Remato.–

Poñamos en marcha unha política e fagamos esa oferta: 25.000 becas contrato para xóvenes do noso país; 20.000 postos de traballo en economía social en políticas públicas; axudas de 50.000 euros ao 1 % para as pequenas e medianas empresas. Presidente, vostede ten que tirar da economía galega; vostede non pode ser quen pise a economía galega neste país.

Mire, eu, con todo o respecto e con todo o que lle quero dicir, quero rematar dicíndolle que o presidente da Xunta de Galicia non pode pasar de puntillas sobre o gran problema de Galicia. Eu pídolle a vostede que agora, ao rematar, nos dea datos sobre dúas cousas: primeiro, ¿considera normal vostede ter sido o presidente que impediu a reforma do Estatuto galego? ¿Considera vostede normal, presidente, que sexa o presidente da Xunta de Galicia, que presume de falar en galego, que sexa a persoa que máis dano lle fixo á nosa lingua, ao galego, neste país? Mire, nós, a diferenza de vostede, presidente, para nós o galego non é un problema, non é un lío, non é un inconveniente, para nós non é unha molestia. Para min, señor presidente, e para a maior parte dos homes e mulleres deste país, o galego é unha oportunidade e é un dos grandes soños que tivemos sacalo adiante e defendelo.

A señora PRESIDENTA: Remate por favor, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Remato.

Señora conselleira de Educación, –remato– dígolle que os homes... conselleiro, eu dígolle a vostede que os homes (Risos.)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: ... deste país... Conselleiro, vostede e o presidente da Xunta de Galicia pasarán á historia deste país por ser os principais responsables de ter destruído unha das cousas que nos unía a todos.

Señora presidenta, señorías, señores e señoras deputadas, neste debate queda claro unha cousa: presidente, tres anos despois Galicia está moito peor que cando vostede chegou; non só hai un presidente que non quere abordar nin falar dos problemas deste país, hai un presidente que xa nin tan sequeira é capaz de detectar os problemas deste país; non digo de arranxalos, porque pode ser difícil, arranxalos é unha cousa. Voume deste debate cunha preocupación, presidente: vostede xa non sabe como é Galicia nin como é o noso país. Vostede xa non sabe o que lles está pasando aos centos de miles de homes e mulleres que en Galicia o están pasando mal.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: ¿E saben o que lles cumpría? Cumpríalles un presidente que pensase máis neles e menos en si mesmo.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra don Pedro Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, eu estou de acordo nunha cousa co señor Vázquez: é que está moi claro nesta sala quen é o presidente e quen non o é, é que nada máis hai que escoitalos falar. (Aplausos.) É máis: eu creo que é bastante difícil que algún poida algún día chegar a selo.

Miren, estamos outra vez aquí falando de privatización, de ideoloxía, eu por non cansar a ninguén non vou repetir os

datos, é que foron vostedes os que incrementaron a externalización coa xestión indirecta dos servizos públicos. E tamén quero recordárllelo porque ninguén desmentiu este dato: nestes momentos se descontamos o que gasta o Goberno da Xunta, o que gasta, descontámosllo ou temos en conta o efecto causado polo desconto do 5 % dos funcionarios que lles fixeron vostedes, baixándolle 3.000 euros ao ano a un médico, 2.500 etc., ben, todo iso descontámolo e resulta que este Goberno está gastando 70 millóns de euros máis en educación e en sanidade do que gastaban vostedes no ano 2008 (Aplausos.) con moitísimo máis diñeiro.

Evidentemente, se hai algo que nos preocupa é o paro, e todos sabemos que o paro se resolve con crecemento da economía. E todos sabemos cando chegou este Goberno como era a taxa de crecemento da economía: estaba caendo a economía galega por debaixo do 3 %, a economía española aínda caía máis; levamos dous anos crecendo, cun crecemento positivo; este ano parece que apunta a que poidamos entrar outra vez nunha recesión, confiemos en que a superemos rápido, pero, claro, vostedes o que estaban era nunha situación de afundimento total da economía, co cal é lóxico que calquera comparación non admita ningunha resistencia. É dicir, se vostedes collen a taxa de paro na súa última etapa, pois no último ano do bipartito a caída do paro incrementouse nun 32 %, 51.000 persoas. Agora está crecendo, e nós intentamos arranxar as cousas para que a economía volva crecer. (Interrupción.) Non, non, está crecendo un 10 %. Eu síntoo moito, señora Caride, nós estamos nun paro moi inferior ao do Goberno socialista de trinta anos, hai unha secuencia homoxénea. Andalucía, sempre gobernada polos socialistas, un 31 %. Ben, é certo que alí recadan impostos ás grandes fortunas, aos grandes bancos, que están recorridos ante o Constitucional, porque así teñen máis cartos tamén para gastar nos ERE como se gastan en Andalucía, (Aplausos.) que todos lemos a prensa, pero ben... Estremadura, un 28% de paro, e así e así sucesivamente.

O que é evidente é que se queremos xerar emprego hai unha vía rápida e fácil, que é a que nos leva onde estamos: que gastemos máis, que nos endebedemos, incluso podemos inxectar liquidez, que é o que está facendo o Banco Central Europeo para sortear a crise a curto prazo, que parece que están co famoso helicóptero de Friedman dándolles diñeiro ás entidades financeiras para que se desapalanquen. Ben, isto pode ter certo resultado a curto prazo. Vostedes de feito

fixérono, porque estas taxas de caída do emprego era cando vostedes contrataban a miles, a centenaes de persoas para limpar cunetas durante seis meses, xusto antes das eleccións, ¿non sei se se lembran? Ben, pero iso todos sabemos o resultado que ten: pasan os seis meses, a persoa volve ao paro; evidentemente, a cuneta pasan outros seis meses e volve estar como estaba antes da súa limpeza, ou podemos facer reformas estruturais.

O señor Vázquez citou un informe económico. Se lera un pouco máis que o titular, entre outras cousas, vería que o que lle di á economía galega para saír da crise ese informe do BBVA é que ten que continuar na senda da consolidación fiscal e facer reformas estruturais, que é xusto o que está facendo o Goberno do Partido Popular, pero, ben, como vostedes comprenderán... (Aplausos.)

Sobre as caixas de aforro, eu creo que tamén é conveniente dicir algo, ¿non? Efectivamente, houbo unha proposición de lei do Bloque Nacionalista Galego e o que houbo foi un pacto político co Partido Popular, do que se apartou nun momento determinado –que tamén inicialmente estaba– o Grupo Socialista para a programación desa lei. Vostedes queren apuntarse autoría, eu non, eu creo que é unha autoría compartida. E se algún día alguén por curiosidade quere saber en que se parecen a lei que aprobamos e a lei que presentaron vostedes, que mudou moito precisamente porque houbo un acordo político, non hai ningún inconveniente. Pero iso non é o importante, o importante é que, efectivamente, perdemos as caixas, e perdemos as caixas como consecuencia do Decreto 2/2011 que aprobou o Partido Socialista en solitario, o Partido Popular non o apoiou. En todo caso, iso provocou a súa bancarización.

E nós aquí recibimos unha acusación, porque recorremos ao FROB. Ben, recorremos ao FROB e eu pregunto: ¿vostede estaba de acordo con que aos bancos lles esixan un 8 % de solvencia e ás caixas de aforro lles suban ao 10? ¿Ten iso algún fundamento, con base en que tipo de igualdade ou con base en que tipo de tal? Nós recorrémolo, porque consideramos que non era xusto tratar de maneira tan desigual a bancos e caixas, máxime cando a nosa, cando foi autorizada a fusión –na que vostede polo visto se sentía cómodo–, pois nese momento o que fixo a caixa foi sanear e non capitalizar, co cal os requisitos de revitalización provocaron unha valoración, que, por certo, tamén está recorrida, cousa que ás veces se esquece.

Pero ao final a pregunta, señor Vázquez é: ¿vostede que propón? Porque vostede non propuxo nada, o único que sabemos é que cando hai unha boa noticia, vostede di: eu síntome cómodo, pero non é o que quería Feijóo, e cando hai unha mala noticia, dá igual que a provoque o Banco de España ou quen sexa: a culpa é de Feijóo. Ben, isto é unha forma de facer política que a nós certamente non nos parece a correcta, non nos parece axeitada e non é a que defende o país.

Falouse de Dorian Gray e de distorsións da realidade e de negar a realidade. Ben, eu desde logo vivo en Galicia, e estou moi contento de vivir en Galicia, penso seguir vivindo en Galicia e estando en contacto coa xente de Galicia. E cando vou por aí e comento: mire, este ano non hai que facer ningún axuste adicional no gasto público do orzamento autonómico, 250 millóns de euros, e está xa informado pola conselleira que 100 van ser cunha emisión de débeda, 80 van ser precisamente da norma que aprobamos, que afecta algúns dereitos, que se suspenden mentres dure a crise dos funcionarios; cousa que por certo vostedes dicían por que o aprobamos. (Interrupción..) Pois aquí está, porque nos anticipamos a unha cuestión que... Poñan vostedes en comparanza co que está facendo. (Interrupción.) Non, non, dixeran durante un tempo limitar un dereito que esperamos poder recuperar pronto. Non, pero é que vostedes saben perfectamente que é o que está facendo o Goberno nacionalista de Cataluña, que xa baixou dúas veces o soldo aos funcionarios; saben perfectamente que foi o que fixo o Goberno do Estado, que lles baixou o 5 % aos funcionarios, cousa que queda aí pegada, e evidentemente este Goberno fai estas cousas pois, entre outras cousas, para poder seguir coas pensións e outras medidas destas antisociais que toma o PP. (Aplausos.)

Pero, ben, en definitiva, o que non se pode, porque é ganas de distorsionar a realidade, é dicir que como temos a ideoloxía dos recortes que realmente estamos desexando facer recortes. E agora vén e informa de que vai haber máis recortes porque as previsións de ingresos da Xunta non se van cumprir. Vexamos: os ingresos da Xunta, os impostos, veñen do imposto de sucesións e doazóns, que sabe vostede que non ten nada que ver coa marcha do ciclo económico, non ten nada que ver a morte da xente co crecemento do PIB, e o segundo imposto é o de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Ben, este imposto, dada a actividade inmobiliaria –como vostede sabe–, leva varios anos nos

mínimos históricos, e a previsión que ten incorporado o orzamento é prudente, como foi todos estes anos; por iso cumprimos o que poñíamos que íamos recadar, a diferenza do que facían vostedes. Polo tanto, dicir que vai ter que recortar a Xunta porque os ingresos autonómicos van caer como consecuencia da crise é absolutamente incerto, non é en absoluto correcto.

Ben, con respecto ao Plan eólico, eu supoño, como vivimos no país e pagamos a nosa factura da luz, que vostede terá anotado, e todas as súas señorías, igual que a xente que nos está a escoitar, pois resulta que a luz no ano 2001 co PP baixou, no 2002 subiu un 0,3 %, no 2003 subiu un 1,7 %, no 2004 subiu un 1,7 % e cando chega o PSOE a luz sobe un 5,9 %, no 2007 un 2,8 %, no 2008 subiu un 9 % o recibo da luz, o 5,8 % o 2008 e o último ano 2011 subiu un 10 %. Ben, un podería pensar que iso é para pagar precisamente todo o que contempla a factura, entre o cal se inclúen as subvencións ás enerxías renovables, pero é que non, é que resulta que no PP cando non subía a luz a débeda acumulada precisamente pola tarifa esta eléctrica que subvenciona as enerxías renovables, a media era de 333 anos o que se xeraba que había que pagarlles como compensacións ás compañías. Na época do Partido Socialista temos acumulado unha media anual de 3.620 millóns de euros, é dicir, hai unha débeda acumulada de 27.000 millóns de euros que hai que pagarlles ás compañías eléctricas.

Evidentemente, isto non é por culpa do eólico, e todos sabemos onde están os problemas, que é na solar e na fotovoltaica. Pero como comprenderá vostede, a min, que son galego e que pago o meu recibo da luz, como moitos outros galegos que pagamos o recibo da luz, preocúpanos que por subvencionar enerxías fotovoltaicas fundamentalmente teñamos que soportar unha subida da tarifa da luz desta envergadura, e aínda por riba que o Estado teña unha débeda coas eléctricas desa magnitude. Hai que reformar o mercado eléctrico. Isto é evidente. E tamén sabemos todos –mesmo o portavoz do Bloque o dixo nun debate nesta Cámara– que o eólico galego é competitivo en calquera circunstancia, porque somos unha comunidade moi eficiente na produción de vento.

Con respecto á dependencia. Ben, chegamos ao goberno e había 14.000 persoas atendidas, desde entón ata o de agora 55.000 atendidas en total acumulado, e na actualidade están

sendo atendidos aproximadamente uns 36.000 cidadáns. Efectivamente, hai moita xente á que hai que atender, e xa nos gustaría a nós ter todos os cartos que tiñan vostedes para poder entre outras cousas atender a dependencia, pero evidentemente pouco a pouco irémolo facendo. E non se esquezan de que está pagando a Xunta o 70 % do total do custo do sistema, é dicir, está cubrindo o 20 % que o Estado na súa época lles negou ás comunidades autónomas, especialmente a Galicia, para poder atender mellor a dependencia.

Ben, Muxía, eu disto non sei, pero como non sei vou dicir algo que me parece que é elemental: no ano 2003-2004 o Goberno do Partido Popular fai un Plan Galicia, entre o cal hai a construción dun parador. Ao pouco tempo hai un cambio de Goberno e non hai parador, leva oito anos o mesmo Goberno sen facer o parador. Para isto non hai que facer demasiados cálculos. Claro, estaba incorporado un Plan Galicia que tiña unha especie de denominación escatolóxica pola ministra de Fomento do Partido Socialista, que non imos reproducir, pero que explica algunhas cuestións.

Efectivamente, eu lamento que a posición do Partido Socialista sexa poñer impostos que non dan e que non serven para nada, e que cando se presenta unha medida estrutural, como a que acaba de facer o presidente, que acaba de facer unha proposta para fomentar os emprendedores, a transmisión, o pequeno comercio etc., iso si que non tivo nin sequera unha mínima resposta por parte do líder da oposición. Nós, presidente, animámolo porque o futuro de Galicia está no emprendemento, (Aplausos.) e por iso animámolo.

Señorías, conclúo lembrando unha única cousa: Galicia pasou por moitas, os máis vellos recordan a posguerra, os de mediana idade recordan perfectamente a crise do petróleo; co traballo dos galegos sempre saímos adiante, e aquí temos un Goberno que traballa, que é responsable, e con el imos seguir adiante. (Aplausos.)

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra para pechar o debate o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
Moitas grazas, señoría; moitas grazas, presidenta; moitas

grazas aos voceiros, á señora voceira do BNG e ao señor voceiro do Partido Socialista de Galicia-PSOE.

Señorías, vou intentar responder a algunha das cuestións que me foron plantexadas neste último turno de réplica para pechar este debate do estado da autonomía que acabamos de celebrar durante toda esta xornada.

Señorías, o paro, sen dúbida, é o primeiro problema de Galicia, porque Galicia –como sabe a voceira do BNG– é unha parte de España, e España é o país da Unión Europea con máis paro. Polo tanto, probablemente, señorías, se non estiveramos nesta nación española tiveramos outro paro, pero vostedes que traballaron moito durante cinco anos consecutivos coa política económica que nos levou ao paro deberían, polo menos, non pedir aos demais o que vostedes non foron capaces de facer. Dígoo porque cando vostede di que en Galicia hai un 17 % de paro non é verdade, hai un 18,3 % –en termos de EPA hai máis–, pero en España hai un 23 % de paro, e vostedes durante todos estes anos o que facían era pactar constantemente cos cómplices. Si, señoría, vostede díxome que isto da caixa é un pacto entre o PP e o PSOE para que desaparezan as caixas. É dicir, en consecuencia, segundo o seu criterio, o BNG é cómplice de todos os orzamentos que votou co Partido Socialista Obreiro Español, incluídos os orzamentos que deixaron con cero euros a Muxía, incluídos. (Aplausos.) Si, señoría, incluídos.

Vostede sabe igual ca min que se houbera un contrato homologado, ¿por que non está en vigor? Se houbera un contrato homologado en Galicia, ¿por que non está asinado?, ¿por que os prezos do leite seguían baixando?, ¿por que, señoría? ¿Sabe por que? Simplemente porque non causou ningún efecto esperado. É verdade que podemos meternos nunha sala de xuntas e dicir que chegamos a un acordo e despois o mercado resulta que non respecta ningún acordo dos que se dixeran que se chegaran a eles, e por iso todavía hoxe non hai un contrato homologado nin en Galicia nin en España. Non obstante, señoría, é verdade –e os datos aos que acabo de referirme así o confirman– que traballamos bastante co sector lácteo, que temos agora un sector lácteo que a pesar da crise segue vivo e que, dende logo, unha das cuestións que lle plantexarei ao presidente do Goberno mañá é que hai que poñer dunha vez por todas un contrato homologado para que as industrias e a distribución non fagan produtos pantalla co leite galego, e que non destrecemos un sector que unha

vez destrizado virán os franceses, os daneses e os holandeses dicir canto custa o prezo do leite en España. (Aplausos.) Por iso nós imos seguir traballando durante todo este tempo cos labregos e á súa disposición.

Señorías, di vostede que vai haber unha recesión económica. Supoño que vostede como española sabe que vivimos nunha recesión económica. Dígoo, señoría, porque se vostede non o sabe e cre que isto da recesión económica tamén é culpa do presidente da Xunta, si, e vostede ademais engade: “e como haberá unha recesión económica haberá menos ingresos da Xunta de Galicia e, polo tanto, vostedes terán que facer menos ingresos”, e en consecuencia di: “haberá que facer recortes” ¿En que quedamos? Se hai menos ingresos, ¿hai que facer recortes?, ou se hai menos ingresos, ¿dá igual facer recortes? Se non tiveramos feito o que fixemos dende o principio, agora teríamos que facer recortes. Como fixemos unha política económica gradual, equitativa e anticipatoria, agora no ano 2012 comprometémonos a non facer os recortes que están facendo en todas as comunidades autónomas de España. (Aplausos.) Por iso é moi importante outra vez volver falar disto.

Mire, vostede dáme unha proposta para que, aínda que baixen os ingresos de Galicia, incrementemos a recadación incrementando o imposto da renda a todos aqueles que cobren máis de 100.000 euros. Xa lle dixen que iso supón unha recadación de 6 millóns de euros. 6 millóns de euros é diminuír o 90 % os coches oficiais, que é o que fixemos durante esta lexislatura; si, eses coches onde vostedes viaxaban, eses coches onde os altos cargos viaxaban e eses coches onde agora non viaxamos (Aplausos.) Exactamente, eses coches, si. (Interrupción.)

Si, claro que se ri de que antes había máis de 100 coches e agora hai 16, e rinse diso. Porque, claro, iso da austeridade é unha fantasía, pregúntenlles aos que non teñen coche oficial. E gustaríame saber se os seus altos cargos –o dobre dos que temos nós– estarían dispostos a que lles quitaran o coche oficial. (Murmurios.) Nós quitámosllelo. Vostedes, dobres coches oficiais e dobres altos cargos no goberno máis caro de Galicia na súa historia. (Aplausos.) Iso é o que hai.

Señorías, cando me din que non sei se me entero de que hai uns traballadores que non teñen carga de traballo na ría de Ferrol, ¿como non o vou saber se levo intentando defender

eses traballadores cando estaba na oposición e cando estou no goberno? Cando vostedes votaban sistematicamente cinco presupostos do Estado do Partido Socialista sen que houbera carga de traballo en Navantia-Ferrol durante os últimos seis anos, sen un só contrato novo, ¿por que non ían vostedes a Ferrol e lles explicaban que estaban votando a favor de que pouco a pouco se foran quedando sen carga de traballo, e que hoxe estean obrigados a vir a Santiago para dicirnos que teñen dereito ao traballo igual que o resto dos empregados e dos parados galegos?

Si, señoría, vostede iso de que o traballo é un dereito está moi ben, pero vostedes foron cómplices do Goberno que levou a España durante oito anos a 5 millóns de parados; gústelles ou non lles guste, acépteno ou non o acepten. E unha vez rematada esta sesión, hoxe pola tarde seguirán vostedes reunidos co mesmo goberno, co mesmo Partido Socialista Obreiro Español, en todas as institucións. No Parlamento galego insúltano e nas deputacións e nos concellos gobernan con eles. Esa é a forma de entender o nacionalismo (Aplausos.)

Señorías, vólvolles reiterar que esta é a débeda pública e o incremento da débeda pública en Galicia. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Somos a terceira comunidade...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ... onde menos se incrementou a débeda pública en relación coa ratio débeda-producto interior bruto, a terceira onde menos. E vólvolle reiterar, señoría, que cando vostedes gobernaban tiñan unha débeda pública superior á media de España, e agora temos unha débeda pública inferior á media de España, e creo que iso hai que poñelo en valor. (Interrupción.)

Mire, non teña ningunha dúbida de que lle pasarei os datos dos centros de saúde. Señor Vázquez, vostede comprenderá...

A señora PRESIDENTA: ¡Silencio, por favor!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ... vostede comprenderá que hai un pobo perdido polo mundo que se chama Os Peares e que ten dereito simple-

mente a habilitar un baixo para pasar consulta. ¿Sabe por que? Porque o anterior centro de saúde estaba ao lado do cemiterio, e non creo que sexa a mellor ubicación. (Interrupción.) Señorías, ¿que lle vou facer...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
... se son dun pobo pobre?, ¿que lle vou facer? Hai xente máis rica ca min que viviron en pobos mellores ca o meu, que tiñan centros de saúde e polideportivos e de todo...

A señora PRESIDENTA: Perdoe un momento, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
... Nós non sabemos o que é un polideportivo e temos dereito a ter un centro de saúde nun baixo dun edificio. Claro que si, señoría, claro que si (Aplausos.) (Murmurios.)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
Mire, señoría, non imos parar ata que os estaleiros públicos recuperen a carga de traballo; non imos parar ata que os estaleiros privados recuperen unhas condicións de competitividade co resto dos estaleiros, franceses, daneses ou holandeses, non imos parar; non imos parar de intentar solventar os problemas herdados na lexislatura anterior, non imos parar. Por iso, benvidos os nacionalistas aos problemas do sector naval galego; durante cinco anos dedicábanse a outra cousa. (Murmurios.)

Mire, a factoría naval de Marín...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

Perdoe un momento, presidente.

(Murmurios.)

Por favor, é que son incapaces todos de escoitar con respecto. (Murmurios.) ¡Por favor!

Ten a palabra presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
Grazas, presidenta.

Digo que na factoría naval de Marín as oitocentas persoas da industria auxiliar cobraron todas as súas débedas grazas aos avais da Xunta de Galicia, todas, e os oitenta traballadores que continúan no estaleiro saben que estamos traballando con eles no estaleiro, indo ao estaleiro, para intentar solventar o problema de xestión que ten ese estaleiro. Exactamente o mesmo que fixemos en Bulcano, exactamente o mesmo que faremos en Navantia e exactamente o mesmo que estamos facendo nos estaleiros da ría de Vigo, da ría da Coruña e da ría de Pontevedra, exactamente o mesmo, o mesmo, señoría (Aplausos.)

Reitero: o rexistro de preasignacións cerrou no mes de xuño no sector eólico, do 2009. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Risos.) Deberían de sabelo porque vostedes durante catro anos montaron unha trapallada eólica, que ao final foron denunciados polos conselleiros que formaban parte do seu Goberno e ao final, queridos amigos, señoras e señores deputados, vexo que están moi preocupados polas empresas eólicas, vexo que están moi preocupados porque gañen máis diñeiro as empresas eólicas. (Murmurios.) Non, señoría, non, nós estamos preocupados porque fagan os investimentos que lles corresponden, e téñenos que facer con prima ou sen prima, e se non son capaces de facelo que devolvan os megavatios, volvémoslos licitar, volvémoslos adxudicar e habrá sector eólico e sector industrial en Galicia. Non temos compromisos con ninguén, señoría, con ninguén. (Aplausos.)

Cando prometín o cargo prometín que non ía ter máis compromisos que os intereses xerais dos galegos, ningún máis, con ningunha empresa, con ningún sector. Non, señoría, non se preocupe tanto polas empresas eólicas, preocúpese un pouco máis por Galicia, xa verá como conseguimos que as empresas eólicas gañen un pouco menos, fagan os investimentos que lles correspondan e entre todos volver aos 2.300 megavatios que vostedes foron incapaces de xestionar en plena bonanza económica (Aplausos.)

Señoría, vostede fáleme de nacionalizar os bancos. A verdade é que levan vostedes con esta política económica dende hai vinte anos, eu xa cando ía á facultade escoitaba –naquel momento era o BNG– falar da nacionalización da banca; vinte anos despois volven falar da nacionalización da banca. Pero vostedes estiveron catro anos gobernando en Galicia, ¿que foi o que nacionalizaron exactamente?, ¿por que non

nacionalizaron as caixas ás que vostedes dicían que había que nacionalizar?, ¿por que sen embargo lles permitiron calquera tipo de contabilidade e calquera tipo de resultados ás caixas?, ¿por que a este presidente non se lle deu nin un só papel da situación financeira das caixas de aforros?, ¿por que non se nos deu un só papel da situación das familias que firmaran produtos financeiros chamados preferentes, que agora non poden retirar os seus depósitos? ¿Por que? ¿Ou é que os nacionalistas non formaban parte dese Goberno? ¿Ou é que simplemente dimitían dos seus principios para estar no goberno e volven aos seus principios cando chegan á oposición? (Aplausos.) Señorías, falemos claro.

Mire, señora Pontón, con todos os respectos, non creo que mereza as descualificacións que vostede ten proferido nesta tarde, ¡alá vostede! Xa me quixo despedir vostede hai tempo, nunha pregunta parlamentaria, onde se estreou de voceira. Dixo que quedaba despedido. ¡Home!, eu creo que debe de ser vostede un pouco máis prudente. E agora díxome que era inimigo de Galicia. Mire, señoría, creo que despedir a xente e inimigos xa teñen vostedes bastante, (Aplausos.) xa teñen vostedes bastante de despedir, de dicir que son inimigos e de non aceptar nin sequera a crítica dos seus compañeiros. Xa teñen vostedes bastante de tanto radicalismo e de non aceptar que hai nacionalistas que non pensan coma vostedes, nin que a UPG é o partido do futuro de Galicia. Non, señoría, nin é o partido do futuro nin é o partido do presente, e moito me temo que se seguen vostedes por aí cada día terán máis inimigos e máis despedidos dentro do seu grupo. (Aplausos.) Pódollo asegurar, señoría. (Aplausos.)

Señor Vázquez, eu comprendo que ir os domingos ao cabo Touriñán é unha marabilla, eu comprendo que ir á Costa da Morte xantar é todo un impacto paisaxístico que non esquecemos nunca. O problema é da xente que se queda os luns, os martes, os mércores (Murmurios.) e os xoves, e así todas as semanas do ano, todos os meses do ano, (Aplausos.) mentres vostedes regresan ás vilas, ás cidades e aos despachos. Pero crear traballo no litoral galego é unha obriga, defender o medio ambiente tamén é unha obriga e compatibilizar o desenvolvemento sostible é xustamente o que estamos intentando facer dende o Goberno. Despois din que hai moito paro; espero, señoría, que polo menos na Costa da Morte vostedes falen do paro e da marabilla que supón non ter ningún tipo de estrutura económica nesas zonas.

Pódolle asegurar que temos un Plan de acuicultura, un Plan director da acuicultura e un proxecto de acuicultura. E espero e desexo que as plantas de acuicultura se poñan na Costa da Morte porque é un lugar axeitado para asentamento da poboación. E por iso estamos facendo unha autovía á Costa da Morte. Xa sei que os cadros económicos non nos empuxan a facer ese investimento, xa sei que pode ser moito máis produtivo facelos noutros lados, xa o sabemos. Pero tiñamos un compromiso, nós tiñamos o compromiso de facer unha autovía á Costa da Morte no Plan Galicia. Vostedes tiñan un compromiso de facer o parador de Muxía, nós estamos facendo a autovía da Costa da Morte, e en oito anos non tiveron tempo nin sequera de iniciar o parador de Muxía, (Aplausos.) nin sequera. (Aplausos.)

Señoría, di vostede que lle gusta a empresa Tragsa, non, se xa o sabemos, (Risos.) se xa sabemos que coa empresa Tragsa vostede si que fixo marabillas. (Murmurios.) E xa sabemos que coa empresa Tragsa vostedes contrataron 3.000 persoas cando empezaban a campaña electoral do ano 2009 para limpar cunetas e as marxes dos ríos en plena enchente dos ríos e en pleno inverno do ano 2009. Polo menos tiñan sorte, no ano 2009 chovía, agora non chove, iso si que é verdade que tiñan vostedes sorte, e nós non. (Aplausos.) 3.000 contratados. (Aplausos.)

Agora, señoría, non é razoable que vostede me diga que se incrementou a lista de espera. Porque se tiñamos unha lista de espera de 41 días para as patoloxías graves e agora 16 é que baixaron. (Interrupcións.) Non soamente iso é verdade senón que tamén é verdade... (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):... que tiñamos 76 días (Murmurios.) e agora hai 59 para as patoloxías... (Interrupcións.)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¿E sabe por que? Por dúas razóns: a primeira porque operamos máis, 23.000 persoas operadas máis, e a segunda porque conseguimos que a industria farmacéutica gañara un pouco máis e nós os galegos gañáramos un pouco máis; eles

un pouco menos e nós un pouco máis. (Aplausos.) E con 100 millóns de euros operamos a moita xente no Servizo Galego de Saúde. (Aplausos.)

Si, señoría, sobre o seu protagonismo no sector eólico durante a súa etapa de conselleiro non vou facer comentarios; remítome ás hemerotecas e ao publicado. O que vostede lle dixo ao conselleiro de Industria do Goberno nacionalista está publicado. Os seus representantes e outras compañeiras súas levantábanse das mesas de contratación. Si, señoría, si, Galicia resiste todo, incluso ese tipo de comportamentos desleais dentro dun mesmo Goberno.

Pero, mire, a nós o que nos preocupa –insisto– é que aqueles que queiran investir no eólico invistan e se non que deixen os megavatios, que virán outros investir. Jealsa, Gas Natural, CFV Veterinaria Porriño-Mos, o CIE Automotive e Vestas, en Viveiro, están cumprindo o plan industrial. E así terán que cumprilo todos e cada un dos adxudicatarios, se non perderán a adxudicación eólica e virán outras empresas facer os megavatios eólicos en Galicia. (Aplausos.)

Señoría, insiste vostede en que temos que subir o IRPF, o imposto do patrimonio, o imposto de sucesións e que temos que cobrar unha taxa bancaria. Concreto exactamente a proposta. Mire, eu o que si lle podo dicir é que dende que estamos na Xunta temos un plan contra a fraude fiscal que vostedes nos botan en cara. E o que si lle podo dicir cos datos do Plan de fraude fiscal é que no ano 2011 liquidamos 150 millóns de euros máis polos impostos autonómicos dos que liquidaron vostedes no ano 2008. (Murmurios.) Para iso non é necesario subir os impostos, é necesario pagar os impostos que a lei obriga.

Polo tanto, señoría, non é necesario importar taxas fiscais nin taxas bancarias dos lugares máis pobres de España; o que é necesario é crear emprego, o que é necesario é que un pai lle poida deixar ao seu fillo diñeiro sen pagar impostos sempre que o dedique a abrir unha tenda, un comercio ou unha empresa; o que si é necesario é diminuír os impostos cando alguén quere investir en Galicia.

Por certo, señoría, dime que o tema do banco está abocado ao fracaso. Vostede, coma sempre, coa súa sutileza: opción A, fracaso; opción B, fracaso; en definitiva, fracaso completo. Se lle dá igual. É dicir, se vostedes que acabaron coas cai-

xas por un déficit da supervisión do Banco de España continuado, se vostedes que fixeron dous reais decretos leis con 90 días de diferenza, agora resulta que se o banco é capaz de capitalizarse tamén é un fracaso porque consegue capital foráneo. ¿Sabe vostede que o Banco Santander máis do 50 % do seu capital é estranxeiro? ¿Cal é o problema en consecuencia? ¿Ou cre vostede que os bancos españois ao 100 % son españois? Non, di: se o Banco Santander compra é un fracaso e se o banco é capaz de recapitalizarse tamén é un fracaso. Pero, mire, poñamos diñeiro, se hai fondos de inversión que queren capitalizar non se preocupe, señor Vázquez, que sairá á bolsa o banco, e aí todos os galegos poderemos comprar accións dese banco e poderemos conseguir o capital que consideremos oportuno. Non deixe constante e continuamente, non deixe sempre, sempre, sempre poñendo o pau nas rodas para que nada funcione, para que ninguén consiga nada en Galicia. Non, señor Vázquez, no tema do banco non podo admitir a súa postura, láméntoo. (Murmurios.) Noutras cousas, probablemente. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Non, non xogou limpo; non xogou limpo nin con esta Cámara, nin con estes grupos parlamentarios, nin cos galegos. (Aplausos.) Estivo enfronte do banco todos os días, señoría, todos os días. (Aplausos.)

Si, señoría, comprendo que o tema das preferentes agora resulta que é dun deputado que se senta no escano do presidente. Claro que cando se emitía o 80 % das preferentes cando vostede era goberno, diso vostede non é responsable. Dos millóns de preferentes que hai en Andalucía supoño que o responsable será o señor Griñán, ¿vostede cre que é así? ¿Vostede cre que é así que dos millóns de preferentes que hai en Euskadi o responsable é o lehendakari López? ¿Vostede cre que é así?, ¿verdade que non? ¿Por que intenta enganarnos a todos? Pero plantexa unha postura. Tiña vostede antes un portavoz en economía, por certo, con bastantes máis coñecementos que o que ten agora, (Interrupcións.) con bastantes. Procure revisar o que dicía o portavoz de economía... agora cando vostedes dicían unha cousa e a contraria. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Si, señoría.

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Si, señoría, as notas en política tamén existen. Di vostede que levo tres anos de presidente da Xunta suspendendo en

todas as variables, en todas as propostas e en todas as empresas que pretendín. Mire, señoría, en tres anos de presidente da Xunta examineime tres veces... (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):

... Examineime nas eleccións europeas, examineime nas eleccións municipais e examineime nas eleccións xerais. Creo que toda Galicia sabe quen aprobou e quen suspendeu de forma estrondosa. (Aplausos.) O Partido Popular gañou e o Partido Socialista perdeu. (Aplausos.) É así, señoría, como nos examinamos en política, porque algúns cren que isto de examinarse en política é vir aquí e dicir o que se nos ocorra. Non, non vale dicir o que se nos ocorra, e por iso creo máis que nunca que é necesario falar de verdade. E a verdade é que Galicia está mal, pero está mellor que o resto das comunidades autónomas. E a verdade é que Galicia está mal, pero está mellor que España. E a verdade é que Galicia ten a metade de déficit público das comunidades autónomas restantes, cinco veces menos de déficit público que España, e estamos por debaixo, á metade, do déficit público dos principais países de Europa.

Xa comprendo, señoría, que iso do déficit a vostedes igual non lles interesa porque, dá igual, se cando gobernan sempre deixan a deber; se cando gobernan sempre deixan porcentaxes de paro superiores ao 20 %; se cando gobernan, señoría, aproban leis e despois non traen memoria económica. Señoría, cando fun presidente do Insalud no ano 1996, atopeime cun burato de 1 billón de pesetas no Sistema Nacional de Saúde. Melloraron: agora en oito anos de Goberno socialista non deixaron 1 billón de burato no Sistema Nacional de Saúde, deixaron 2 billóns de pesetas –preto de 18.000 millóns de euros– a deber ao Sistema Nacional de Saúde. Non se preocupe, señoría, imos pagar o que deixaron a deber, imos seguir traballando máis na sanidade, imos seguir facendo máis hospitais públicos que en época de benestar, imos seguir rebaixando as listas de espera. E o noso compromiso é acabar a lexislatura cun Servizo Galego de Saúde máis forte, máis saneado e máis público que o que atopamos cando chegamos ao goberno. (Aplausos.)

Permítame que finalice con algunhas consideracións en relación con outros asuntos:

Mire, señor Vázquez, o feito de que vostede diga que a súa política de igualdade é o que dixo o BNG porque non tiña máis tempo é o seu problema. Vostedes tiñan dous organismos autónomos para política de igualdade e, en consecuencia, dous altos cargos, e nós temos un. Si, si, unha secretaría xeral e outro organismo autónomo con rango de dirección xeral. Nós temos un porque entendemos que non podemos vivir empufados.

A política lingüística. Señoría, pero na Lei de política lingüística está este partido e este Goberno, (Murmurios.) no Plan de normalización lingüística está este partido e este Goberno. Agora ben, no Decreto de política lingüística imposto polos nacionalistas e os socialistas non está nin este partido, nin este Goberno, nin a maioría dos galegos e das galegas. (Aplausos.) Non estamos, señoría. (Aplausos.)

Comprendo, señoría, que isto do galeguismo é un concepto moi utilizado por case todos. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Non, non, se estiven lendo con moito interese os debates interesantísimos que tiveron vostedes esta fin de semana, onde a metade do Partido Socialista lle dicía a vostede que tiña que dar un xiro en favor do galeguismo. Lamento que os que querían que o señor Vázquez xirara a favor do galeguismo perderan o congreso por 33 votos, pero é o que hai. Resulta que os seus cren que vostede é pouco galeguista, vostede cre que eu son pouco galeguista e os nacionalistas rinse de vostede e máis de nós. (Risos.) (Aplausos.) Ese é o problema, señoría, ese é o problema. (Aplausos.) Si, ese é o problema. (Aplausos.) Mire, señoría, se vostede quere saber o galeguista que son vaia ver onde nacín e fale coa xente onde nacín para que vostede me veña a min dar clases de galego, de galeguista, (Aplausos.) de amar a Galicia. (Aplausos.) Non, home, non. (Aplausos.)

Dicirlle a este deputado que non coñece Galicia, ¡home!, polo menos distingo entre concellos que distan entre si 80 quilómetros. (Risos.) Porque se non sei onde está Ponteceures e non sei onde está Cesuras é que entón non sei onde está Galicia. (Aplausos.) Pero de momento seino, señoría, de momento seino, hai 80 quilómetros de diferenza. (Aplausos.) Pero si lle quero agradecer –e cóllolle a palabra– de que vostede nos vai apoiar coa fusión voluntaria –insisto o de “voluntaria” porque este é o acordo, e espero que o BNG tamén se sume–, a fusión voluntaria dos concellos galegos. E creo que iso é unha gran resolución que podemos pactar

mañá no debate e mañá nas propostas de resolución. Gustaríame que así fose.

Mire, señoría, dicir tamén que non fixemos o Estatuto de autonomía nesta lexislatura, pero vostede sabe exactamente igual ca min que se necesita para reformar o Estatuto un dous terzos da Cámara. E vostede sabe exactamente igual ca min que para reformar o Estatuto necesitamos partidos cohesionados, grupos parlamentarios cohesionados e liderazgos cohesionados. (Murmurios.) Nin houbo grupos cohesionados, (Aplausos.) nin houbo partidos cohesionados, nin houbo liderazgos cohesionados. E iso ten un problema, señoría. O cal non significa que vostedes poidan solventar os seus problemas, como parece que xa o acadaron definitivamente, e poidamos facer unha reforma constitucional do Estatuto de autonomía noutro momento.

Mire, (Pronúncianse palabras que non se perciben.) vostede di que tres anos despois Galicia non fixo os seus deberes. Eu creo que os galegos e as galegas fixeron os seus deberes, e creo que é moi importante recoñecer que Galicia se anticipou á responsabilidade e ao sentido común. Anticipámonos os galegos e as galegas á austeridade, á racionalidade, ao rigor e á eficiencia na administración pública.

Xa lle digo que os galegos e as galegas imos continuar pola senda da racionalidade, do rigor, da eficiencia e da solvencia da Comunidade. E xa lle digo tamén que queremos seguir anticipándonos ao resto de España. E por iso estamos buscando alianzas cos concellos que voluntariamente queiran sumar para ser máis. E por iso a anticipación en políticas responsables nos ten permitido que hoxe poidamos dicir que Galicia está controlando as súas contas públicas, que está controlando o equilibrio das contas públicas e que no ano 2012 nos comprometemos todos a volver cumprir os criterios de equilibrio das contas públicas os catro anos completos da lexislatura.

E iso, a anticipación, permítenos seguir sendo a Comunidade Autónoma que mellor paga ao resto dos provedores e aos contratistas da Xunta. E dicir que estamos incrementando as políticas sociais en plena crise, cun incremento de máis de 5.500 prazas de garderías, de 40.000 alumnos (Pronúncianse palabras que non se perciben.) que están con ordenadores nas aulas e de 31.000 rapaces que están estudando inglés, ademais da lingua propia de Galicia e do español.

E esa anticipación permítenos seguir mantendo e incrementando os servizos públicos esenciais, con 2.000 prazas de residencias, con tres novos hospitais funcionando: o de Lugo, en plena construción o de Vigo e en expropiación o de Pontevedra, e con catro reformas de grandes hospitais: o da Coruña, o da Mariña, o do Salnés e, por suposto, a licitación inmediata do Complexo Hospitalario de Ourense. (Murmurios.) E cunha medida inédita, señoría, unha lei que establecerá...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
... unha espera máxima para os pacientes, é dicir, para os propietarios do Servizo Galego de Saúde.

Señorías, non hai lugar a frivolidades, non hai lugar a improvisacións e non hai lugar para o conformismo. Señorías, non me conformo. Non me conformo con que en Galicia só nos dediquemos a controlar con rigor as contas, ou só nos dediquemos a ser máis solventes que no resto de España, ou a incrementar as prestacións esenciais en plena crise, ou a ter 4,5 menos de paro que o resto dos españois. Non me conformo porque sei, por exemplo, que aos traballadores do naval non lles basta con que un Goberno os apoie ou que un Parlamento os apoie; os traballadores do naval queren que haxa carga de traballo nos estaleiros públicos de Ferrol e que volvamos outra vez construír barcos na ría de Vigo, na ría de Pontevedra e na ría da Coruña. (Aplausos.) Non me conformo, señoría, non me conformo con que ás mulleres e aos homes do rural os defendan o Goberno galego e as deputadas e os deputados galegos; necesitan concrecións e necesitan políticas concretas. E non me conformo con que haxa en Galicia 274.675 galegos e galegas en paro. Non me conformo porque simplemente dicir isto, e non atopar unha solución para o seu desemprego, (Pronúncianse palabras que non se perciben.) é simplemente unha discusión dialéctica. Non me conformo, señoría, e por iso me parece que temos que seguir mellorando.

Sen dúbida, é complexo acertar coas solucións para tan graves problemas. Pero pódolles asegurar a todos os galegos que hai erros dende o Goberno que non imos volver repetir. É duro ter que dicir a verdade, pero tamén lles podo asegurar aos galegos e ás galegas que non imos mentir como se mentiu en Galicia e en España nos últimos anos. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

cianse palabras que non se perciben.) E é difícil gobernar un país en plena crise coma esta; xa o sei.

Invítoos, señorías, a seguir con humildade, a seguir con traballo e a seguir con determinación; a seguir facendo con rigor; a seguir facendo e asegurando as prestacións públicas e máis servizos públicos en época de crise económica; a seguir facendo co sentido do deber e da responsabilidade todas as decisións que adoptemos durante o noso mandato. Consciente de que sofren os cidadáns, consciente de que é necesario plantexar políticas de confianza, señorías, conscientes dunha cousa fundamental, que é poderlles mirar aos ollos ás galegas e aos galegos e saber que non lles mentimos (Pronúncianse palabras que non se perciben.) nin un día...

A señora PRESIDENTA: ¡Silencio, por favor!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
... nin unha hora, nin un minuto. E non lles imos mentir nin un día, nin unha hora, nin un minuto. (Aplausos.)

Máis nada, señorías.

Moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Os grupos parlamentarios poden presentar propostas de resolución ata antes das nove e trinta horas de mañá, mércores día 14 de abril.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dezoito horas.

Moitas grazas e boa noite.

Suspéndese a sesión ás nove e trece minutos da noite.



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25